O fillo menor de Tomás Deibe Pérez, Manuel, xa falecido, sendo neno e para facer exercicios de caligrafía, deulle por copiar nunha libreta dúas cartas que escribira o seu pai; unha estando prisioneiro en Cavite-Manila e dirixida ós seus tios, e a segunda, xa na casa, dirixida a D^a Antonia Martínez, nai do seu capitán, en contestación á súa invitación de pagarlle a viaxe a Madrid para que lle contara como morrera o seu fillo.

Manila, 24 de Junio de 1898

Querido tío, me alegrará que la presente les halle buenos de salud en compañía de las personas de su mayor agrado, yo muy bien a Dios gracias. Mi querido tío y tía, no sé como darles a Vd. comprender el triste y desconsolado compromiso que me he visto sin tener esperanzas que me satisficiera para poder dar a Vd. un poco detalle, hoy ya es otra cosa.

Atacados por los insurrectos el día 30 de Mayo, siendo un número de nueve mil enemigos, armados, para 30 soldados que éramos, y teniendo un nutrido fuego, y al llegar nosotros al pueblo que íbamos en defensa de otros 50 que ya tenían dos días de fuego, no ubo para nosotros más remedio, que acampar dentro de un convento, en el cual nos defendimos cuatro días sin auxilio que nos satisficiera, el cuarto día nos prendieron fuego al convento, tuvimos que caer en poder de ellos, yo caí herido con una pequeña contusión en la cabeza, de la cual me hallo bueno.

Hemos estado 20 días en poder de ellos, y viendo el cabecilla de la República que no era posible atender a tantos heridos, que no había medicinas, pues puso un parte a nuestro general para que viniese a por todos los heridos, a nosotros nos conducieron a Cabite donde ya tenían mas de 2.000 prisioneros, y varios muertos y heridos. Suerte era que yo tenía una pequeña herida, y sino también hubiera quedado allí prisionero, muriendo de necesidades, la comida que nos daban era arroz molido, y muy poco, ahora aquí en el hospital nos apagamos nuestra necesidad que se apoderase de nosotros. Mire tío, éramos 10.000 soldados los que componíamos este Ejército, me creo que no me engañaré, y hoy ya no seremos 5.000 los que existimos. Todas las provincias han sido ganadas ya solo queda que ganar la pequeña plaza de Manila la cual la tienen sitiada, ya no tenemos mas amparo que el de la Providencia de Dios, todo el armamento es de ellos sino fuera por los cañones ya estaríamos muertos, el Gobierno de España nos ha olvidado por completo, y lo mismo nos ha vendido.

Tío estas serán las últimas palabras que a Vd. podré darles. En Manila no llegarán a 4.000 los que estamos sanos que el que no le han matado está prisionero, como ha sido que todos los filipinos, mujeres y niños, se han sublevado a los pobres destacamentos, que en unos estaban 30 y en otros 40 soldados y a todos los han ido matando y cogiendo prisioneros.

Adiós mi querido tío y tía se despide de sus palabras y de sus niños, de todos mis amigos y conocidos, y de todos mis parientes y quiero que a mis padres tanto como a mis hermanos no les participe a Vd. que si Dios no pone sus medios será nuestra víctima dentro de muy poco tiempo, y me moriré sin despedirme de todos mis parientes, hermanos, padre y madre, deales Vd. por Dios un cariñoso abrazo a mi querido padre y lo mismo a mi querida madre y a mis hermanos y Vd. recibe la mas tierna y cariñosa despedida de su sobrino lo que participará a todos los del pueblo de Orosa.

Adiós padre y adiós madre moriremos por no tener hombres fieles en España.

23 de Noviembre de 1902

Sra. Dn Antonia Martinez.

Muy distinguida señora, obra en mi poder la suya con fecha del día 2 del presente, enterado de ella veo que me pide una relación acerca de los trabajos que hemos pasado desde ahora hasta rendirnos al enemigo, pues estando yo en el destacamento de Samál yo y otros varios compañeros y a las órdenes del señor teniente Cajal, llegé al Capitán Dn. Emilio Salazar Martínez con pequeño numero de soldados diciendones que nos preparásemos para caminar a Valanga a darle auxilios al Teniente Coronel Dn. Bernardo Valcaro que copado se hallaba por un numeroso numero de insurrectos dentro del convento de dicha capital Valanga, pues nosotros no fue posible entrar a junto de ellos ni de noche ni de día porque los enemigos han tenido parte que nosotros íbamos a darle auxilios a los nuestros, y al llegar inmediatos al convento una noche fuimos tiroteados por los enemigos y tuvimos que retirarnos al medio de unos zarzales y allí nos colocó el señor capitán por ver si no le hacían vajas en sus fuerzas y allí nos colocó para el resto de la noche y después nos marchamos otra vez de vuelta a Vayané y al entrar en dicho pueblo donde se encontraba el señor coronel llamó a nuestro capitán y le dijo como se encontraba Valanga, y el capitán contestó que muy mal que no era posible entrar en Valanga con tan poca fuerza, y el señor coronel contestó que no había mas remedio que entrar que dieran rancho a la fuerza y que nos preparáramos para marchar al momento otra vez a Valanga y no tuvimos mas remedio que marcharnos y llegando a la mitad del camino pasamos un puente llamado de Illabatán y dice la vanguardia que el puente estaba cortado y mandó nuestro Capitán que hiciese alto la fuerza y se ha puesto delante mirando con el antejo en la mano y nos dice que diéramos media vuelta en retirada que al momento seríamos copados

por las fuerzas enemigas que en el puente tenían dos cañones y que las fuerzas se extendían por el medio de los sementales para cortarnos otro puente que nosotros habíamos pasado para cogernos en medio de los dos puentes, gracias a las disposiciones del señor Capitán porque el dijo que no nos descuadraríamos en el camino hasta llegar al pueblo de Samal, que allí entraríamos adentro del convento y allí nos pasamos aquella noche tranquilos hasta el otro día que a las doce del día llegó una compañía de macabebes y salió nuestro Capitán a verla y le dijo al Capitán macabebe que a donde iba con aquella fuerza, y contestó el macabebe que iba a Valanga a darle auxilios al Teniente Coronel que copado se hallaba entre los insurrectos y le dice nuestro Capitán que no fuera, que era imposible entrar con la fuerza que llevaba, y él le contesta diciendo con mi fuerza entro en cualquier parte, dice Don Emilio pues vaya Vd. a verlo y él así lo hizo pero a corta distancia de nosotros se encuentra con un gran numero de enemigos y dieron principio a un fuego tan terrible que ya casimente no se veían los hombres en medio del fuego, dice nuestro Capitán que formáramos corriendo 30 hombres para ir a salvar a los macabebes que muy pronto les mataban a todos, pues al llegar nosotros a junto de ellos, dice nuestro Capitán al macabebe que retirara delante de él que él se quedaría en la retaguardia con los españoles y todos nosotros haciendo fuego en retirada para que nos dieran tiempo a llegar al convento y al llegar nosotros a dicho sitio entran los enemigos a fuego sobre nosotros y entonces dice nuestro Capitán a dos espollistas que fueran a recoger los caballos para adentro para nuestra alimentación y otros dos a por agua y ninguno ha vuelto adentro y allí nos hemos pasados desde el 29 hasta el 2 o 3 de Junio sin tener socorros ni auxilios de nadie, noches y días siempre en fuego, también se presentó un barco con una bandera española y nosotros muy contentos creyendo que en él venían auxilios para nosotros, y resultó de manera que no han traído auxilios ni socorros, nada mas nos llevaron un escrito del Teniente Coronel por mano de un corneta, diciendo que nos entregáramos que todos estaban entregados y nuestro valeroso Capitán sentía mucho encontrarse a las órdenes de los enemigos, así que nos resistiremos hasta la última hora, y nos han puesto fuego al convento donde nosotros nos encontrábamos y que llevando el fuego gran velocidad sobre nosotros los enemigos atacaban con un fuerte fuego y gritaban que nos entregáramos que ya no nos quedaba mas remedio que morir, con cañamazos que arrimaban al convento, donde allí tuvimos varios muertos y heridos que las balas entraban adentro, y luego llamó nuestro Capitán al sargento José Dono que nombrara dos españoles y dos macabebes para que echaran los muertos afuera por medio de una puerta falsa como a mí me toco y a un catalán despacharlos afuera por los malos olores que de ellos producían triste era salir afuera con dichos cadáveres que nosotros conducíamos, y de suponer era que allí fuera nuestra víctima con el fuerte fuego que el enemigo arrojaba sobre nosotros y al regresar nosotros de arrastro por el suelo desde que nos vimos adentro muy contentos por volver a ver a nuestro Capitán y compañeros esto fue el 1o de junio y el día 2 o 3 fue cuando incendiaron el convento con un fuego muy tremendo, todos tristes y cobardes al ver que teníamos que ser quemados entre las llamas y ruinas de aquel convento, y dice nuestro Capitán, hijos míos moriremos abrasados si entregamos nuestras armas, miramos unos a otros y nadie le contestó pero algunos decían a voz baja que más bien sería el salir afuera y morir matando. Entonces llamó a un corneta que con nosotros se hallaba y le dijo que tocara alto al fuego, así también contestó el enemigo, y entonces nuestro Capitán llamó al cabecilla que mandaba la partida y se acercó diciendo que era lo que le quería y contestó nuestro Capitán que si no nos maltrataba a los españoles que se entregaría con sus fuerzas y armas, y él contestó que a los españoles que no les maltrataría, pero a los macabebes que tenía de matarlos como así sucedió, y entonces dijo a nuestro Capitán que arriba teníamos que dejar las armas en la sala y fuimos saliendo afuera del convento todos de a uno primeramente los españoles y nos han formado y estando puestos en la fila entró una porción de insurrectos y principia a tirar de sus machetes para matarnos a todos al sargento José Dono ya le separaron la cabeza del cuerpo y varios muertos y heridos y allí fue donde a mí me pegaron un machetazo en la cara y pescuezo, gracias que llegó el jefe de la partida con un fusil en la mano separando sus fuerzas para que no nos maltrataran mas luego nos condujeron a un pueblo que se llama Abucai y allí nos dieron un poco de arroz que fue el primer socorro que hemos recibido del enemigo que hambre y sed no nos faltaba y al terminar de tomarlo dice nuestro Capitán que fuéramos todos los heridos a un retiro para hacer las curas y él nos acompañó. Yo fui el primero que me han dicho títate esa venda que tienes puesta en la cara y a nuestro capitán le llamó la atención y al mirarla ha vuelto la cara, diciendo, hijo mío del alma, como te han puesto, y allí estuvimos una noche y al otro día nos marchamos a Valanga, y de allí nos embarcaron a Cabite y nos llevaron a una oficina a darnos declaración y preguntándonos los nombres de las provincias y de los padres y luego los heridos al hospital y los que no estaban heridos a un cuartel los llevaron y allí fue donde yo me despedí de nuestro valiente Capitán D.E.P.D. a los dieciocho días, mandó un parte el cabecilla Aguinaldo a nuestro capitán que vinieran por los enfermos y heridos para el hospital de Manila, y al momento llegaron los médicos de Sanidad a por nosotros, dice una voz que el que pudiera levantarse para llegar a Manila que se levantara y el que no pudiera que vendrían las camillas a buscarlos. Y así lo hicieron, allí sería nuestra víctima gracias al divino Creador del Universo que ha tenido tanto interés por nosotros. Todos estos fueron los cautiverios que allí hemos pasado en Filipinas.



Fig. 4.- A malla do arroz, alimento básico en Filipinas.

FIN DUN IMPERIO COBIZADO

No 1580, coa anexión de Portugal, o Imperio Español acada a súa máxima extensión. Eran "mares exclusivos" das potencias Ibéricas, as dúas encrucilladas comercialmente claves: as Antillas e os estreitos do S.E. de Asia.

La Habana | Sevilla e Malaca | Lisboa, son rutas de grandes riscos pero ofrecen inmensos beneficios. A terceira ruta que se establece Manila | Acapulco pretende dominar o comercio con China e Xapón, completándose a «Monarquía Universal».

En Europa, os porteadores que distribúen estas mercadorías eran os holandeses (e ingleses). Transportaban desde antigo o sal portugués e a lá castelá cara os portos do norte. Princiaron a facelo tamén cos novos produtos tropicais, as especias e a prata, ó tempo que acumulaban capital fortalecendo as súas producións de artigos manufacturados para á exportación, consumidos mesmo na Península Ibérica.

Felipe II, que algún día debeuse de sentir coma o Primeiro Señor do Mundo, chegou a vivir o comezo da fin. Pero o Imperio aínda resistiría 300 anos.

Aínda que moitos aspiraron á «parte do león» dese comercio mundial, foi o «moderno» Imperio Holandés quen asestou os primeiros golpes importantes na súa guerra de Liberación (que eles chaman dos 80 anos), extendéndose ás accións bélicas por tódolos mares; conquistaron territorios nas Antillas, desaloxaron ós portugueses de Malaca e tentaron facelo cos españois en Manila. Un dos máis espectaculares golpes foi no 1628, cando apresan a «Frota da Prata» fronte a Matanzas (Cuba), 136 anos despois do primeiro viaxe de Colón.



Fig. 5.- O "líder" independentista Aguinaldo cun grupo de seguidores.

A continuación o Imperio Inglés, que tiña que «dixerir» inmensos territorios en América do Norte, India, e Australia, estaba máis interesado en establecer unha segura cadea de «Xibraltar» que en custosas conquistas territoriais contra «El Rey». Evidentemente sempre que resultara rentable golpeaba ó vello imperio, así, nunha exhibición de poder, no 1762, ocupou simultaneamente La Habana e Manila, 134 anos despois do éxito holandés.

O terceiro Imperio que se enfrentou co Español, comezaba a súa expansión cando xa non quedaba mundo sin propietario «civilizado». Rematou a faena apropiándose dos restos, agora hai cen anos, coincidindo novamente a fatídica cifra de 136 anos despois do *dobrete* inglés.

Os papeis xa estaban repartidos tempo atrás, agardando os EEUU que a froita madurase. Ben sabido é que a catástrofe do «Maine» aconteceu no lugar e momento oportunos.

Lamentablemente a crise que provocou en España a «perda do Imperio» realmente non supuxo unha autocrítica veraz, pois incluso un dos máis preclaros pensadores, Joaquín Costa, animaba a sermos «alguén» en África.

Marruecos xa custara moitas vidas, pero sería neste século cando viría o peor, embarcándose novas quintas en aventuras de moi dubidosa rentabilidade e nulo «prestixio».

Hoxe en día o «lexítimo dereito de conquista» aparece vencellado a mentalidades trasnoitadas e actitudes imperialistas e racistas de escasa popularidade. Pero hai cen anos era a ideoloxía dominante, para desgracia da xente de paz.

A Guerra de Filipinas a través de "La Voz de Galicia"

EL PATRIOTISMO DE GALICIA

(16-VIII-1896)

Se han celebrado ya los oportunos sorteos en toda España, para la designación de los oficiales y soldados que han de componer la próxima expedición militar a Cuba

Aquí en Galicia, sin agitaciones filibusteras ni manejos revolucionarios que no arraigan nunca en esta tierra en momentos de prueba para la patria; sin los malestares de Valencia, Barcelona, Alicante, Zaragoza ni Cádiz; sin una protesta, sin un síntoma de disgusto, se ha realizado el sorteo y se llevan a cabo los preparativos de la marcha.

El patriotismo gallego, frío y sereno como su raza, verdadero patriotismo del Norte, que obedece y no discute, siente y calla y llega a las más sublimes abnegaciones por la Patria, se ha demostrado una vez más. Nadie ha tenido en cuenta para lamentarse, sino para enorgullecerse, que Galicia es la región española que proporcionalmente tiene más soldados en Cuba y la madre gallega, prototipo de la ternura, tan amante de sus hijos como la que más lo sea, pero también la más abnegada de las mujeres españolas, no ha realizado algaradas por las calles llevando como lema «No más soldados a Cuba»; no ha hecho oír la voz de sus egoísmos maternos, sufre, pero se resigna y calla...

España manda a Cuba la flor de su juventud, y Galicia la secunda. Si llega el caso, enviará el último centenar de sus hombres útiles para mantener la integridad del territorio y el honor de su bandera, y agobiada por el sacrificio, pero realizándolo con el supremo convencimiento de que cumple su deber, ni se reprochará por haber dejado ir sus hombres y su dinero, ni se oír otro grito en la tierra gallega, aunque sobrevinieran los más tremendos acontecimientos, que el potente y vigoroso de ¡Viva España! Proferido ya únicamente por débiles mujeres, tristes ancianos e inocentes niños.

Suenan voces de rebelión en la márgenes del Turia, en las costas de Levante, en los vergeles del Mediodía o en las abruptas montañas del norte; aquí no se oyen porque el eco no las repite.

EL SEPARATISMO EN FILIPINAS

(Madrid, 30 de Agosto de 1896)

El cónsul de España en Hong Kong, Sr. Navarro, dice que los cubanos hacen activas gestiones cerca de los rebeldes de Filipinas. Indica que acaso sobrevengan sucesos desagradables e inesperados. Muéstrase preocupado porque de 13.000 soldados que hay en Filipinas, sólo son peninsulares 1.900.

(Madrid, 2 de Setiembre de 1896)

Hace año y medio que el arzobispo de Manila viene llamando con insistencia la atención de las autoridades sobre el progreso alcanzado por la masonería y la forma con que se propagan las logias, donde es público que se conspira contra España y contra la religión católica.

De la universidad de Manila está saliendo hace años muchos separatistas.

Considerase como sediciosos a todos los curas indígenas.

Los rebeldes recibirán fácilmente armas por Borneo, facilitadas por negociantes alemanes.

EL ORDEN PÚBLICO

(Madrid 22 Agosto 1896)

Dicen de Barcelona que la policía arrancó de las esquinas varios carteles en los que se leían las siguientes palabras en letras grandes:

«¡Hijos del pueblo se aproxima la revolución! ¡Que vayan a combatir a Ultramar así los hijos de los ricos como los de los pobres!»

(Ferrol 29 Agosto 1896)

No es ciertamente Ferrol una de las poblaciones donde más desarrollados están los entusiasmos socialistas. Tiene aquí, no obstante, el socialismo, y aparentemente, un regular número de adeptos, que seguramente sería mucho menor si en nuestro arsenal hubiese más trabajo y, por ende, mayor número de obreros...

A llevar el convencimiento al ánimo de los más apáticos tendió el *meeting* de propaganda societaria organizado por el Comité obrero y que se celebró anoche...

Tócale el turno a Iglesias, el que *no llora pero mama* y al que aquí se escucha con satisfacción, aparte de sus ideales utópicos, por su frase sencilla y comprensible, sin alardes de orador de relumbrón...

LA GUERRA EN FILIPINAS

(Madrid 30 Diciembre 1896)

Las hermanas de Rizal esperaron al General Polavieja a la puerta de palacio, y al salir el General arrojaronse a sus pies suplicándole gracia. El General les dijo que era imposible el perdón.

Rizal marchó sereno hasta el lugar de la ejecución.

Ya en el cuadro y en el sitio destinado para él, negose a arrodillarse diciendo que el orgullo y la soberbia le habían conducido a la muerte.

Formaron el cuadro fuerzas de cazadores y voluntarios y un batallón de indígenas.

La muchedumbre que presenciaba la ejecución gritó: ¡viva España!.

(Madrid 3 Enero 1897)

Después del rudísimo combate de Bulacán los rebeldes que pudieron escapar de las columnas se replegaron al Norte, escondiéndose entre la maleza.

Las tropas prendieron fuego para obligarles a salir, y perecieron abrasados mas de 200 insurrectos.

(Madrid 24 Enero 1897)

Los rebeldes armados tienen media peseta diaria y ración de arroz. Se les ha ofrecido que cuando prospere la insurrección cobrarán pensiones, y las recompensas se someten al acuerdo de Emilio Aguinaldo. Este y la viuda de Rizal han dirigido entusiastas alocuciones.

Han improvisado artillería con la tubería de agua potable reforzada con argollas de trecho en trecho. Los cañones contruidos así en Imús se disparan por golpe de un percutor sobre fulminante, y los contruidos en Bacoor y Cavite se disparan con cebo y mecha.

(Madrid 27 Febrero 1897)

Se han recibido detalles de una sublevación ocurrida en Manila.

Los sublevados apoderáronse de todas las armas y municiones que allí había y salieron luego a la calle, dando gritos de ¡Mueran los españoles!.

PROYECTOS PARA FILIPINAS

(Madrid 28 Marzo 1897)

Asegurase que en la conferencia de despedida que celebraron los señores Cánovas y Primo de Rivera se habló del régimen político que convendrá para Filipinas en el porvenir, conviniéndose en restablecer todo lo posible la influencia de las órdenes religiosas.

NOTAS TRISTES

(La Coruña 28 Julio 1897)

La gravedad de los problemas Antillanos y la sugestión realizada por el permanente optimismo de las noticias oficiales, fueron causa constante para que la atención publica se apartara algo de la marcha de la guerra de Filipinas.

Por otra parte, la censura ejércese en Manila con extremado rigor, y ni periódicos ni telegramas particulares ofrecían noticias que pudieran alarmar la opinión.

Pero el último correo ha traído en cartas particulares impresiones muy tristes y notas muy desconsoladoras: y con deplorable unanimidad convienen los corresponsales todos de los periódicos madrileños y las personas que por los cargos que ejercen y su larga permanencia en el archipiélago merecen absoluto crédito, en que las cosas de Filipinas lejos de mejorar han empeorado.

El cabecilla Aguinaldo, lejos de pensar en acogerse a indulto, se ha hecho fuerte atrincherándose con sus 5.000 hombres, armados con Mauser muchos de ellos, y ha podido ocasionar a nuestras tropas desastres como el de Puray, en que tuvimos 200 bajas y en que quedaron prisioneros del enemigo 50 cazadores...

Tal es la situación que fiel y honradamente pintan los buenos españoles de Filipinas, los que son testigos de aquel naufragio en que se está hundiendo una buena parte de los prestigios españoles y del que no sabemos si será ya posible salvar la honra y el decoro de la patria.

DECLARACIONES DE CÁNOVAS

(La Coruña 31 Julio 1897)

« En verdad -dice la revista *Revue des Deux Mondes* que dijo el Sr. Cánovas- que desde el siglo XVI, desde Magallanes. El cano y Legazpi no hemos hecho cambio alguno en el régimen de gobierno de las islas Filipinas. Durante 300 años sin interrupción hemos tratado de gobernar esta colonia por medio de soldados y frailes, fundando así una especie de feudalismo a la vez militar y teocrático, contra el cual se ha levantado la masonería, hasta el punto que no cabe ya decir que existen en el archipiélago europeos o indígenas, sino lógicas y sus afiliados frente a las órdenes y sus devotos.

Puedo hablar imparcialmente, por lo mismo que no soy masón ni jesuita; procediendo de buena fe, preciso es declarar que este gobierno de frailes es en el mundo moderno un anacronismo. ¿Pero es aquel el mundo moderno?. Se trata de gentes muchas de las cuales se hallan en estado salvaje; los que mas han avanzado se hallan donde nosotros nos encontrábamos hace tres o cuatro siglos. De eso se desprende una conclusión muy natural: démosles las instituciones que nosotros teníamos hace tres o cuatro siglos»...

LA PAZ EN FILIPINAS

(La Coruña 20 Noviembre 1897)

El General Primo de Rivera concede una gran parte en el éxito logrado, a la creación de compañías de soldados indígenas reclutados entre los malayos, que profesan a los tagalos un odio irreductible. No hemos de negar su valor positivo a esta afirmación del Capitán General del archipiélago; pero creemos que mucho ha contribuido también a precipitar la presentación de Aguinaldo no sólo la falta de recursos que debían de venir sintiendo en las asperezas de Sibul, sino la seguridad de hallar perdón generoso y olvido del pasado...

DE FILIPINAS

(Madrid 20 Noviembre 1897)

El Liberal comenta con embozado aplauso que se concedan a los rebeldes de Filipinas, según pide Aguinaldo, la distribución por partes iguales de los cargos entre el clero peninsular y el indígena; la igualdad del tratamiento a ambos elementos; el pago de los haberes de los empleados españoles e indígenas; supresión de la facultad de deportar e igualdad ante el Código, de los peninsulares e indígenas.

El Liberal califica irónicamente de ridículo no acceder a todo esto.

(Madrid 26 Febrero 1898)

Embarcó en Manila de regreso para la Península el primer batallón de Infantería de Marina. Constaba de 30 oficiales y 800 individuos de tropa y regresa con solo 15 oficiales y 304 soldados.

(Madrid 5 Enero 1899)

El Gobierno español ha notificado a los tagalos que 40 prisioneros filipinos que hay en los presidios de Burgos, Cartagena, y Melilla serán puestos en libertad y conducidos a los puntos que deseen por cuenta del Tesoro español.

(Madrid 11 Enero 1899)

Referencias particulares consideran como inminente un choque entre americanos y tagalos, por haber exigido estos el reconocimiento de la independencia del Archipiélago, fijando un plazo que termina hoy.

El Gobierno confía poco en que sean libertados inmediatamente los prisioneros españoles. Aguinaldo quiere que cuando menos reconozca España la independencia de Filipinas.

Esto nos ocasionaría un choque con los americanos.

Hoy han sido licenciadas todas las fuerzas indígenas de Manila incluso los voluntarios macabebes, por creerlo conveniente para nuestros intereses morales y materiales.

(Madrid 6 Febrero 1899)

Los insurrectos tagalos en armas se calculan en 80.000.

De ellos tienen fusiles Mauser 7.000 y Remington 10.000. Cuentan con pocas municiones.

Sábase que el origen del ataque contra los yankees fue que Aguinaldo rompió las hostilidades con el conde de que llegaban refuerzos americanos ordenó a sus huestes atacar a los yankees en todas partes.

De *Daily Mail* dice que la sangre de los americanos derramada en Manila tendrá como consecuencia la ratificación inmediata del tratado de paz con España.

Añade que los filipinos han demostrado su incapacidad para gobernarse a sí mismos, y que verán ahora que los anglo-sajones no son raza con la que pueda jugarse impunemente.

(Madrid 7 Febrero 1899)

El Comodoro Dewey posee datos para demostrar la participación que el Cónsul alemán en Hong-Kong ha tenido en las operaciones de compra de armas para los insurrectos.

(Madrid 9 Febrero 1899)

En el Consejo que hoy ha de celebrarse en Palacio bajo la presidencia de la Reina, es muy probable que se firme el decreto suprimiendo el Ministerio de Ultramar.

(Madrid 10 Marzo 1899)

El Gobierno de Washington ha autorizado al General Otis para que organice un batallón de indígenas.

LOS PRISIONEROS DE FILIPINAS

(Madrid 13 Marzo 1899)

Noticias recibidas por el Gobierno desde Filipinas respecto a la situación y rescate de los prisioneros españoles, son desconsoladoras.

Los prisioneros se encuentran diseminados en pequeños grupos. Esta falta de concentración es un obstáculo insuperable.

Aguinaldo ha manifestado que tampoco tiene la seguridad de poder reunir a los prisioneros y ponerlos en libertad. Algunos prisioneros cobran aquella porque los dejan marchar voluntariamente los indios en cuyo poder están.

(Madrid 16 Mayo 1899)

Según las últimas noticias recibidas desde Filipinas, pasan de 4.000 los prisioneros españoles que se hallan en poder de los tagalos.

Comunican también que el hospital insurrecto de San Isidoro se halla atestado de heridos.

Madrid 18 Mayo 1899

El Gobierno se halla resuelto a no consentir manifestaciones públicas de repatriados.

Al efecto ha comunicado a los Gobernadores instrucciones por telégrafo para que las prohiban.

Los repatriados que residen en Burgos han elevado una exposición al Gobierno diciendo que no se conforman con las cinco pesetas que se ofrecen por mes de campaña a los soldados de ultramar que aún no tengan liquidados sus alcances.

Piden en dicha exposición que se publiquen los nombres de los soldados muertos en campaña para que llegue a conocimiento de sus familias.

(Madrid 3 Junio 1899)

Las bases para la cesión de las Carolinas y las Marianas al Gobierno de Berlín son:

Alemania entregará a España cinco millones de duros.

Los frailes españoles allí residentes serán respetados y tendrán las mismas ventajas que los ministros de otros cultos...

Telegrafía el General Ríos diciendo que el Teniente Martín, jefe del destacamento de Baler, se ha negado a abandonar aquel pueblo, desobedeciendo las órdenes que le comunicaron jefes de Estado Mayor.

(Madrid 8 Junio 1899)

Estos días recorre la isla de Fernándo Póo una comisión técnica alemana para cerciorarse de la riqueza de aquel territorio.

Asegurase que el Gobierno Alemán tiene deseos de adquirir esa isla.

(Madrid 14 Junio 1899)

La *Epoca* desmiente autorizadamente las noticias que circularon por la prensa extranjera relativas a la cesión de las islas Canarias.

(Madrid 22 Junio 1899)

Según noticias recibidas de Manila, al fin ha capitulado la guarnición de Baler con todos los honores de guerra.

Los heroicos defensores salieron del fuerte con banderas desplegadas.

La guarnición la componían 33 hombres.

Casi todos tienen heridas sin cicatrizar todavía.



Fig. 6.- Campaña de Mindanao. Ponte "colgante" sobre o río Agus, construido baixo a dirección do comandante enxeñeiro D. Rafael Rávena.

BIBLIOGRAFÍA:

- "El Problema colonial contemporáneo". Segismundo Moret. Madrid 1879.
- "Revoluciones y conflictos internacionales en el Caribe" J.L.Franco. Ac. Ciencias Sociales La Habana 1965.
- "La República Holandesa y el mundo hispánico" Jonathan I.Israel. Nerea 1997.
- "Asia Sudoriental, antes de la época colonial" John Villiers. Siglo XXI 1970.
- "Asia contemporánea" Lucien Bianco. Siglo XXI 1983.
- "History of the United States" Allan Nevins. Washington SP 1986
- "Los Estados Unidos de América" W.Paul Adams. Siglo XXI 1980
- "Historia de Cuba". C. Márquez Sterling. Americas Publishing Company 1969.
- "Historia de Cuba" Dirección Política de las FAR. Ac. C. Sociales. La Habana 1985.
- "Cuba: Capitalismo dependiente y subdesarrollo" F. López Segre. C.Americas 1972.
- "El asalto a Cuba por la oligarquía financiera yanqui. O.Pino Santos. C. A. 1973.
- "De Cristóbal Colón a Fidel Castro". Juan Bosh. Ed. Corripio. Sto. Domingo 1995.



POR LA PATRIA

(DIARIO DE LA GUERRA)

Betanzos 28—Abril—1898.

N.º 3—Venta del n.º 2.º en
Betanzos—71 ejemp.

Parecerá mentira, pero también hay en España (y en Betanzos) gentes pesimistas. Bien los fustigaba *El Liberal* en su artículo UNGUIBUS ET ROSTRO.

Es verdad que si todos los extremos son viciosos, resulta que de la misma manera que pecan los pesimistas, pueden pecar los optimistas.

Pero como es tan difícil dar con el justo medio, creemos que en las presentes circunstancias es más patriótico y hasta más noble lo segundo que lo primero.

Afuera, pues, los pesimistas y ¡Viva España! sean cualesquiera los telegramas que al pie de estas líneas se han de insertar.

¡Bien por el Ayuntamiento!

En sesión de ayer, acuerdo nuestro Ayuntamiento contribuir a la suscripción nacional con 3000 pesetas, 2500 del presupuesto de fiestas y 500 del municipal.

Quedan por lo tanto suprimidas las fiestas de Agosto.

Nombrase una junta compuesta de las autoridades locales y personas más significadas del pueblo, con objeto de acordar los medios más convenientes a fin de aumentar la suscripción.

Mañana nos volveremos a ocupar de este asunto.

NUEVOS SUSCRIPTORES

SRES. D.

Dario Carames.—Leoncio López.—Manuel Fernández.—Alfredo Álvarez.—Luis Paez.—Constantino Ares.—Antonio Urioste.—José Dans.—Enrique Salgado.—Ramón Peón.—Valerio Núñez.—Vicente Pita.—Mapálico González.—José Portal.—Antonio Lago.—Francisco Vázquez.—Jacobo Pereira.—Jesús Villar.—Luis Montoto,

TELEGRAMAS

(De nuestro servicio particular)

Desconfianza—Nuevo impuesto

¡Agua fría!

MADRID 28—3 t.

Comienza a desconfiarse en Washington de la escuadra de bloqueo, comprendiendo su inutilidad.

Se anuncia un nuevo impuesto sobre la navegación.

Los yankees procedentes de la Habana refieren el entusiasmo de los españoles preparándose a combatir, lo que hace en-

friar el entusiasmo que hasta ahora reinaba en los Estados Unidos.

El bloqueo

MADRID 28—6 t.

Otros dos buques mercantes españoles han conseguido burlar el bloqueo.

Sin noticias

MADRID 28—6 30 t.

Sin ninguna otra noticia de importancia que puede ser telegrafiada

Imprenta de M. Villuendas.

Fig. 7.- "Por la Patria", un periódico de Betanzos do que se conserva no seu Arquivo Municipal esta folla.



Fig. 8.- Típicas casas de nipa con secadeiro de tabaco.



Fig. 9.- Un xefe indíxena coas súas mulleres.

Os fondos da prensa local: «O Antroido» e «A Fuliada» (1886-87)

XESÚS TORRES REGUEIRO*

A prensa é unha fonte de primeira magnitude para o coñecemento e redescubremento do noso pasado histórico recente.

Afortunadamente, no Arquivo Municipal de Betanzos consérvase unha boa parte da prensa local betanceira, conformando unha importante colección, catalogada e estudada, imposible de atopar en ningunha outra hemeroteca ou institución.

Dende que no 1883 Betanzos se dotaba de prensa propia co semanario *El Censor*, foron moitas as publicacións periódicas que viron a luz na nosa cidade. Prensa variopinta en canto a calidade, periodicidade, duración e intereses, como xa ficou de manifesto nos estudos que motivou (1). Mais, toda ela, calquer número de calquer publicación, é unha testemuña de primeira man para recoñecermonos nela en canto reflexo, por moi parcial ou distorsionado que sexa, dun momento concreto de Betanzos, do pulso vital dalgún sector da sociedade betanceira.

Ademais de custodiala e conservala como un documento máis do noso patrimonio, entendemos que é un labor importante do Arquivo Municipal o procurar a máxima difusión do seu coñecemento, restrinxido normalmente ao erudito ou especialista.

Este labor comezouse no 1983, ao cumprirse o centenario do primeiro periódico local, *El Censor*, e facerse unha reedición facsimil dos seus dezoito números, como suplemento do *Anuario Brigantino* dese ano. Tamén, pola súa parte, a asociación cultural Eira Vella publicou no 1993 unha edición facsimil de *Rexurdimento*, de gran calidade e con útiles índices de colaboradores e contidos. A través deste Anuario continuarase no posible este labor, publicando nas súas páxinas outros periódicos locais, comezando por aqueles dos que existen poucos números, se atopen en peor estado de conservación ou teñan un especial interese.

Ponse así ao alcance do investigador, do historiador, do lector, do veciño interesado ou o simple curioso unha fonte de coñecemento, de información e mesmo de divertimento, sobre o noso inmediato pasado, que poderá consultar ou reler con calma e en calquer momento na súa propia casa.

O Antroido e A Fuliada

Os semanarios *O Antroido* e *A Fuliada* teñen un especial interese dentro da historia da prensa local por seren os primeiros periódicos betanceiros que empregaron a lingua galega.

Outra característica común aos dous é o seu tono satírico, palpable xa na propia cabeceira e incluso no título. *O Antroido* subtitulábase «Trangallada pra todol-os xueves de total-as semás de todo-los anos.- Amén», numeraba os diferentes números como «Antroidada» X, facendo honor ao título, e facía constar ademais estes versos, facéndolle as beiras a un curioso gravado que centraba a

*Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia.

(1) MÍGUEZ RODRÍGUEZ, José Antonio. *Historia y vicisitud del periodismo local*. Traballo do Instituto Laboral de Betanzos, de 1960, fotocopiado na Biblioteca Municipal de Betanzos. "Cien años de periodismo local (1883-1983)" en *Anuario Brigantino* 1983. "A Fuliada: brigantina y coruñesa" en *Anuario Brigantino* 1996.

TORRES REGUEIRO, Xesús. "A prensa betanceira" en *Anuario Brigantino* 1983, 1984 e 1985. "Os animadores da prensa local" en *Anuario Brigantino* 1987 e 1988.

Anuario Brigantino 1997, nº 20

cabeceira e composto por dúas carautas sobre unha especie de soldado romano deitado horizontalmente:

*Por cinco perros ó mes
tés ANTROIDO todo'ano
e sin saír d'a lareira
á calquera mamarracho
que, con disfraz, fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula...
si afroxas antes os cartos.*

A *Fuliada* titulábase «Cencerrada somanal- pr'os xueves d' o ano todo;- gratis, os que den un real;- y-ós que non.... cinco cas solo». A cabeceira era aínda máis «festiva» ca do outro semanario: Unha serie de caricaturas e deseños de músicos e instrumentos, cada un enriba de cadansúa letra do título, compoñían unha murga ben simpática.

Os dous semanarios imprimíronse no obradoiro de Anxel Amenado Ponte, situado no baixo da casa número 7 dos Soportais do Campo. Constan de catro páxinas, denominador común da prensa da época, escritas a dúas columnas. O formato era tamén semellante (34 x 23 cm.), agás algunha excepción. O precio de cada exemplar era de 0'25 pesetas (un real, ou cinco cás). Contaban con pouca publicidade de comerciantes da localidade (a farmacia de Lafont, o fotógrafo J. Franco, o viñateiro Teodoro d' o Campo, o globista Claudino Pita...) e algún foráneo (a imprenta coruñesa de Roel...), que ás veces se facía en verso, como a do barbeiro Xosé Amado e a do zapateiro Xesoaldo Seoane. Os anuncios insertados en *O Antroido* van completamente en galego, mentres que en *A Fuliada* alternan anuncios en galego e en castelán.

O galego que empregan é dialectal, sen depurar, cheo de castelanismos (xueves, estropaxo, hermosas, caballeros, tempos compostos con haber...) e enxebriños e hiperenxebriños (somanal, frebeiro, número, beilar, remedio, trato, mamoria, hastra, propea...). Xeralmente carecen de noticias propiamente informativas, enchendo o seu contido a base de contos e versos anónimos, colaboracións poéticas ou en xénero epistolar, con longas cartas dirixidas ao director, onde se pon a proba a incipiente prosa en galego. O resto dos contidos, anónimos case sempre, con irónicos e mordaces comentarios, onde non se soslaia a crítica ao goberno municipal, agrúpanse nunha única sección, especie de caixón de xastre, que en *O Antroido* leva por título «Comparsas e trangalladas» e en *A Fuliada* chámase «Bombas sin bombo. Nesta última tiñan cabida ademais, como pasatempo, as «Charadas», tan de moda na prensa da época.

Nas dúas publicacións detéctase nidiamente (alén do carácter satírico e chocalleiro) un tono anticlerical e antitradicionalista, combatindo aos «neos»; a ridiculización dos costumes sociais e das modas da burguesía; a crítica de certas actitudes que consideran inmorais; a defensa do Liceo Recreativo fronte á elitista Tertulia Circo; o mordaz enfrentamento co avogado e xornalista Hipólito Codesido, de ideoloxía neocarlista, director do semanario local *Las Mariñas*, a quen despectivamente chaman *As Morriñas*.

Ningún dos dous fai constar o nome do director, mais os colaboradores habituais son as mesmas persoas: Bieito Losada, R. Pesqueira Crespo e A.V.T., son as sinaturas que aparecen xunto cos seudónimos Abellón (que pode ser apelido, como tal existía en Betanzos a comezos deste século) e Bartolo. E é que, en realidade, estamos diante da mesma publicación con dúas cabeceiras diferentes que se suceden. De feito, o colaborador que se agacha tras do seudónimo «Abellón» aconselláballe ao director nunha das súas epístolas: «Tróquelle pront' o nome ó Antroido, que ben o merece.»

O Antroido aparece o 21 de outubro do 1886 e vaise manter durante dez nove semanas, alomenos. No Arquivo Municipal consérvanse unicamente as «antroidadas» 15, 16, 18 e 19. Esta corresponde ao 17 de febreiro de 1887, e fai unha alusión á celebración do Antroido que se estaba a vivir, reflexando o ambiente do momento e publicando a toda páxina un curioso «Bando» do Antroido. De xeito que a publicación escolleu unha data apropiada ao seu título para morrer: un xoves de Antroido, ao día seguinte «...da chorada morte d' o seu soberano e señor».

Un ano antes da aparición de *O Antroido* anunciábase na prensa coruñesa a inmediata publicación en Betanzos dun novo periódico en «dialecto gallego» que se titularía *Os Labercos*. Debeu ficar nun proxecto, pois non hai constancia de que chegara a saír e todo fai pensar, incluído o título, que se trataría dun periódico do mesmo matiz ca *O Antroido* e promovido polos mesmos personaxes. Eran estes un reducido grupo de rexionalistas, dos que quizá algúns se atoparan en Betanzos por razóns profesionais.

A *Fuliada* aparece en marzo do 1887, poucos días despois da desaparición do seu antecesor. No Arquivo Municipal só existen tres números: o 8, 13 e 20. Este último coñecido leva a data de 29 de xullo do 1887. Dende febreiro de 1888 (e non 1882 como figura na *Gran Enciclopedia Gallega*, tomo 14, páx. 162) publicárase na Coruña outro semanario en galego que chegou ao mes de xullo co mesmo nome de *A Fuliada*, subtítulo «Zanfona semanal - d'alegrías ou de bagoas, -segun qu' o pobo gallego - s'adivirte, canta ou laya». Esta non é a única coincidencia co seu homónimo betanceiro, pois imprimíase no obradoiro de Anxel Amenedo Ponte, agora trasladado á Coruña na rúa da Fita número 7, e tamén tivo entre os seus colaboradores a A.V.T., Roque Pesqueira e Bieito Losada, ademais dos betanceiros Manuel J. Lema e Fernando García Acuña. Todo parece indicar que se trata do mesmo proxecto fomentado polo propio impresor.

O erudito e xornalista betanceiro Xoán Gómez Navaza, contemporáneo destes semanarios, citaba ao «ilustre tipógrafo» Anxel Vázquez Taboada «de una ilustración poco común en los de su oficio» como o director dos dous periódicos que estamos a tratar. Efectivamente, correspóndese coas iniciais A.V.T. que figuran colaborando tanto en *O Antroido* como no outro semanario. Vázquez Taboada, quen quizá desempeñaba por entón a súa profesión nalgunha das tres imprentas que había nese intre en Betanzos, posiblemente na do propio Amenedo, é autor de *As noites no fogar* (A Coruña, 1886), colección de lendas e contos, e de *No fiandón, contos de todol-os cores* (Lugo, 1899).

Roque Pesqueira Crespo era rexistrador da propiedade e poidera ser que exercera algún tempo en Betanzos ou tivera aquí amizades. A súa obra ficou espallada na prensa, colaborando especialmente nas publicacións en lingua galega *O Tío Marcos da Portela* e *A Monteira*. Á primeira enviaba no 1889 unha poesía datada en Pontearreas, mais un par de anos antes databa en «Madrid» un poema publicado en *O Antroido*.

Bieito Losada, médico e membro da masonería, o escritor máis coñecido destes tres, foi outro dos colaboradores destas publicacións, ben directa ou indirectamente. O seu poema «¡Boa feira!», insertado no número 20 de *A Fuliada*, xa estaba incluído no libro *Soaces dun vello* (A Coruña, 1886), o máis importante dos seus, que viña de publicar serodiamente aos sesenta e dous anos. Antes publicara un tomiño de *Poesías* (A Coruña, 1876), este bilingüe. Aínda publicará outro de anécdotas festivas da vida rural, *Contiños* (A Coruña, 1888), antes de finar no 1891 na súa Compostela natal. Anos despois, o poeta avanguardista rianxeiro Manoel Antonio refugará «o baixo e noxento ruralismo de Losada» no seu iconoclasta manifesto *¡Máis Alá!* publicado no 1922 en parceria co artista Alvaro Cebreiro. Outros eran os tempos e outra a estética dominante ou as tendencias do momento. Con todo, o profesor Carballo Calero salva algún aspecto da obra do compostelano: «sabe moi ben o galego, que na súa pena lizgaira aparez dotado de doada naturalidade, i é un versificador moi áxil e solto.»

É de resaltar, pola repercusión que despois acadaría o seu autor, a colaboración de Eduardo Pondal no número 8 de *A Fuliada* cun poema titulado «A fada d'os montes», que xa fora incluído sen título na súa obra *Queixumes d'os pinos* (A Coruña, 1886), mais a versión que aparece no semanario betanceiro está moi modificada con respecto á outra. Xa Vales Villamarín chamou a atención acerca da reescritura que Pondal, eterno insatisfeito da súa obra, fixo deste poema para publicalo no semanario betanceiro, cousa por outra parte habitual no bardo bergantiñán que pasou a vida a corrixir e reelaborar a obra. Mais xa no 1872 Pondal publicara en folleto «A fada d'os montes» (Imp. Mirás, Santiago) en versión moi similar á do semanario betanceiro, só que con versificación diferente.

Chama a atención, por último, non atopar colaboracións (sen desbotar que as houbera noutros números que non coñecemos ou que se agache baixo algún pseudónimo) do xornalista e poeta Fernando García Acuña, un dos precursores, xunto con Roque Ponte, da prensa local, quen un mes escaso antes da aparición de *O Antroido* viña de pechar o periódico republicano *La Libertad*, por el dirixido. É máis chocante esta ausencia tendo en conta que Fernando publica no 1887 un volume de poemas bilingüe, titulado *Orballeiras*, sendo un dos escasos escritores locais que cultiva o galego neste intre e mesmo colabora noutras publicacións en lingua galega, tal *O Tío Marcos da Portela* e a propia *A Fuliada* coruñesa.

O ANTROIDO

Por cinco perros ó mes
tês ANTROIDO tod o 'ano,
e sin sair d' a lareira
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un homs
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carántula....
si afroxas antes os cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN

Siñor director d' O ANTROIDO

Sonsa 26 de Xaneiro de 1887.

Meu compadre e parente, pol-os abellós:

Fólgame de que vostede é mail' a compañía non teñan mála novedá. Por acó inda ben, soasmentes que fai uns días qu' ando eibado d' o xuncras d'o frato, e por mais unto vello que lle arrimo soméllame que vai de peor. Coladas d' as mocedás que andan n-o lombo d' os anos; e xa un non morra.

Ademirado quedei, abofellas, co-a leutura d' os párrafos que me trouxo ó último número d' o seu ANTROIDO, escomezando pol-o pirmeiro, qu' se titula "Males d' a emigración" e rematando pol-o derradeiro que copea outro d' o semanario doente, (Dios n-o perdoe) *Las Mariñas*.

Penso contestal-ó pirmeiro cando esté esgaxebado de todo. Pasarei por riba d' os contos algo demais colorados que lle siguen, pra enfucifiar n-o que respeuta ós arrotos d'o semanario dito falando d'o baile d'o "Liceo".

Fagamos unha cuspiñada, e vamos ó oito.

Pirmeiramente: tod' home ben aducado, sea aristócrata ou demócrata, ou mesmo Xudas parido, cando se chega á unha siñora ou siñorita, xa sea n'un baile, de máscaras ou non, xa sea n'un trato por mais qu' o telon esté corrido, faino o-o sombreiro n-a man e sin cobrirse mentras parola co-éla.

Pódes' esqumoeir este preceuto co-as enmascaradas, porque d' estonceas non se trata d' a personalidá d' a tapada, senon d'o disfraz. Mais si a tapada ou tapadas se dan á conecer privadamente, quodan n-o mesmo caso que si estivesen descubertas, pr' o qu' as conoço.

E si o tal preceuto é xeneral, e conserva a sua forza e vigor dende os nosos abós, e qu' a natural galantería repuna derogar, ¿tanto mais non debe conservarse n'un baile de sociedade?

Essa non son "modas de Betanzos", miña xoya, son leixas xa moi vellas que veñan rexindo d' escant' qué en todol-os países civilizados. O contrario, so-

lasmentes pode ser desculpado n'un carrexon d' os sacos.

Pro ainda hay mais. O deoir, que si o mozo estaba coberto n-o dito baile conversando con unha siñorita, era porque non se beilaba o aristocrático rigodon n' aquel baile de boton fiaco, é verdadeiramente fátuo. E un insulto embozado qu' o seu autor lanza sobre as persoas qu' asisten os bailes d' o Liceo. Custión vella en poblachós pequenos, pro qu' é moy conveniente o ventilar.

Priscidindo xa de que n-os bailes de trangallada pública d' ese mesmo Madril que se cita béilase o rigodon, baile de vellos e de siñoras xa canas, correrime pol-o fondo ruin qu' a frase asconde. En xunto; quixo diciil-o autor de tal orné, que n-o Liceo beila a xente de pouco mais ou ménos, á plebe verbi gratia, e que por tanto non merece que co-éla se prautiqu' o preceuto de boa crianza espicado. E que n-o Circo beila a xente decente, a aristocracia, poño por caso.

Vamos á contas, e suprico a gracia d' o meu compadre e parente pol-os abellós, si son molesto.

Certamente que si s' asoma o piteiro pol-a porta d'o salon d'o Circo un día de baile, nótase, pol-o pronto certo cheiro qu' á moitas agrada, pro qu' en fuxo d' él como d' os deños, por estar afeito ó aire d' aldea. Este defunto, producido pol-a falta de ventilación d'o local, é levadeiro mentras se recrea a vista n-a aquel maravilloso ranillete de nenas 'hermosas e garridas todas élas. Pro xuro, que por moito que teño alertado dendes d' a porta dita, nunca pescudei blason algun qu' as distinguise d' as non menos encantadoras e feiteceiras que fan as delicias d'o baile d' o Liceo.

As unhas, com' as outras, levan por timbres n-as traseiras d' os seus cochos, quen unha vara de medir cruzada d' unha tixeira, sobre fondo de somonte; quen un tinteiro de corno c' unha pluma de ganso atravesada, sobre fondo de papel sellado; quen unha pensira e unha roca, sobre d'o lombo d' un porco; quen unha lavativa e un almirás sobre fúndo d'

amargosas bágoas; quén unha alcuza de aceite c'unha vela de sebo sobre fondo de pimento; quén.....

Si os abós resocitasen, e tal visen, chorarian de gozo ó mirar com' o sol d' a liberdade había vivificado tanto ingrato piollo.

Queda probado que respeito de *alcórnias* por ahí nos vamos todos.

Supoño agora que o señor orneador non se refiriu á aristocracia d' o diñeiro; porque entonces podria ocupar unha butaca d' o *aristocrático Circo*, con mellor dereito quizaes qu' o orneante, algun cortador, muy honrado por certo, que eu conozo.

¿E de *modales* á custión?

Xuro n-o meu ánimo qu' entro n' esta materia contra miña vontade. Pro temos que defendernos cando tan malévolaemente se espaxean certas reticencias que poden facultar a un forasteiro, por élas enganado, pra tomarse libertades que, si n-o *Circo* paseserian extranas, moito mais ó serian n-o *Liceo*.

Razon ó canto.

En ningunha sociedade de recreo, e deixémonos de aristocracias e democracias, pois, como queda indicada, todos somos labradores e veciños, en ningunha sociedade d' esa crase está admitido qu' os beilaris yayan alugilados pra beilar toda á noite c'unha sola xoyan. Dende o mesmo punto qu' eso socede, ese baile deixa de ter as condicións qu' a decencia exixe; e moito mais, cando esas mesmas parexiñas agarimanse n-o curro d' un sofá nos intermedios, co-as caras pegadifias com-a rulos, todo á vista, cencia e pacencia d' as mamás, d' os papás e d' o presidente d' a sociedade que consinte que se lle espeten esas marmotas ás señoras e esos gorros ós caballeros, sin respecto ó lugar que se ocupa. Esto ten pasado, e por tradición sigue pasando, n-a sociedade *Tertulia Circo* de Betanzos.

N-o *Liceo Recreativo* non se ven esas cousas. ¿Onde está, pois, a decencia?

Non hay qu'enfadarse. As verdás non s' alcontran n-o perol de doña Quiteria: amargan sempre. Cerren os ollos e tráguenas, si é que lle queren poñer romedio á un mal que xa vai sendo vello e case case incurable. Distingámonos n-hourato, pro pol-aduccion nada mais; porqu' aquel qu' o tén, ben o come.

Meu compadre e parente, pol-os abellós: xa sei que fun moi pesado, pro tamen sei que todo m' o perdois; porque sabe qu' os seus desexos son pra min leises, que me farán sempre baixal-o lombo, pr' o que poida servilo. com' é a miña vontade.

Tróquelle pront' o nome ó ANTROIDO, que ben o merece. E mande.

Seu compadre e parente pol-os abellós,

ABELLÓN.

CARTA D' OUTRO MUNDO.

N-os Infernos, á 26 de Xaneiro d'o ano 5967 d'o reinado de Lusbel.

Men amigo Barolo: Collo a pruma, mollon en pez ardendo e escriboche n'un papel que por casualidá topei aquí pra darche noticias miñas.

Xa che oyo dicir todo admirado:—¿Cómo! ¡Inocente n-os Infernos!

Si, amigo meu; aquí estou como tifa que soceder, en cumprimento de certos principios *sentados* pol-a vosa amantísima nai a Irexia; principios qu' aínda están en pé, por mais qu' a civilización, que despexa todol-os camiños, xa debería franquear un poco mais o d' o Céu.

Ben sabes, amigo Bartolo, que sin ser o que se chama un fanático, cumpria c-os deberes qu' os cregos me imponían. Bon pai de familia, honrado, traballador, caritativo, nunca o diñeiro alleo se me pegara ás mans á pes r de ser español e non tifa unha falta que botarme n-a cara. A enfermédá de que morrin, ti ben a sabes, era d' esas que producen os mais grandes doores. Sufrina con pacencia, pro xa ben confesado e ben comulgado (como quen di, ben comido e ben bebido), o doer fixome dicir unha palabrota d' esas qu' están condenadas pol-a relixion que profesades a maoria d'os españoles, con intervencion d'o goberno e detrimento d'o bolso.

¿Quén tal dixu! O demo qu' estaba ós pés d' a miña cama tirándose d'os cornos doente porqu' eu salvábame, frotouse as mans de contento e sonriuse como quen di: este xa caeu.

E así foi. Dende entonces lle pertencin en corpo e y-alma. ¿Cousas d' a relixon! Si eu fora mudo á estas horas estou n-o céo.

Un momento dempois d' haber esboirado aquela palabrota, estaba de viax' entre media ducia de demos bermellos e negros que me levaron ás reborcalladas hastra dar n-as caldeiras de Pedro Boteiro que, como sabrás, están n-o interior d' a terra pol-o d' agora e mentras a cencia non lle suba os alquileres.

Chegamos, e recibuunos un demo moi feo, quen nos fixo os honores d' a casa, porque non quita o ser demo pra ser cortés, e que dempois d' espetarme un tenedor salvo á parte, votoume n-a segunda caldeira.

¡Ay, meu amigo, qué baño! Cain n-un mar d' aceite fervendo; pro éramos tantos os qu' alí estábamos qu' antes de que me cedesen o meu sitio, apabullei un obispo, qu' alá cando estaba n-a terra había feito e desfeito moitos conventos de monxas. Pedinlle perdon e contestoume c-un bellisco que me fixo unha roncha. En non me queixei, porqu' aquel doer era un confite á veira d'o que me producía o aceite fervendo.

Eu creo qu' á forza de millóns de sigros acostumarémonos á vivir aquí, porque ¿á qué non s' ¿fai o home?

O mais doente pra nos e qu' os demos nos tran noticias d'o céo. Por certo que me chocou bastante o qu' un demo me dixu n-outronte. ¿Acórdaste de don Lucas, aquel nsureiro veciño noso qu' había roubado á toda clás de persoas, e que matou de fame ós seus fillos e envenenou á súa muller? Pois estache n-o céo. A hora d' a morte fixo unha boa confesion, e agora anda paseándose con ánxelos e serafis pol-as nubes. Fai ti comparacións entr' él e eu, e dime si non me fora mellor facer o que don Lucas e poñerme a honradez por monteita, gardando o arripiemento pra a hora d' a morte.

Volvendo ás cousas d' aquí, direiche que com' hay moitos ministros d'o Señor, ármase cada batalla que parés qu' a caldeira se ven á baixo. Protestantes, xudíos, mouroos, católicos, budhistas, etc., tiranse á

testa canto atopan á mau. Todos queren tér razón; todos son os verdadeiros, os lixítimos.

Aquí témos tamen as nosas manifestaciós. Agora trátase de facer unha solicitude á S. M. Satanás primeiro... e último, pidíndolle que nos leve á caldeira onde ximen as monxas, porque, como din algúns curas que foron cabeceiras, esta vida maldita o ciste que tén: seis sacristás son os encargados de recoller firmas.

Onte falei c-un probe por quen n-a terra están dicindo misas á barullo, creendo que s' atopa n-o purgatorio. Porqu' o qu'él di, ese diñeiro estivera mellor empregado en preitos ou en petroleo.

Preparamos unha gran solemidá pr' o día en que veña o cura Santa Cruz, á quen agardan moitos corrixionarios seus. ¡Qué día pr' os calistas!

Poi-o demais, e salvo o chamusqueo e os belliscos d'as tenazas, vámol-andando. Aínda teño que dar grazas porque non me mandáron o purgatorio, d' onde, como non teño cartos, non salía nunca.

Acaba de chegar un condanado que, com' eu, nacceu con mala estrela. Doull' a corazoada de meterse á salvar dous nenos que s' estaban afogando, e pereceu co-éles n-a demanda. Esto pouco era, pro ¿y-o morrer sin confesión? Aquí está o *busilis*. O caritativo salvador, así com' o maior d' os nenos que tiña xa sete anos, chegaron ó Inferno. O outro neno, como non tiña mais que cinco anos, non se condanou, e foi ó céo. Si á súa nai se lle ocorre parilo dous anos antes non fuxe él d' o chamuscon.

D' estes casos hay aquí á millóns.

Pro vexo qu' a pruma se me vai queimando n-a tinta, e así outro día m' espicarei mais, conruindo hoxe por encargarche moito que cando vayas á morrer non te esquezas de facer unha boa confesión.

Sin outro particular, teu amigo.

MALES D' A EMIGRACION.

(Historia d' actualidá)

II.

Arrombada a roupa y-os papeles pro viaxe, non lle faltaba mais que darlle a despedida á dona d' o seu corazón. Dous días antes de sair pr' o porto, y-á tempo qu' o sol iba agachándose detrás d' os montes, tomou o camiño en dirección á casa de Rosa que xa o agardaba. Chegou; mirouna cou duxura e non se estreveu a dicirlle palabra.

Ela sabía o ouxeto d' a visita e tampouco á vós cascarexou n-a súa gorxa temendo descubrir a afección que sentía; mais ó cabo, rompendo ó silencio, díxolle:

—Algo che pasa, Míngos, cando vés tan triste; tí que solo ríes tiñas para min!...

—É verdade, Rosiña; hastra fai pouco tempo, verte e sentir alegría afervelloarme n-a sangue, todo era un.

—Y- agora por qué non?

—Agora!...

Míngos non pudo seguir

—No me acordas o que pensas.

—Ay preñiña adourada, ben quixera... pro xa que mo mandas!...

—Eso é, m' andocho y-obedeceos—insistiú con voz mal segura. Pois a-a—continuou o rapás—mais dinantes quero que me parmetas non afrixirte.

—Bén, acaba d' unha vés.

Non te apures, que nunca é tarde pra sufrir; eu levo penado moito istis días cavilando en que non te dei de ver por algun tempo.

—Inda atinas n-aquelo!...—respondeu colléndolle a man é mirándoo con tenrura coma si quixese apartar un pensamento d' a súa cabeza—¿inda pensas deixar o eido por ir á terras de fora? non meu amante, non-o fagas, eiquí naceron os nosos país, eiquí nacemos nós, y-eiquí debemos morrer; estes sitios que víron os nosos amores, onde pasamos horas tan risoñas, xa non che agradan, queres trocalo por outro que non sabes como é; queres fuxir... e deixarme soila!...

Rosiña qu' hastra estonces pasara mil angustias pra conter, se, rompen a chorar, mentras Míngos co-as bágoas n-os ollos, respondíalle:

—Non chores, meu sol, si me estimas; non te entregues ó sentimento si c-un algo apreesas a miña vida qu' é toda tua; marcharei, mais e pra que á volta poida lovarte a eirexa e chamarte dempois miña muller; n-aldea nunca xuntarei cartos pr' a casifa, ti ben vés que non-os hay, ¿perdábase que me vaya?

Unha mirada de cariño e pesar foi a resposta.

—Fala, meu regalo; qu' os teus beizos digan que si; y-anque as tuas traxas topen agarimo n-a miña y-alma cando esté lonxe d' a tua veira, ó ménos terei o consolo de que non me gardas xenreira.

A moza sospirou.

—Dímo—insistiú o rapás bicándoll' a man que tiña antroas-euas—pol-a Virxe d' o Carme ch' o pido.

—Qué dexosas de min, si miro que cantas pormesas me tiñas feitas van a trocarse en fume? non che basta o que padezo? ¿in da pertendes que manifeste que estou contenta con que te vayas e me deixes!... Por Dios non m-o repitas... ti eres libre, e si nada che importa unha muller que tivo a disgracia de crérte falso que querras.

—Moito me afrixes, pro xa non tén remedeo; pasado mañan sai o barco, adios miña ruliña; eu non tes' esquencerei mentras viva; irá sempre a tua imaxe n-o meu corazón pra que me dea alento n-os traballos, e legría n-os pesares ¡adios!... qu' o ceo te garde.

E mirándoo tenramente separouse d' ela sin escoitar resposta.

Rosa quedou coma unha estauta, sin tér ánemos pra chalmalo, hastra que se perdeu n-as revoltas d' o camiño.

(Concluírá.)

COMPARSAS E TRANGALLADAS

Diego Corrientes, a Loba, Melgaras e demais familia non foron ladrós; foron *hacendistas*.

Si éles honbran tido esperanza de chegar algun día á mallexar ó diñeiro d' o país, ben seguro que non honbran andado á que salta por trampas e barrancas, expostos á querber pol-a noz d' o pescozo, sinon que cando tiveran a cobizada carteira collerían troitas á bragas enxutas.

Que les facía falla diñeiro porque gastaban mais d' o que debían, bó remedio: facer unha colleita d' a moeda vella de prata e ouro que tivera, por exemplo, 0'075 de ley e volvéla á acuñar aumentándolle a mesura, c-o pretesto de facilitar as transaccións d' o comercio exterior.

Pol-o que se vai vendo a conomía política reddo-

O ANTROIDO.

se á mandar que "tanto capital que tén un cidadano calquera en tales ou cales moédas, quede redocido ás tres coartas partes", si non atopa ocasión de canxealo á tempo ou emprealo en tabaco ou papel sellado.

Xa o sabedes: dende o día 10 de Marzo prúximo o que teña 20.000 réas en pesos duros, si se descoida, non tén mais que 15.000; conqu' así dádemme a diferenza, qu' eu m' as arregrarei c-o Estado.

Co-a moéda de cobre ou bronce acuñada antes d' o ano 68 tamen reza o Real-dacreto, pro esta si ben é necesario unificala, tampouco se perde n-élo pois cada 20 réas d'a vella pesa 24 ou 26 en cás grandes ou pequenos.

N-este momento teño á vista unha solicitú firmada por 146 principáes contribuintes de Betanzos pido o restablecemento d'o tribunal d'a Inquisición.

Non hay qu' asustarse, amabros suscritores d' O ANTROIDO; leva a fecha d' o ano 1814, vai dirixida á Fernando o Deseado, aquél d'a naris longa á forza d' estírala pra oler a sangue d' os liberales, e ven inserta n-un número d' a *Estafeta de Santiago*, prédeco que deben ser abó d' outro que todos coecemos.

Busquei n-aquela estancia un apelido, e viña retrocado ou s' esquencera; eu lía ou solfeaba, *Q D si do,* e esquirbiran n-a lista: *Q D se da.*

A certa farmacia d' esta poblacion levaron algun viño de Valdeorras, comprado n-un establecemento que non se cita, pra analízalo, resultando d'o análisis qu' non era tal viño sinon unha composicion d' as que fan os tintoreiros, item mais, un pouco d' alcohol pra darlle forza.

Como a saúde pública non val un pitillo pra os axotistas, ás autoridades locais corresponde velar por ela; e á este fin o señor alcalde debía dispoñer o recoñecemento d' os viños que se venden n-o pobo, impoñendo correutivos á aquelas persoas que por encher a ucha non teñen reparo en envenenar pouco á pouco ós consumidores.

Que si algun lle chama viño, será por dicir: *chegou* Riveiro, sin ser d'o Miño; Castilla, por un camiño qu' á Castilla non cruzou.

Por fin e como era d' esperar, ó paso que sempre levan, un ecche atopellou n-a Ponte-Vella.... nada mais qu' un farol, por hoxe, qu' outro dia será un neno ou unha persoa maor.

Un xuxeto qu' iba n-o interior d-o vehículo vense precisado á deterse tod' o tempo qu' a autoridad, en uso d' as suas atribucións, creu necesario pra pidir a responsabilidade á quen a tivera, á pesar d' a *inmuniad* d' o tal señor, que por certo tivo arranques de moitos fumes e antr' eles o de pagar 80 réas impostes de multa ó condutor d' o ecche pol-o desperfeuto.

¡Bén pol-o señor alcalde, e bravo pol-o viaxeiro rumboso!

Dinnos, sin que poidamos afirmala noticia, que tres inxenios d' esta localidá puxeron en apertura os seus maxis co-ánemo de facer un *despropòseto* pr' o antroido (non o prédeco).

Según noticias está bastante adiantad' o traballo, y-eso qu' alguns d' eles son bastante perguiceiros; pro así e todo, é seguro qu' o dia d'a cinza estrenarase con éxito e proporcionaralle unha boa entrada á sociadá *Liceo Recreativo* que lográrá esté animado como nunca o baile d' aquela noite.

Témos entendido qu' antusiasta sociad' o *Liceo*, sin reparar en gastos, pensa facer ó noso tocayo o antroido un manífico enterro, en canto papexo o derradeiro ay, e ese lle vaya co-él o último folgo.

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

Soportás d'o Campo, 7

TEODORO D'O CAMPO

—Segunda Colexa.—

UNHA GRAN PARTIDA DE VIÑO NOVO

DE TORO, SUPERIOR

á 6 cadelas pequenas neto

—e por maór á 36 réas a cántara.—

Valdeorras á real.



XESOALDO SEOANE

Socesor do *Farruco Pres.*—Ruatravesa.

Señoras e señores, nenos, nenas, os que queiran calzado bó e xeitoso qu' hastra n-o andar á un coxo fai garfoso faise aquí por millares ou docenas.

A barato e primor ninguén lle gana e á fino cando vai tomar medidas, e as qu' as toma unha ves, agradecidas son pra vitam eternam parroquianas.

J. FRANCO FOTÓGRAFO, IA REAL

¡Retratos á real! Alá vou eu á que saque a lisonc máis d'o rostro d'a miña cara ou carantoña.

O ANTROÍDO

Por cinco perros ó mes
léis ANTROÍDO tod' o 'ano,
e sin saír d' a lareira
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacará a carántua.....
si afroxas antesos cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN.

Burricos, Febreiro 8 de 1887.

Amigo Inocente: Recibin a carta que pol-O ANTROÍDO d' o último xueves m' escribiche d' os iní fernos, e abofellas, si a disricion que d' eles fas, non me puxo, de medo, os pelos d' a cachola tesos como fungueiros: d' end' estonces o meu corpo parecía o d' un azongado, e xa me contaba perdido si non chego á atopar un remedeo que puxera pas n-a miña y-alma e me barres a intranquilidá que conmigo iba acabando á forza de cavilar. **PRO-DIOS; que nunca** esquece d' os seus, tocoume n-o corazón amostrándome unha lus pra saír d' a escuridá en que t' me meteras.

É o caso, meu amigo, que tendo que facer unha cova pra meter o cadavre d' a filla de Xacome Chupas, morta de nacida. Ocurriúsemse rexistrar a tua fochanca pra ver si estabas n-ela; e ¡cal non seria a miña admiración cando dempois de sacar a terra que te cobria arguín a tapa d' a caixa e te vin enteiro e mais teso qu' un carton, dentro d' ela! Aquí hay engano,—dixeu pr' o meu calsaque,—e volvin á poñer o conto como estaba pra que non entrase a pidemea c-os veciños, tan apestado ora o cheirumo que d' o teu corpo voaba. Largueime pouco á pouco pensando e co-as orellas baixas en dreitura á casa d'o crego pra lle dar conta de qu' a cova estaba feita e maormente pra lle perguntar o que me pasara co-a carta o contigo. Pois ben: cheguei á sua casa e a primeira cousa—pois xa non me cubía o pau n-o corpo—foi falarlle d' esta maneira:

—Señor cura: quixera que vostede me sacara d' unha dificultá que se me meteu n-a cachola.

—Cál é, Bartolo?

—Señor, qu' eu recibin unha carta d' outro mundo e n-ela dime o meu amigo Inocente Vexo, que foi parar ós infernos, porque n-a hora d' a morte, co-a forza d' a dolor bétou un xuramento dempois de s' haber confesado e comulgado.

—E ben, e qué?

—Que pra m' acerosocar de qu' estaba n-o inferno descubrin a cova d' él, e vin-o así tan teso e tan que do como caud' o metia n-él...

—Certamente qu' o verías; mais non vichela y-alma, qu' é a qu' está penando pra sempre.

—¡Ay, señor cura! ¿e d'estonces porque vostede di ós filigrases, e a cartilla d' a doutrina tamen o reza, qu' os que van ó inferno van en corpo e y-alma?

—Dicimolo pra que..... ¿entendes ben? é porqu' os que tendes curiosidá por saber o qu' aló pasa sodes unhos... burros, ¿entendiche? que nunca podredes como nos, alcanzar o qu' eso significa.

—Eso está ben; pr' ó cabo vostede non desfixo o novelo e déixame n-a mesma duda que tifa.

—Desfeito está, Bartolo: ¿non ves que si ti e os mais d' a parroquia soubérades tanto com' os cregos, d' estonces non me necesitábades pra nada? Tí sigue traballando como de cote, e d' esa maneira poderás dar moitas misas á Irexa, qu' é o prencipal, pra qu' as almas d' os teus parentes salian logo de penas.

—Pro señor cura: si as almas non han de ser xugadas hastra o fin d' o mundo en que todos nos hemos de presentar diante noso Señor c-os mesmos corpos e almas que tuvemos ¿como pode ser eso de que desd' o auto qu' un morre xa vai dreitamente pr' ó ceo, pr' o inferno ou pr' ó purgatorio, caud' a cartilla d' a doutrina reza diferente?

—Dígoche Bartolo, qu' eres muy languateiro e que d' estas cousas sabes tanto com' a miña besta: e aconséllote a lo ten ben, que non botés a lingua á paquer entre os vaciños. Si tes cobiza d' o qu' eu gano por dirixir as almas encamiñandas pra ó outro mundo, non che teño culpa, estudearas pra crego é serias com'en son. Vótaste de leido e vaiche salir car' ó conto.

—Está ben señor cura; pro su non teño cobiza nin son leido, mais faine cóchegas ó que vosté non m' esprime...

—Basta de léria! qu' a culpa non é tua si non miña ó dar oidas á xentes inorantes... Vaite se non que que m' enfada.

Salin d' a casa d' o crego mais triste qu' a noite, pensando en qu' me iba saocar o emprego d' enterramentos por lle facer preguntas ás qu' él nin naide pode contestar; mais dempois que vetei un coarteron d' aguadamente xá me puxon adeute e cavitei qu' anque m' o

O ANTROIDO

quite, eu teño forzas n-as mans pra traballar com' has- tra aquí e darlles ós meus fillos broa e escola: pro él s' a xenta abr' ó ollo e s' adacata que mil demes de na- da val todo canto fai... como sudol' quédache lucido sin saber manexar ó legon....

Xa se fai demasiado longa esta carta, mais antes d' acabala, debo darll' as gracias ó redantor d' O AN- TROIDO que s' valeu d' o nome d' meu amigo pra me bromear e metéreme medo c-o inferno: ben as merece por que, digo a verdá; s' él non é, estaria tod' a vida metido n-a calle d' as bestas.

BARTOLO.

NON FALES D' ESO.

(CONTO.)

I

Aló, unha tard'
Fai algun tempo,
A garridiña
Rosa d' Anxeio,
Gardab' o gando
Qu' está pacendo,
N-o chan deitada
Pilland' o fresco,
Baixo d'as follas
D' un castiñeiro.
Mellor paraxe
Non pode habelo;
E-vos un campo
Tras d' uns penedos,
Onde hay carballos,
Chopos e texos,
Vimios e buxos,
Chorons, lauriers,
Moitos froitales
Grandes, pequenos,
De cantas castas
Podás quereiros.
¿E de pázaros?
Hai-nos á centos:
Sirins, labercas
Xilgaros, méiros,
Pombas, carrizos,
Pardillos, petos,
Curuxas, mouchos
E lagarteiros.
Acolá en baixo
Sobr' o rigueiro,
Feito de taboas,
Vese un pontello
Xunt' o muíño
Que está moendo,
De verdes ed'es
Todo cuberto.
Onse all' atruxos
Cântegas, berros,
Que dan os mozos
Que van direitos
Á unha ruada
Qu' hay en San Pedro;
E os cans que ladran
Xunt' os paleiros.
Mais este día

Sólo de lexos,
Pois cabo Rosa
Todo está quedo;
Nin unha follá
Sacod' o vento.
E solo a auga
Que leva un rego
Limpia, crara
Como un espello
Vai entr' as herbas
Rebulcendo.

II

Era Rosiña
Roxa d' o pelo,
Cara fidalga,
C' uns ollos negros
Mais qu' as amoras
Madurecendo.
Brancos os dentes,
Labres bermellos,
Com' as cereixas
Son n-o seu tempo.
Fina d' o corpo,
Resia de peito
E direitiña
Como un esteo.
Leva vestido
Pano marelo,
Dengue escalrta,
Dourado adreso,
Camisa branca.
Fino mantelo
;Ayl' era Rosa,
Vállam' o ceo,
A mais garrida
Moza d' Oleiros...
¡D' Oleiros dixer!
Non, non é certo:
Dende Betanzos
Hnstra Monelos,
Ganando á volta
Moito mais lexos,
Por Vilaboa,
Anceis, Albedos
Nós, hastra Guitimós...
Non toparemos
Unha rapaza
De mais proveito,

Mais cobizada
De mellor xénio.
¿Anque deitada
N-o chan avemos
Ela non dorme
Nin moito ménos,
Que ten entrambos
Ollos abertos.
¿Qu' é o que lle pasa?
Non sei; diretivos,
Qu'éla sospira
Decote á oito;
Qu'os seus ollos,
De bágoas cheos,
No chan engravá
Sen conocelo;
Qu'algo lle bule
No pensamento...
—¿E mal d'amores?
Xa ó saberemos.

III

Quedo, axexando
Tras uns codesos,
Estaba o mozo
Xan de Lourenzo.
Saleu d' a casa
Sendo inda neno,
E d' unhas terras
Que non relembro,
Volveu un home
Feito é direito,
Con alguns cartos,

Pol-ó Xaneiro.
D' unha perxada
Brinc' o portelo,
E cabo Rosa
Foise moi teso.
Xan non vos era,
¿Lévem' o demo!
Nengun queicoa,
Nengun babeco,
Nin unha miga
Curto de xénio.
Moi pol-a contra;
Era un compreto
Rapas d' as festas
De moito xeito,
Cacho d' abondo
Moi paroleiro.
A caron d' ela
Foise pofendo,
E agarimouse,
Pilluoll' os dedos,
Que ll' estricaba
Sin retorcerllos.
Un bon anaco
Caberon quedos;
Pason un pouco...
Xan, medio cego
E papexando
Com' un taxexo,
Dixolle:—Rosa
Xunt' a tí veño,
Para contarche
Tod' o que penso.

(Concruírase.)

MALES D' A EMIGRACION.

(Historia d' actualidá)

(Concrución.)

III.

Pason o tempo.

Mingos entrou n-as quintas; e como non acoidia ás citacoas que lle fixeron, y-ademais naide puxó escención pra libralo d'o servico d' o rey, a xusticia tomou man d' os poucos bés que fían os pais, sendo tal a pena que estes sintiron, que non poderon resistir ese aldraxe, baixaran á cova un á seguida d' outos quince días despois de feito o embargo.

Rosiña, presa d' a malenconia, ben pronto lles debía facer compañía, pois non tiña forzas pra ver con indifrenza a desgra- cea d' os pais d' aquel á quen tanto quería e que en pago d'o seu cariño, lle deixara o recordo de días mellores.

Unha mañán ergueuse como sempre á saída d' o sol, lavouse peinouse e foi botar millo ás galifas, cando reparou qu' o car- teiro tragula un sobre n-a mar e camiñaba en direitura á casa d' ela; o curazon doulle un brinco de logia e correu o seu en- contro:

A carta era de Mingos; viña d' o Rio Xaneiro, e dicia asna:

«Miña querida prenda: ó cabo de dezaseis días de mar te- ven a fortuna de chegar vivo á esta cidad, n-a que pillín te- «hallo sin que naide m' escoitas: cheo de fame metíame meo «de corda, pro tamén pasei moitos días sin ver o pan; hoxe gústi «dous reas, e' os que comprí algo de comer y-os mesteres pra «che esqúrbir, cal era o meu desexo, e dicirte que drouto d' n- «has semanas volverei a esa miñigülla terra. Queo vire, meu «veñ, e pedirche gardon por non seguir o teu consello.»

"Dalle moitas mamorias a teus pais y-os meus, e recibe unha aperta d'o que te adora. —MINGOS.

Rosa leu e releu o papel sin poder apartar os ollos d' el, entranzando que decia para si:

—Coitadiño!... ò fin virá; pro xa non ten pais; éi non-o sabo éi coita que inda alentan, é vai a levar o mais fero d' os disgustos; eu deberia esquecelo, mais non podo: que bô mozo era!

E refreusionando d' este xeito, gardou e cartá n-o bolsillo d' a saya, sin darlle coñecemento d' ela a seus pais.

Ò promediar un día d' o mes de San Mingo, catro meses depois d' os acontecementos xa ditos, un vello, descalzo e coa roupa en anacos, chamaba a porta onde estiveran os pais de Mingo. Aquel vello era o seu fillo, que estonces tiña vinte e tres anos. Coimo naide lle respondese, buscou á seus parentes, os qu' o enterraron d' a morte, asombrándose de miralo tan' profubiño e d' andolle coma e comida.

Mais tarde se arrepenia d' a sua falcatra; a fame que pasara lonxe d' a terra, arrimárasele ó peito y-os dous dias shi morreu sin tór o pracer de que Rosiña acollése o seu derradeiro suspiro.

Eu confeso qu' ò contarme esta historia chorei pensando cantos hay que soñen a mesma sorte que Mingo por guiarse de galopis que lle fan ver o que non é; por dar creto a mintireiros que sin conciencia nin amor ó santo lar onde naceron, gózanse en botar os pol-o mundo adiante pra qu' a morte faga a sua colleita y-os negociantes de sangue humana se aproveiten zunguñolle hatra á derradeira pinga, facéndos traballar noite e día e despidíndos caudo xa ven o pastasma d' a enfermidade en col d' os infelices que, obedecendo estonces a voz d' o deuseo, volven á pátria, si dinantes non deixan alá os hósos.

Einda haberá gallegos que soñen con trocar esta terra onde ò deo derramou toda clás de bondades, por outra que, anque sea boa non pode tór comparanza co-ela?

Einda haberá quen atenda as barballoadas d' os tratamentos de xente?

¡Dios o faga millor!

R. Pesqueira Crespo.

COMPARSAS E TRANGALLADAS

O sábado último celebrouse en Aranzuez, baixo a presidencia d' a reina rexente, unha festa pra comemorar a fundacion d' o Asilo d' horfos de....

—De probes albañiles ou carpinteiros desgraciados n-as obras?

—Ca!

—De mariñeiros navegantes ou pescadores?

—Nin por asomos!

—De mineiros, de traballadores d' os camiños de ferro, d' industriais d' artistas?

—Non-o acertades. Os fillos de todas as clases que citáchedes, quédalles por herencia ó morrer seus pais.... a caridá pública ou a oficial, e anque seus pais fundaran un asilo pra eles, seria o-os seus cartos e non-o costearia o Estado con 155.860 pesetas, qu' é a cantidá con que vosoutros carpinteiros, albañiles, labregos, mariñeiros, mencestrales todos, auxiliades, mal que vos posee, o tal asilo, porqu' así o disputo vós administrador e tutor o Goberno.

Mañan, si ó toparos n-o alto d' unha estada, d' leitando co-as clas d' o mar, ou abrindo un tunel, su-

cumbides; si a forza de baixar o lombo sobre a caixa d' a imprenta ou sobre a pedra d' o litógrafo morredes tísicos, vos os fillos, ó estender o pucho furado pol-a vellez, en demanda d' unha limosna que non alcontran, volverán os ollos cheos de vagoas contra o céo buscando n-él o voso espirtu pra maldecirvos porque non tuvéchedes o acordo de fundar un asilo pra os fillos d' o traballo, e infruxo bastante pra lograr qu' o Goberno, por medo, por preferencia ou pol-o que sea, axudase a benéfica empresa con 155.860 pesetas ó ano.

En boa hora que, pol-a iniciativa particular, s' establezan sociedades de protección pra todol-as persoas e pra todol-os fil d' a vida; pro, ¿porqué o Estado, que moitas veces pon travas ás asociaciós populares que teñen por oxeto defenderse d' a miseria, fai de padriño n'un asilo d' horfos de militares, regalando talladas á costa d' o pais?

¿É a clás militar a mais necesaria e beneméreta d' a patrea? Aínda qu' o fora eran inxustas as preferencias. ¿E, quizás, a que menos probabilidade tén de poder facer economías pra deixar ós seus fillos a sustistencia asegurada? Ó contrario, porqu' as pagas d' os xefes e oficiais gardan tal desproporcion c-o que producen industrias, comercio, profesións e artes, que mete cobiza á todol-os demais cidadanos d' asentear praza d' alferes ou xeneral.

D' estonces, ¿cómo se xustifica ese luxo e esas preferencias en favor d' unha sola e úneca clás d' a sociedade? ¡Ay, xa cayo d' a burra en baixo! Eu creco, e Dios m' o perdoe si m' aquivoce, qu' é porque d'ostituindo esa clás a forza pública conven agasalala, porque n-a sua man está facer ou destacer, e así mesmo facían os Césares romanos c-o guardia pretoriana, pra conservar o poder.

Pobre pais n-o qu' os gobernos teñen por pauta, non a equidá e a xusticia, sinon a especulacion d, apadrinar e protexer unha clás.... porque si, mentras se esquecen d' as outras que ximen estruxadas baixo d' o engranaxe d' a máquena adeministrativa, e non figuran mais que pra sadar e pagar, sumando os restandos n-as uchás sin fondo d' o Erario.

A duas persoas d' esas que por desgracia sua creen pouco (ou non creen nada) d' o qu' os cregos padrican, chamoulles a atención qu' un d' esta clás, d' a aldeia, vestido de siñor con sombreiro hongo e todo, se fose á sentar, o día d' o pimsiro, frentes a tenda qu' os protestantes poñen os dias de feira n-o canton de San Roque, pra vender libros e padricar a sua relixon. Passaba eu por all, e perguntáronme aquelas o meu parecer acerca d' o asunto; espiquille que nada tiña de particular, pois cumpria o crego co-a sua obrigacion coitando qu' a suas ovelas non fosen á pacer n-aquel prado, n-o cal habia herbas dafinas. Votáronse á rir e fixeron bulra de min, dicíndome que non sabia d' a misa a media.

—Non ves, burran,—me dixeron—que si as ovelas teñen fê n-a herba qu' o crego lles dá pouco importa qu' un d' outra relixon lles diga qu' a herba sua é millor? Pro como non-a teñen—siguiron dicíndome—porque si lles dan herba que lles enche o estómago d' a y-alma, en cambio eles enchen o estómago

d'o corpo co-a láa qu' as ovellas criau á forza de traballo; d' ahí qu' éstas anden buscando, e non atopen, por bestas, o medio de qu' a láa lles quede pra manter os fillinos e pagal-as contribucións, e non pr' o crego, que maldit' o que suda pra se dar boa vida de folga, mentras qu' o probe labrego suda sempre c-o traballo e come peor qu' os porcos n-a vila.

—;Sodes uns Xudas!—berrei fora de min,—e desde hoxe desprece a vos' amistad: burrans sodel-o vos-outros, que non acabades d' entender qu' ó crego hay que mantelo porqu' é un home com' os mais e v' ve d' o seu oficio; e si ben é certo que Xasucristo lles dixo que "desen de valde o que de valde d' El recibiron", aviados estaban os profitos si non comeran e roeran por conta d' os filigreses; os cales, ó fin e ó cabo, canta mais penuria, fame e miseria pasen n-a terra, maor será o quifion de gloria qu' aló han d' atopar.

Así falei, e funme facend' o propóseto de non parolar xamais con xente tocada pol-o esprito d'o demo, é decir, d'o progreso.

Si lles contestei ben ou mal, como católeo romano que son, os lectores o dirán.

Si topades n-o camiño d'a Enfesta e depois d' anoitecido unha certa indivioa que c' unha cesta ou un bulto calquera n-a cabeza somella, andando de Ceca pra Meca, que vai á algun mandado, chamádevos á engeno, porqu' a tal é unha buscona, com' as chamaba o meu compadre Quevedo.

A outra noite, sin ir mais lexos, topouna un meu amigo e depois d' un rato de leria, veno' ela que non lle saian ven as contas, sacou d'a liga un chisme de cortar, e non sei eu en qu' houbera parado o caso si o tal non lle dá sebo ós pés.

O rapaz non foi prudente,
pois co-estas raparigas
así de xenio doente,
é bó rexistrarl' as ligas.

Chamamos a atención á nos' autoridá local e sobre todo á polecia, pra que vixilen os pasos de certa muller que, c-o agullo de pidir limosna, entra n-as casas pra facer d' as suás.

Onte mesmo socedeu o que referimos n-a casa d' un noso amigo, e pol-o que se dí á muller é de malas mañas e o seu home estivo complicado fai pouco tempo n-unha causa criminal.

¡Siñor Nuñez, vosté qu' é cabo d'a ronda municipal, poñ' á bón recaudo á indivioa de que falamos.

Gracia qu' esperan alcanzar as portas e pechaduras, e pol-a que... etcétera.

Si autoridá se levantara cedo un día de feira e quixera dar unha volta pol-os Portás d'o Campo, viria qu' os viciños d' a Calaxa sin saída quedan encomunicados hastra media mañá c-o resto d'a vila, porque lle cerr' a entrada a feira de xuvenços qu' all se fai.

¡Poderáse remedear est' abuso? Nosostros cremos que se remedará.

A hora de cerrar este número, aínda non caeran ó chan media ducia d' esqueletos de casas que, unhas apuntaladas y-outras sin apuntalar, están esperando á que pase á veira moita xente xunta pr' aplastás.

O qu' élas din: "Xa qu' o señor alcalde non fai caso de nos, habemos de facer unha que sea sonada."

O baile d'as Candeas n-o *Licco* estivo bon, non, BON: tratar de discibillo é unha toleria, porque non temos palabras bastantes pra dar colorido á aquel conxunto de bón gusto, hermosura e elegancia. ¡Estou, como rey, ben satisfeito! Pidir mais fora xa galdrimeira! ¡Adiante, rapazas e rapaces, qu' eu logo morro e despois.... companas por gaitas!

IMP. DE A. AMENEDO PONTE.

J. FRANCO

FOTÓGRAFO.

63.—Rúa-Nova,—63.

Eseusado é dicir a perfeccion e esantitú con que dito fotógrafo executa cantos traballos se l' encargan, como tamen a nunca vista baratura non preceio d, as suás obras.

Sigue retratando o mesmo os días de sol como n-os nubrados ou chuviosos.

Retratos á REAL.

XOSÉ AMADO

36.—CANTON GRANDE,—36.
BETANZOS.

O repito, anque xa o saben veciños e forasteiros: título de profesor

pra arregrar barba e cabelos, o público dá en xusticia á Xosé Amado o barbeiro, úneco que vai c-o sigro n-a elegancia e n-o bó xeito. El non escentima os cartos en perfumos estranxeiros, en xabons d' última moda, en navallas y-en cosméticos.

Entra n-o establecemento con polvo n-a chola un vello, y-ós dez minutos ve un xoven en un manífico espello.

O que veña de Madril, de París ou de Burdeos, si val á sua barbería, non bota nada de menos. Si él chega á saber qu' o aiabo rábea, porqu' é moi modesto; mas eu berro: *Non plus ultra* Xosé Amado entr'os barbeiros.

O ANTROIDO

Por cinco *perros* ó mes
tês ANTROIDO tod o 'ano,
e sin saír d' a lareira
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacarás a carantula.....
si aí roxas antes cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMÉN

OS CHISTOSOS.

Dí un refran qu' o fruto malo abonda moito, e aténdonos á sua moralexa moi cativo debe ser o fruto que ten por nome o epigrafe d' este artigo si pol-a abundancia que d' él hay habémolo de xuzgar.

D' a abundancia d' él todos podemos dar fé, porqu' a metá pol-o mémos d' as persoas que trata calquera son ou pretenden ser chistosos.

Pasemos por alto os que teñen ben merecida a plaza de tales; aqueles que por temperamento e inxenio extraordinario, teñen sempre unha agudeza n-a punta d' a lengoa d' esas que fan rir os homes sérios e lo talento; e non ós tontos que se rim' á risa, e vamos á deseñar en catro garabatos o retrato d' os chistosos por forza.

Moitas concausas pode haber que empuxen e decidan á unha persoa á adoutar n-a sociedade o coraoter de *fai-me-rir*; pro entre elas pode supoñerse con razón que figuran a adulación d' as xentes inferiores en posición ou instrucion, sempre dispostas á botar a carcaxada en canto apunta un chiste aquel de quen esperan ou temen algo; a oibilidad d' alguns pais que crén e fan crér ós seus fillos que son moi agudos, e, en todol-os casos, a falta de criterio propio pra xuzgar si o qu' un mesmo di ten ou non verdadeiramente gracia.

O chistoso ama a fama de tal tanto ou mais qu' o publicista, o poeta, o artista, e está sempre disposto á sostela, non parándose en barras cando de facer rir se trata: pol-o regular a tela que moegan as suas tixeiros é a qu' o home xeneroso sempre respecta, a dibilidade e a disgracia; entremezcla a seus ditos con carcaxadas forzadas ó modo de ruído de matraca, sendo sempre él o primeiro qu' os celebra, facendo así d' apuntador d' o auditorio, e si dempois d' espirmir moit' o seu maxin non lle sal unha alocurencia ó seu gusto, enton rebusca alcumes que poñer ás suas vítimas ou inventa algunha calumnia, reservando sempre pra a despedida o dito mais salpimentado e a risotada mais forte.

Cando atopa con algun contrincante, non perde de vista que xoga a sua fama de chistoso, y-entón, so-

brescítad' o cerebro pol-a prespectiva d' a batalla, queim' has-ra o último cartucho, é dicir, bota man de todol-os recursos d' o seu maxin, convertíndose a sua boca n-unha batería pol-a que salen, á modo de proyectiles, calumnias, insultos, alcumes, risotadas e hastra baba venenosa, e si n-aquela desposicion mordese á algunha persoa, é seguro que lle pegará a rábea.

Estes tales chistosos, á forza d' andar á caza de defentos alleos, adiquirin o caracter vixilante e agresivo d' os individuos d' a raza felina o-os que teñen algun parentesco pol-o istinto dafino; pro non todos por fortuna d' a sociedade, chegan á este extremo, porqu' tamen hay outros chistosos qu' anque collean d' o mesmo pé, teñen boas condicións morales, e mais qu' outra cousa son monos d' imitacion, sin minga de meollo pra sacar á rel cir unha agudeza propea, vindo á ser así como uns enciclop.distas de cantas parolas e ademans ven n-os outros e cren que teñen gracia.

Cando a manía de ser chistoso aveceña n-a cachola d' algunha muller, o demo que cargue co-é-la porqu' o mal sube de punto, pois sendo a sencillas e o candor as maors gracias d' a muller, os ditos maliciosos e ás veces oscenos son mais ben unha fealdá qu' unha gracia, qu' a somella á unha tarasca ós ollos d' os homes de bó xuício.

Moito me queda n-o tinteiro, que non quero esquirbir por si as señas me saen personales de mais; e como por outra parte o que vou dicindo é mais verdadeiro que chistoso e a verdá resolta sempre amarga, ceibo a prume, protestando ós meus leitores que nin son chistoso nin pretendo selo.

Foivos verdade.

Serían as dez, pouco mais ou menos, d' unha noite d' o mes de San Xaen, cando n-a boniteira parroquia de X... lle acordou á Pedro o qu' él mesmo me contou.

A caridá d' a lue que alomaba todol-os paraxes d' a pequena aldea era tanto, que Pedro, esquentándo-

so de qu' había n'a xente n-o lugar, atravesou sin medo e sin arma nin pau ó pinar que chaman d'os Defuntos. N-a y-alma de Pedro vultia solo o recordo de Teresa qu' o esperaa n-a porta d'o Pozo Grande, e non se decataba que n-o mesmo pinar viáanse de noite as imáxenes d'os hom s e mulleres que mataron ali. C-o pensamento fixo n-a nena que segun él agardabao con ansa, camiñaba pol-os silenciosos carreiros d' a campaña c-os ollos cravados n-as longas torres d' o Pazo, que se descubrían aló por entre uns árbres.

Non había satisfacción que chegase co-a qu' o rapas sentía d' estonces, nin alegría n-o mundo que s' asemellase á que lle predocia a boa conduta que sempre se veu en Teresa; ela nunca di-a que falar nada á xente d'o lugar, e a' mistade que lle tiña á Pedriño —qu' así lle chamaba,— nacera n-o fondo d'o seu corazón c-os seus primeiros anos.

Así, pois, sigüía Pedro, envolt' a imaxinación sua en terras ilícitas, cando traspoñendo os castaños que lle sirven á Casa-grande d' adorno, chegou á vel-o Pozo Grande; n-a porta principal describrou com, ó modo d' un bulto que non soupo reconocer, pró que maxinou fose a rapaza: acercouse mais, e trembando com' a vara que sacode o vento escondouse tras d' un penedo pra mirar ven o que lle parecía un sono e non unha realidade. D' ali á pouco, limband' o sudor que lle roubaba os folgos, comenzou á chorar como un neñiño e caeu sin sentido entr' as herbas qu' esmaltaban o prado que chaman d' a Fonte.

¡Acababa de ver.... á Teresa que faiaba c-o señorito d'o Pazo!

Cando á mañá siguiente a xente d'o ruciro soupo a disgracia que tivera Pedro ó pasar o Pinar d'os Defuntos, xa ó rapaz lle facía falla a protección d'o médeco qu' acodeu moi lixeiro en axuda d'o mozo mais comrido d'a parroquia. Tod'al-as preguntas que lle facía o doutor respeito á doencia e a fantasma que se lle aparecera a noite en qu' o atopou como morto n-a cabeceira d'o Prado d'a Fonte, tiñan por resposta un suspiro longo e lastimero que fuxía d'o fondo d'o seu peito, e solo algunha ves escramaba:—“Teño unha ferida n-a y-alma que vostede, lonxe de sanala, inda m' a desgarrar mais”.

Xa o leutore terá adiviñado qu' o médeco era o señorito d'o Pazo.

Pedro fora sempre un bon mozo, e anqu' era n-a aldea o idolo d'as rapzas todas, ós poucos meses tivo que deixar a terríña por mor de non ser pillado pol-o médeco, pois este alcontrou unha noite á sua muller que.... falaba c-o prometido de Teresa.

Hoxe Pedro está de camareiro n'un d'os milllores cañés de Madril, y-é o qu' en tal establecemento serve aquei sabroso líquido ó autore d' est' esquirto.

Madrid 30 de Nadal de 1887.

—*—*—*—
NON FALES D' ESO.

(CONTO.)

Conversación.

Eu estou tolo,
Eu estou lolo,

Quas que non durno,
Sinto no péito

Tal telouquido
Cando te vexo,
Que me asemella
Qu' estou morrendo.
¡Ay, miña xoya,
Canto te quero!
Di—¿dasm' un bico?...
Rosa moy quedo
Dixo, entr' os dentes.
—Non, mintireiro...
Todos os homes
Sodes ó mesmo,
Vaite, Xan, vaite,
Non fales d' eso.
—¿Quó non che fale?
Non che dou creto.
¿Ves com' as rulas,
N-os ameneiros,
Amorosifias
Nos dan exemplo?
¿Ves com' axuntan
Os seus peteiros,
E estanse dando
Bicos á cantos?
¿Dásmo, Rosiña...?
—Non, fuxe demo,
Fágoch' a figa,
Erte lixeiro...
Vaite Xan, vaite,
Non fales d' eso
—¡Ou, desleigada...!
Si, agora mesmo
Voume e non volvo,
Voume moi lexos;
D' soedad s
Y errerei presto...
Añós... Non fagas
Qu' en xuramentos,
Chame hastra os díaños
Todos d' o inferno.
— Xan, non te vayas,
Volve... ¡Eu tolelo!
¿Non ves que choro?
¿Non ves que peno?
¡Ay! Por a Virxen,
Non fales d' eso.
— Di que me queres...
— Ti, que eres meigo
¿Non ó adiviñas?
¡Boo! cabe quedo...
Esa man tira
D' o meu hombreiro...
¡Vaite meu fillo!
—Non, xa me quedo,
Miña vidíña,
Meu pensamento.
Pidínch' un bico...
(Dásel' a un neuo)
¿Non queres darme?
E'n, roubarícho...
¿E si ch' o voubó?
— Destoncae, bueno;

Sendo roubado
Culpa non teño;
Tocant' a darcho,
Non fales d' eso.
O que pasara
Depois, calemos,
El era lume,
Ela tomentos
E axifa, axifa,
Soprou ó Demo.
Eu, sólo podo
Contar de certo,
Qu' á o fin a nena
Nin dou un berro,
Nin mais lle dixó
Non fales d' eso.
Aqueña tarde
Posou n' un verbo;
Cando acordaron
Viron n-o ceo
A crara lua
Que s' iba erguendo
Por entr' as follas
D' os ameneiros.
Forons' a brincos
Como coellos:
Cando chegabán
D' a casa preto,
Dixolle Rosa:
—Xan, teño medo
De que me mintas,
Por eso quero
Que tí me fagas
Un xuramento.
—¿Cal?—Que lle fales
A meu pai, presto:
Mais entramentras,
Mañan espero
Xunt' o muíño
D' os castiñeiros.
Xan dand' un brinco
Como cadelo
Que vent' a lebre,
Dixolle—¡Demo!
¡Eu xurar, Rosa?
¡Boa gana teño!
A as boas noites.
Tocante a vernos.
Mais, non ó pense
Non fales d' eso.

IV.

O fin d' o conto
Qu' o cont' o crego
Pois ben ó sabe:
Eu calareino
Pois esquencino
Fai algún tempo.
Fógoll' a todos,
Moxos ou vellos,
Qu' anque s' acordés
Non falen d' eso.

BENITO LOSAZA

COMPARSAS E TRANGALLADAS

Di *O Inaparcível*, de Madrid:

“O cidadano francés, veciño de España Mr. Agustín Bernard y Cotant, xerente de dúas sociedades d’ ostricultura en Betanzos, presentou ant’ o Tribunal Supremo querrela contra algunhas autoridades por detelo ilegalmente.

Segun manifestou ó interesado, foi ditinado en Madrid, e estivo preso uns cinco meses sufrindo moitas penalidás.

O que parece, as autoridades resiguian á un tal Estanislao A-Bernard e confundirono co-él á pesar d’ as probas e portestas que fixo pra dremonstrar seu verdadeiro nome e sua inocencia.

O aumento d’ a criminalidá en Galicia d’ algun tempo á esta parte, dá márxen á qu’ os neos lle colguen o milagre ó condanado progreso que trae consigo a falta de fé.

O de falta de fé pase, porque solo proba que n-as cacholas d’ esta xeneracion non caben rodas de moíño; pro en canto ó progreso, ¿qué progreso nin que farra-po de gaita desfrutan os probes labregos que son os que cometen mais delitos, xa n-as festas e ruadas, e xa tamen pol-a repiña, hastra certo punto desculpable n-os que, como éles, adocen co-a fame, agobeados pol-os trabucos, pol-as pensidós e hastra pol-os preitos?

Mais por desgracia ó certo que pr’ atravesar hoxe os camiños hay qu’ ir armados hastr’ os dentes como si se viaxara pol-o interior d’ Africa, e qu’ en certos casos é mellor topar c-os lobos que con certa xente que por unha peseta sega o pasa-pan á un home, como din os predecos que lle fixeron ó probe trovador e rascador de violín o simpático don Adolfo, on por probar un revolver e votarse fama de valentes métenlle á calquera unha onza de plomo n-o corpo.

Aquí o que fai falla é qu’ a xusticia non fag’ a vista gorda por mor de... e qu’ ó qu’ a faga se lle aprique tod’ o rigor d’ o Código.

Xa chega d’ o Antroido,
con noites moi frias,
o alegre reinado
por solos tres dias.

Os dioses á honralo
d’ a mansion olimpica,
descenden en nubes
(ou chuvia ou pedrisca).

Por fago unha cuba
e a frente aloceida,
xa baixa o dios Baco
sin soltar a chispa.

Trae-él, revuluido
ó modo d’ aviseo,
en canto de berlo
cauía Terpsicora.

Venus, qu’ é d’ as diosas
mais amorosifias,
co-a presa esqueuceulle
vestir e camisa,

e así é o seu traxe
d’ o máis realista,
cara, pelo, brazos,
peito e pantorrillas.

Si as d’ o mesmo seuso
qu’ este mundo habitan,
siguen a sua moda,
enton si qu’ atinan.

Tamen Cupidifo,
co-a venda n-a vista,
d’ espetal-o dardo
a ocasion atisba.

Por fin, o dios Momo,
maxestá divifia,
rucrama d’ as xentes
mil hurras e vivas.

¡Ven veñan os dioses
que tran a’ legría,
con músecas, bailes,
amores e orxías.

Berremos, pois, todos
chorando co-a risa:
¡Que viva o dios Momo!
¡O Antroido que vivaaa!

Hombro dar un pesamento cando me contaron a noticia qu’ hoxe trasmito os meus leutores (anque non sallo fiador por cauto se me fai cost’ arriba o que n’ ela se di) pra seu conecemento e admiracion si por disgracia fose certa.

Parca qu’ o crego don Silvestre, vello e achacoso caen co-a forza d’ o mal non leito quizaes pra se non erguer, e qu’ n-él houbera morto xa de fame e de miseria si alguns veciños de bon corazón non o atenderan e auxiliarian, e sin qu’ os compañeiros d’ el (esceuto un) s’ acordasen de socorrelo en tan desconsoada situación.

Ripite que non quero nin debo dar creto á esta noticia por qu’ os que pradicen de cote a caridá e o cumprimento d’ as obras de misericordia non poden deixar sin valerlle, manter n-a miseria e n-a soedá á ese probe vello nin a xente. O qu’ eu creyo, é qu’ éles non teñen conecemento d’ o que pasa é d’ ahí qu’ a xente mala que tira certo os cregos se desfagan en lengoas como si eles tivian que llorar esa calamidá. Poden estar seguros e os xudios falangueiros que din qu’ “os cregos pradicen pro non dan trigo” que cumpriran c’ os seus deberes d’ birman e próximo.
¡Pois non faltaria mais!

—Eses deben ser bós mostrenco.

—¿A quén chamas mostrenco, oh?

—Falo d’ a pila de taboas qu’ está pegada á Ponte Vella, que fai pouco tempo tiña dúas varas mais d’ alta.

—En che diríu: así que tés razón, porqu’ eu que son veciño vin pol-as meus ollos levar taboas uns e outros, e non puo á ver qu’ unha propiedá tan cativa poida té tantos dones.

—¿Vení a nai d’ o dono qu’ así se deixa ó aloceos d’ a man.

mandamos ós nosos leutores o viño branco de Rueda, de CATRO ANOS d' edá, e que, xuro á Brios, asemella o mellor Xerez pol-o sabor, bó cheiro e dourado color, aventaxándele n-o precio qu' é o de real e medio o neto, e véndese n-a casa de Manuel Maria Moreton, Rua Nova, número 10.

Repito: dá trinta e raya ó mellor Xeres, e pode figurar n-as mellores mesas sin que lles manche as chalreteras ós viños embotellados.

Preséntase bó o Antroido, pedir mais fora cobiza, pois cousas verá Betanzos qu' aind' o demo n-imaxina. Prepárans' entr'outras cousas gran enterro d' a sardiña, e unha comede-a-apropóseto que fará e stoupar co-a risa. Hastr' uns nenos de bó humor pol-a propea niciativa, proyeutan as suas comparsas, que non han de ser cativas. Hay bailes n'a Ponte Vella, y-este domingo prencipia aló n-a calle d' Abaixo outro con boa musiquiña. Haberá tal gasto d' humor que rebosa x' a alegría, por adiante e por atrás, por abaixo e por arriba.

ÚL TEMA HOURA.

Orden diviña comunicada ó ANTROIDO pol o aramio.

Nos o dios Momo:

Por canto Nos sabemos abundan en Betanzos inxenio, bo humor, desprendimento e alegres e feiticieras raparigas, mandamos que n-ousequiuo d' estas, sociedades de recreyo, corporaciós, particulares, mozos, vellos, nenos. boten casa pol-a ventana, percurando non laxa caras de pascoas chegada miña.

Item mais encherse hastra reventar lacons, filloas, orellas, etc., que famenta Coaresma non vos colla sin untos.

Daránse órdenes detall Intendencia palacio meu.

IMP. DE A. AMENAZO PONTE.

Soportés d'o Campo 7

XOSÉ AMADO

36, — CANTON GRANDE, — 36.

BETANZOS.

O repito, anque xa o saben veciños e forasteiros:

título de profesor
pra arregrar barba e cabelos,
o público dá en xusticia
á Xosé Amado o barbeiro,
úneco que vai c-o sigro
n-a elegancia e n-o bó xeito.

El non escatima os cartos
en perfumes estranxeiros,
en xabons d' última moda,
en navallas y-en cosméticos.
Entra n-o establecemento
con polvo n-a chola un vello,
y-ós dez menutos ve un xoven
en un manífico espello.

O que veña de Madril,
de París ou de Burdeos,
si vai á sua barbería,
non bota nada de menos.
Si él chega á saber qu' o alabo
rábea, porqu' é moi modesto;
mas eu berro: *Non plus ultra*
Xosé Amado entr'os barbeiros.

J. FRANCO

FOTÓGRAFO.

63, — Rua-Nova, — 63.

Escusado é dicir a perfeucion e esautitú con que dito fotógrafo executa cantos traballos se lli' encargan, como tamen a nunca vista baturia n-o preceo d, as suas obras.

Sigue retratando o mesmo os dias de como n-os nubrados en chuviosos.

Retratos á REAL.

TEODORO D'O CAMPO

—Segunda Caleza.—

UNHA GRAN PARTIDA DE VIÑO NO
DE TORO, SUPERIOR

á 6 cadelas pequenas neto

—e por maór á 36 reás a cántara.—

Valdeorras á real.

O ANTROIDO

Por cinco annos á parte
tês Antroipado o rano,
e sin sair d'a larcia
á calquera mamarracho



que, con disfraz fai un home
e sin él é un estropaxo,
lle sacará a carantula.....
si afroxas antes os cartos.

TRANGALLADA PRA TODOL-OS XUEVES DE TODOL-AS SEMÁS DE TODOL-OS ANOS.—AMEN.

BANDO.

santidá superficial sin que por eso tiveran mais xuício qu' a miña, e sin dúdiba faciano por imitación, cásiq'ue com' os loros ou os monos. O xuício revélase n-as auciós e n-o orden lóxico d' o discurso mais que qu' unha verbosidá mais ou menos congruente, e en próba d' o an'elles a miña pafenta que falei fora un libro e obra como te levo dito; é caritativa c-o gató que lle da un arañazo e á min qu' a manteño rómpe a testa c-o candil ou a cunca d' o caldo; cando limp' a cocina sirve a comida n-os pratos sucios; si fai sol fálme coller o pariaugas e si chove di que non é caso de botalo de perda; pol-a mañan búlrase d' as conecidas que quedaron pra vestir imáxes ou casaron mal e pol-a tarde maldice a hora en que me conceu; hoxe refie c' unha vicifia e mañan estreitan as relacións: en fin, meu amigo, levo vinte anos de casado sin poder atar un cabo ós xuícios d' a miña costela, y-esto corrobórame n-a crécncia de que cando Dios soplou ó espirtu com' aínda non estaba a muller feita quedouse sin él.

—Oubíndote, non parece sinon que n-ol-os homes temos a canduta tan axustada á razon que non damos un paso fora d' élas; pro si s' invirtiran os papés, e fora a tua muller a que levase a conta e razon d' os disparates que teñas feito, veriamos quen ganaba á quen.

—Eu non che nego qu' os homes incurrimos en faltas inda mais graves qu' as d' as mulleres; pro distinguense d' as d' élas en que van sempre encamiñadas á un fin qu' as xustifica, anqu' este sea un vicio; e esto é o contrario d' o que s' ousera n-élas, Exemplos: si ves que reñen duas mulleres, pergúntall's o por qué, y-élas mesmas non che podrán dar razon. Oubes qu' un grupo de mulleres estáanse rindo hastra facer aquela dilixencia; ¿terán diante unha danza de monos? ¡ca! non hay tales carneiros; rinse... d' a risa. ¿Pois qué che direi d' os seus choros? Choran d' alegría, de tristeza, de gusto, de delor; choran si acariocian, si morden, si dan, si quitan, si enriba, si abaixo; en fin, qu' en total-as emociós teñen bagoas pra facer encher a marea. E n-esta inconsciencia d' os afeutos, ¿non descubres tí a razon d' a sin razon?

Ti déixaste guiar por esa mania que tés metida n-a testa e que non te deixa distinguir ben de coores. Si pol-as auciós has de xusgar d' a racionalidá d' os sé-res, a humanidá quedaba moi por debaixo d'as demais especies, que como guidas pol-o istinto obran mais conformes co-a natureza e pol-o tanto co a razon.

(Continuaráse.)

¡BOA FEIRA!

Quen vai á festa,
ròmpell' a testa
e perd' o que ten,
boa festa lle vén.

(Popular)

I

Salin eu d' a miña casa
un luns pol-a mañan cedo
á cabalo d' o meu faco,
qu' é lixeiro com' o vento.

Levaba n-a miña alforxa
un lacon cuáseque enteiro
unha bola de pan trigo,
un bon anaco de queixo
e unha cabaza de viño,
un bon viño, viño vello.

N-a bolsa levaba cartos
Pra mercar un xuvenco
n-a feira qu' o veinteseis
qu' hay á caron de Lestedo.

Puxen o faco en camiño,
e'ende chegando xa preto
de Marrosos, arredeime
pol-o medio d' os centéos
c-o fin de pillal-o atallo
e chegar á feira fresco.

Arrecadei o meu faco
pois o chan é moi barrento,
e estonces pidieum' o corpo
botar un grollo, e boteino.

II

Eran asi com' as oito;
moi ausente estaba o tempo,
chiaban os paxariños,
o sol douraba os penedos;
entreb' as herbas d' a curtiña
rebule a auga d' un rego.
Sobr' as follas d' os carballos,
d' as silvas, d' os castiñeiros,
moitas pingotas d' o orballo,
que de noite foi caendo,
relocian cuasemente,
como estrelas, dende lexos.
O ver tan garrid' o campo
¡pardiolas que daba xenio!

III

Chegand' ó pé d' un muiño
vin, sentada n-un portelo,

a rapaza mais garrida
qu' á terra botou o céo.
Unha cariña mais branca
qu' un limpo pano de lenzo,
uns ollos qu' alumeaban
mais qu' a lua de Xaneiro.

Cando cheguei cabo d' éla
díxenlle:—Léven' o demo
si vin ollos mais garridos
qu' eses ollos qu' estou vendo;
nin boca mais pequeniña,
nin uns labres mais bermellos,
nin un corpo mais xeitoso,
nin unhas pés mais pequenos.

¿Cómo te chamas, roxiña?
—Cando estounoilonce á berros
—Seique tés gana de lería!
Fala, neniña, ¿tés medo?

—Bóol.. xa sei que me non comes
pois teño dur' o pelexo.

—Non molas, dim' o teu nome.

—¿Pra que queres tí sabelo?

Pois é o mesmo que me puxo
depois de nacer, o crego.

Vaya, sigue o teu camiño

pois aquí perdel-o tempo.

—Abofellas! ¡vaya un conto!

Vidiña, non che dou creto.

¿Serás brava com' un toxo

tan garrida cara tendo?

Vamos, rapaza, sé boa,

e dime axiña, n-un verbo,

cal é o nome que n-a pia

os padriños che puxeron.

—Pois ben: xámome Xoana,

Marica, Pepa, Remedios,

Cristoba, Esteba, Farruca,

Catuxa....

—¿Tou, tou qué deño!

Dí que te chamas pronóstico

e mais presto acabaremos.

Pero, miña filla, abasta

de parolas, que xa lelo

me volves; fala ben, nena,

dim' o teu nome de certo.

—Boite! pois chámome Andresa

—Dend' agora lle prometo

A San Andrés de Teixido

Unha festa n' este inverno.

Agora, pois, miña xoya,

Vamos, que inda teño tempo,

A votar xuntos un trago

E ademais un par de netos.

—Diosch'o pague mais non como

Non tendo conecemento....

—¿Va, val Déixate de contos;

Un bon lacon aquí lévo,

Pan e queixo, e levo un viño

D' aquel que dá folg' ó péito.

IV

Por fin, foi aquela nena
Pouco á pouco amolecendo:
Collin as miñas alforzas,

A FULIADA

Comemos como dous nenos
E votamos uns bons tragos
D' aquel viño milagreiro.
Oimos tocar ás doce
N' a parroquia de Lestedo
Estabámos tan adiante...
Chegáramos á poñernos
Tan maduros como figos...
Cando (quixera esquencelo)
Apareceron dous mozos
Fórtes coma dous esteos,
E votáronsem' enriba
Mallando en min tan á éito.
Que, présto, n' o chan caínxme
Perdend' o conecemento.

V

¡Moi escura estaba a noite!
Recordei... e tiven medo,
Cando volvin a o sentido
C' os meus ollos entrabertos.
Alembreime de Andresiña
D' os que o corpo me moñeron,
D' o meu faco, d' as alforxas
D' a bursa d' o meu difeiro.
Cacheéime... nin un carto:
E nin faco, nin alforxas:
Todo foi á dar á o infierno.

Erguime, non sin traballo
Con tan negros pensamentos,
O corazón tan ferido,
Tan doridol-os lomedros,
Que camifñar non podia
Aquí cayó, aló tropezo,
Poiden chegar hastr' a casa
Cand' estaba amanecendo,
Atrísido de frío
E bén quent' o meu pelexo.

VI

Deprendan todos de min
Os rapaces d' estos tempos.
Quén quixer coller a froita
Que s' atopa no hórto alleo,
Perde, como min, a besta
As alforxas, o difeiro;
E, de contra, sae' o corpo
Que mesmo da noxo velo,
Con máis paus, que léva o liño
Para tirarl' os tomentos

Benito Losada.

BOMBAS SIN BOMBO

O anoitecer d' o martes, e n-o preciso momento en que volvían d' a romaría de San Payo multítu de veciños, entre os que tornaba tamen moi alleo á disgracia que se lle deparaba, don José Navaza, dono d'unha acreditada tenda d' a Riveira, decararouse n-esta un

incendio que n'un principio presentábase en proporcións amenazadoras.

O lume iniciouse n-un pequeno depósito de gas n-o que caeu a chispa d' un misto c-o que quixo alender o quingné a dona d' a tenda; esta pra evitar o que de todas maneiras suceden, colleu o depósito xa inflamado, pra tiralo á calle, sufrindo queimaduras n-os brazos e peito, e ó tomarlo d'as mans o mozo José Rey Sanmartín, conocido pol-o *Jarulo*, tivo a disgracia de que lle salpicara gas n-a roupa n-a que prendeu o lume, e vendo que nin con terra nin polvo lograbá apagalo correu en direción á inmediata ría á que se tirou, tendo, en medio d' a súa disgracia, a sorte d' encontrala chea, pois de non ser así houbera perdido abrasado.

O señor Navaza, desentendéndose noblemente d'os intereses materiais e atendendo solo á salvación d'as persoas e d' a súa muller en particular en quen prendera tamen o lume, tivo a precaucio d' arroxala á terra sofocando a llama c-o chaquetou que se quitou e hastra con seu mesmo corpo, interesándose en seguida pol-o intrépido mozo que tanta abnegación e serenidá demostrara.

Moi pronto centenares de mulleres con sellas d' auga n-a cabeza presentáronse n-o sitio d'o siniestro, e como sempre multítu d' homes acudiron á combater ó terrible elemento, qu' eiqui, onde tan descoidado está o servico contra incendios, supleco a filantropía e valor d' os naturais; a bomba municipal chegou moi á tempo, e dirixido o tubo con acerto por Jesús Raposo, á quen o encomendara don Jesús Nufes, comenzou á decrecar o lume, logrando así salvar milagrosamente parte d' a casa e cuase tod' o almacenado, entr' o qu' había un bocoy d' augardente e outro d' aceite.

As autoridades, forza de Carabineiros e a de Caballería presentáronse inmediatamente; e como sempre en todol-os incendios qu' hay, alí estaba d'os primeiros o teniente don Mariano Sanz, en mangas de camisa, arroxado, activo e intelixente con' o mellor xefe de bombeiros; á pouco chegou a bomba d' o señor Echevarría bastante á tempo pra concurir d' estinguir o incendio qu' ás des o media foi vencido pos completo.

O presente a señora de Navaza sigue relativamente ben.

O José Rey Sanmartín, xoven de 22 anos e que s'alcontra bastante grave por efeuto d' as queimaduras sufridas n-a espalda, cabeza, mans e brazos, é fillo d' un vello e probe zapateiro e cuase úneco sostén de seus páis.

Fiense vostedes... d' a leite e non corran.

Pasan de centos as persoas qu' en Madril foro acometidas de cólicos qu' acháncase á adulteración d' aquel artículo.

Alguns d' os tales cólicos presentan síntomas somellantes ós d' o cólera, e non deixarian de selo si non houbera pasado á mellor vida (políticamente) Romero Robledo.

Sempre Madril tivo mala leite pr' o resto d' España.

E vaya de falsificaciós.

Todos sabemos que n-os tempos que corren non s' atopa viño puro nin por un ollo d' a cara, sinon mais ben unha tintura sobr' a base d' o alcohol aleman, d'o que se desterra un veneno que se produce n-a destilacion por medio d' outro corrosivo, o ácido sulfúrico; pro é o caso que parecéndolles moito luxo ós destiladores alemans o emprego d' a pataca, botan man agora de toda clas de desperdicios, de maneira que moitos d' os líquidos espirituosos que bebemos veñen directamente d' as traperias, d' as madeiras velas e has-tro.... ¡d' os escusados!

A maor parte d' os preédcos iniciaron xa unha valente cruzada contr' a introducion d' os ditos alco-les por perxudiciais á saúde, á destileria e ós cosecheiros españoles; pro como non é d' esperar qu' o goberno adoute medidas radicais pra opoñerse á invasion, nin as autoridades locais han mostrar mais celo pra descubrir e castigar ós espendedores de bebidas falsificadas, bó será qu' os consumidores comencemos á señalar c-o dedo moitas boticas onde nos venden viño que non ven a parra nin o lagar.

Como medida de defensa contr' a plaga alemana, aconsellamos a resistencia pasiva, que consiste en volver as espaldas ós establecementos en que venden ese rexalgar, que non son poucos en Betanzos.

EPIGRAMA

Un testo á Pepa Aguiar
funtou d' a ventana Anton,
e chegándoo á averigoar
éla chamoulle ladrón.
— Os berros, quix' o home d' éla
saber que cristo era aquel.
— ¿Qu' ha de ser? Qu' Anton Vilela
rouboume o meu perixel.

A. V. T.

Por decoro d' o arte que profesa, aconsellamos ó señor Marti que cando haxa de formar orquesta con calquer ouxeto, escolla os músicos que mais confianza lle inspiren, e non por facer á todos partícipes d' as ganancias leve certos *pipis* qu' o espoñen á un fracaso com' o d' o miércoles último ó executar un bonito número d' o repertorio d' a compañía, que foi cruelmente sacrificado, dando lugar á qu' un monigote convirtise a perna direita en batuta.

Alí houbo de todo, e cando uns chegaban ó trío outros saltaban á sinal, sin que fora posible encaixonalos á pesar de cantarilles o papel.

Nada, nada; o que queira ganar que faga méretos estudiando.

Solución á charada d' o número anterior:

OLA-RA-BO-YA

CHARADA.

Prima, n-a música;
tres, é negar
(penso qu' adverbio
n-o catalán);

Segunda tercia
pode chegar
hastra á rodilla
n-esta cibdá.

A todo, fixome
idem pasar
hastra qu' un troco
fixen con Xan.

A. V. T.

A solución n-o número que ven.

SEMBRANZA.

Amigos insoparabres
Mais que amigos, doushirmás,
Xuntifios en total partes
De cote os alcontraráis;
Un *insñia* á quen non sabe
Ó lado de Don Marcial,
Y-outro enfrente d' o muelle
Veralo vendendo sal.

Lenguetilla

Imp. d' A. Amenedo Ponte.

FARMACIA DEL LIC.º LAFONT
Canton Grande, n.º 39

En esta acreditada farmacia, donde non existe gran depósito de aguas medicinales recojidas por método especial, se venden las LEGRIMAS minero-medicales de Mondariz, del Incio, Verin, Loeches, Carabaña y Vichy.

—39, Canton Grande, 39—

CAPOTAS E SOMBREIROS

CON ARREGRO Ó ÚLTIMO FIGURIN D' A M

Fonte d' Uuta, 11, principal

De paso n-esta cibdá doña Estrella Junquera, procedente de Madril, ofrece ó público as últimas novidades n-un grande e variado sortido d' os ditos ouxetos, á precios moi económicos.

Non s' atopan n-a Cruña as novidades que teñen o honor de ofrecer á señoras e señoritas.

A oposición ó Estatuto de Autonomía de Galicia na Coruña da Segunda República: A Agrupación «A la Tercera República»

CARLOS PEREIRA MARTÍNEZ*

INTRODUCCIÓN

Son bastante coñecidos, gracias á historiografía existente, os problemas para a aprobación do Estatuto de Autonomía de Galicia durante a Segunda República. Ás discrepancias xurdidas na redacción do proxecto (dende os tres que se discutiron en xuño de 1931 en A Coruña, en acto convocado pola **Federación Republicana Gallega**), ata o que se aprobará na Asemblea de Concellos en decembro de 1932, uníronse as diferencias, entre os diversos partidos republicanos de orixe burguesa, á hora de decidir a súa plebiscitación, chocando neste asunto as diferentes estratexias políticas.

Por outra parte, a postura das organizacións obreiras, foran socialistas (**PSOE** e **UXT**) ou anarquistas (**CNT**), oscilou entre as reticencias, nos primeiros anos, dos socialistas -agás excepcións como Anxo Quintanilla- (influídos polo seu internacionalismo e pola desconfianza que lle merecían algúns dos persoeiros galeguistas, católicos e politicamente conservadores), á franca aversión dos anarco-sindicalistas, tanto polos partidos burgueses como polos nacionalistas. Só en 1936 os socialistas apoian francamente o Estatuto -era un dos puntos fundamentais do programa da Fronte Popular-, mentres que os cenetistas non cambian de opinión e nin sequer se molestan en boicotear, con chamamentos á abstenção, á convocatoria do plebiscito de xuño dese ano, por consideralo innecesario. Sorprende mesmo que, na súa prensa, como salienta Pereira, nos anos 1935 e 1936 non apareza nin un só artigo referido ó tema, agás un publicado o 18 de xullo de 1936, francamente belixerante contra o Estatuto e o plebiscito, o resultado do cal cualifican de amañado.¹

Pero existiron outras entidades, de menor implantación territorial, que tamén se opuxeron ó Estatuto. Na cidade de A Coruña xurde unha agrupación denominada «**A la Tercera República**», a cal, polo menos durante un ano e medio, tivo unha actividade destacada na vida política da cidade. Esta agrupación ten pasado practicamente desapercibida na historiografía; tan só algunha citas moi puntuais, ou algo máis dunha páxina que lle dedica o fillo dun dos promotores.²

*Carlos Pereira Martínez é licenciado en Xeografía e Historia pola UNED, tendo próxima a rematar a súa tese de doutoramento sobre *A Orde do Temple nos Reinos de Galicia e León*. Membro da Sociedad Española de Estudios Medievales, traballa de historiador no Concello de Culleredo.

¹ A postura da CNT respecto da autonomía está estudiaada por Dionisio Pereira González. *A CNT na Galicia. 1922-1936*. Edicións Laivento, Noia, 1994, páxs. 131-138. Para coñecer a postura socialista, é imprescindible o libro de Manuel González Probados, *O socialismo na II República (1931-1936)*, Edicións do Castro, Sada, 1992, páxs. 285-310.

² Referímonos a Francisco Xavier Alvajar, e en concreto ó seu artigo «La Coruña de mi adolescencia: Recuerdos de la Segunda República Española», en *Anuario Brigantino*, nº 15, Betanzos, 1992, pp: 149-174, concretamente nas páxinas 156-162.

O noso interese por este organismo veu dado porque nel participou activamente un mestre que estivera varios anos destinado en Culleredo, Jesús Mejuto Vázquez; de aí que dende había tempo viñamos recollendo diversa información sobre ela, tanto no Arquivo do Reino de Galicia como en xornais como *La Voz de Galicia* ou *A Nosa Terra* (estatutos, recortes de prensa, etc.).

Tiñamos xa iniciada a redacción deste artigo cando, gracias á información que nos facilitou o arquivista, Alfredo Erias, soubemos que no Arquivo de Betanzos conservábase, dentro dos fondos doados pola viúva de Francisco Xavier Alvajar, un cartafol con recortes de prensa e folletos da Agrupación, copia dos cales xentilmente nos facilitou. Gracias á súa xenerosidade, a información que alí atopamos permitiunos completar, de maneira importante, a documentación que posuíamos, e, xa que logo, os contidos deste artigo.³

FUNDACIÓN DA AGRUPACIÓN «A LA TERCERA REPÚBLICA»

Días antes de que se constituía a agrupación, a prensa coruñesa informa dos contactos que distinguidos republicanos da cidade están a realizar de cara á configuración dunha fronte única republicana, que tivese como obxectivo a estabilización da República. O nome que, en principio, fáselle poñer a ese novo organismo era **Frente Único Republicano**. Con tal motivo, realizáronse xuntanzas o 1 e o 5 de agosto de 1932, no Casino Republicano.⁴

Outra xuntanza posterior, o 12 de agosto, servirá para a definitiva constitución da agrupación. O nome elixido non é o previsto, senón o de **Agrupación «A la Tercera República»**. Desta constitución faise eco *La Voz de Galicia*, que informa así mesmo que o novo Comité Directivo enviara ó Presidente da República, ó Xefe do Goberno e ó ministro de Gobernación un telegrama de adhesión co seguinte texto: «Republicanos coruñeses constituídos hoy frente único para defensa República reiteran entusiasta adhesión régimen, solicitando aplicación inexorable severísimas sanciones general Sanjurjo y demás promotores y participantes en la execrable intentona monárquica».⁵

El Noroeste, órgano do **Partido Republicano Radical-Socialista**, publicará os estatutos da Agrupación, dedicándolle tamén a súa editorial, que polo seu interese reproducimos, dado que aclara as razóns que levaron á fundación da agrupación e, así mesmo, porque se lle trocou o nome previsto nun principio.

«EDITORIALES

III República.

La opinión republicana sincera, la no tibia, la que no ha formado jamás en esos grupos que, después de la instauración del nuevo régimen, han aparecido en torno a los jefes políticos de la hora, justamente alarmada por ciertas y bien significadas derivaciones derechistas, venía tratando de concretar en un organismo de resistencia al margen de los partidos, lo que era aspiración de todos: la justa realización de los ideales republicanos. Claro está que por hoy, esta opinión republicana sincera a que nos referimos es la coruñesa, sin que dudemos que este fenómeno de alarma, se haya registrado en otros lugares, y también, como aquí, tenga en ellos expresión.

Los periódicos de la derecha venían produciéndose en un lenguaje rayano en la procacidad; servían los pulpitos para ataques solapados a la justicia; el Gobernador de Pontevedra señaladamente entre otros, autorizaba las manifestaciones religiosas en las calles y éstas se siguen efectuando en aquella provincia; la política provincial otorgaba puestos de responsabilidad y mando a personas de significado matiz monárquico; el caciquismo más desenfadado y de la peor especie, de especie

³ Arquivo de Betanzos, Fondo Francisco Xavier Alvajar, atado 6121. No Arquivo do Reino de Galicia, Goberno Civil, G-2665, consérvase un exemplar dos Estatutos orixinais.

⁴ *La Voz de Galicia*, 2-8-1932 e 6-8-1932.

⁵ *La Voz de Galicia*, 13-8-1932; *El Noroeste*, 13-8-1932; *El Pueblo Gallego*, 16-8-1932.



1.- Xuntanza convocada pola F. R. G. na Coruña, en xuño de 1931, para elaborar un proxecto de Estatuto. (A. M. de Culleredo, cedida por Alicia Carballo Naya).

disfrazadamente republicana, se había apoderado y sigue dueño de la provincia; los verdaderos republicanos venían sintiéndose sin amparo, ni ayuda de ningún género, al mismo tiempo que veían filtrarse a los enemigos del Régimen por todas partes y adueñarse de sus más seguros resortes. Todos estos graves síntomas obligaron a un grupo de hombres a pensar en la necesidad de obligar a una modificación total en la conducta que seguían los representantes del poder republicano. Cuando esta agrupación, al margen, repetimos de todos los partidos, republicana solamente, estaba a punto de recibir forma concreta los sucesos de Madrid y Sevilla confirmaron la seguridad de su propósito. Excusamos decir, con que éxito han acudido los republicanos auténticos, a formar no en un frente único que no debe existir sino en esta superación de los partidos cuyo más alto fin es que la República sea la república de todos, de todos los que no son sus enemigos más o menos disfrazados y de los que saben del valor de esta palabra.

La III República es el ansia rectificadora, el deseo sincero y enérgico a la vez, de que se imprima otro rumbo, de que se acabe con las contemplaciones y con las tolerancias y de que, sobre todo, se acuse en voz pública a los tibios, que abusando de la cobardía y el silencio se han hecho dueños de la situación y la ponen constantemente en descrédito, que es el peor de sus peligros.

Significamos nuestra simpatía a este noble intento, al que aseguramos éxito, todo el éxito que necesitan los hombres que no son capaces de ceder a ninguna influencia, republicanos tradicionales, hombres que han dado la cara en momentos difíciles y no «cucos» de última hora que se han pasado a nuestras filas para cubrir de vergüenza el nombre de la República».⁶

Nos días seguintes o Comité fai xestións ante o presidente da Asociación da Prensa Coruñesa, Carballo Tenorio, para que fale cos responsables dos xornais madrileños, que a penas deran cobertura á fundación da Agrupación; tamén contestan en prensa a información dun xornal de Madrid que dicía que a Agrupación non admitía intelectuais, cousa que negan os coruñeses, manifestando que o máis importante, como se dicía nos seus estatutos, era a «emoción republicana», e que «si esta emoción está puesta al servicio de una inteli-

⁶ El Noroeste, 14-8-1932.

gencia clara y cultivada, mucho mejor; pero entre un intelectualismo frío y estéril y una emoción republicana creadora y desbordada, preferimos siempre esta última».⁷

O xornal aludido era *La Libertad*, que titula a túa información: «El Partido de la Tercera República». No se admiten intelectuales.⁸

Logo de presentados os estatutos no Goberno Civil da Coruña o 18 de agosto de 1932, o día 29 do mesmo mes, no local do Casino Republicano, sito no Cantón de Porlier, no 14, piso 1º, sendo as 9 da noite celébrase unha xuntanza dun grupo de persoeiros republicanos coruñeses, presidindo provisionalmente a xuntanza Gonzalo Acosta, Jesús Mejuto e César Alvajar. O obxecto da reunión era constituír a Agrupación «**A la Tercera República**», que xa tiña o regulamento aprobado.

Logo de lido este, e de feitas algunhas observacións, é aprobado, pasándose a continuación a elixir o Comité Directivo e o Sub-Comité. Por maioría de votos, quedou constituído desta maneira:

Comité Directivo: César Alvajar (33 votos), Jesús Mejuto (23 votos), Gonzalo Acosta (18 votos), José María Eirís (14 votos) e Eduardo Paredes (12 votos).

Sub-Comité: José Arias (10 votos), José García Fernández (9 votos), José Bua Carou (9 votos), Luís Pérez (9 votos) e Alfredo Suárez Ferrín (6 votos).

Entre os membros elixidos na xuntanza do 12 de agosto e os que figuran na acta enviada ó Goberno Cívil, hai un cambio: antes formaba parte do Sub-Comité Aurelio Fernández Morales que agora desaparece, entrando como directivo Luís Pérez.

O Comité Directivo queda facultado para designar ós vinte correlixionarios que, xunto cos membros dos Comités, formarían a Asemblea deliberante.

Nesta sesión quedou nomeado César Alvajar como Presidente e José María Eirís como secretario.⁹

PRIMEIRAS ACTIVIDADES

Ademais de rectificar as informacións da prensa madrileña, a Agrupación ponse en contacto coa presidenta do Sub-Comité da **Liga Internacional de Mujeres Ibéricas e Hispanoamericanas**, pedíndolle que asistisen ós actos de afirmación republicana que se celebrasen na cidade, especialmente os organizados pola Agrupación; préganlles que fagan as súas compras en establecementos ós propietarios dos cales lles foran feitos boicots por elementos reaccionarios, animando ás súas amizades a facer o mesmo.¹⁰

Axiña se prepara a celebración dun gran acto público de afirmación republicana, que serviría para presentar a «**A la Tercera República**» ós cidadáns coruñeses. O acto celebraríase o domingo 21 de agosto, repartíndose un manifesto de convocatoria pola cidade.¹¹

Tal como estaba previsto, celebrouse no Teatro «Rosalía de Castro» o mitin de afirmación republicana e propaganda antidereitista. O recinto estaba cheo, ocupando os palcos moitas mulleres da **Liga Internacional de Mujeres Españolas e Hispanoamericanas**; a presidenta, Velia M. G. de Patiño e a secretaria do subcomité local coruñés, Pilar C. de

⁷ *La Voz de Galicia*, 16-8-1932 e 17-8-1932; *El Noroeste*, mesmas datas.

⁸ *La Libertad*, 14-8-1932.

⁹ A.R.G., Goberno Civil, G-2665.


¹⁰ *La Voz de Galicia*, 18-8-1932; *El Noroeste*, mesma data.

¹¹ *La Voz de Galicia*, 19-8-1932, 20-8-1932 e 21-8-1932; *El Noroeste*, mesmos días; *El Pueblo Gallego*, 21-8-1932.

Quiroga, enviaran o día 20 unha nota de prensa na que informa do escrito que lles remesara a Agrupación, e que apoiaban, sempre que nos actos informativos «se incluya la defensa de los ideales de paz, armonía y justicia igualitaria de derechos políticos y civiles de uno y otro sexo». A presidencia do acto foi ocupada por José García Fernández, tenente de alcalde do concello coruñés e membro do Sub-Comité da Agrupación, estando acompañado polo resto dos membros do Comité e Sub-Comité directivo, polo director de *El Noroeste*, Jesús Mejuto (membro do Comité Directivo) e os concelleiros Blanco Lemus, Valeiro, Martín Ferreiro, Zapata e outros. Os oradores que ían intervir eran, á parte de José García, José Arias e Benito Couceiro (este representando a «La Antorcha Galaica del Librepensamiento»), César Alvajar, Alfredo Suárez Ferrín e José Búa Carou, todos membros, agás Benito Couceiro, do Comité Directivo ou do Sub-Comité.

Logo dun saúdo de José García, toma a palabra o obreiro José Arias, que centra o seu discurso, fundamentalmente, en criticar á Igrexa, manifestando que sempre loitou contra o progreso científico, lembrando a afirmación de Darwin de que a Inquisición acabara cos españois máis valiosos. Pide que disolvan as Ordes Relixiosas e se confisquen os seus bens.

Benito Couceiro, obreiro moi ben relacionado cos anarco-sindicalistas coruñeses, lembrou no seu discurso o labor de «La Antorcha Galaica del Librepensamiento» a prol de garantir o respecto da conciencia humana. Denuncia xuntanzas de elementos antirrepublicanos, que as dereitas, disfrazadas ou non, seguían exercendo en moitos casos o poder, rematando o seu discurso mencionando ós obreiros, que querían outra República,



2.- Última páxina dos Estatutos da Agrupación "A la Tercera República", coas sinaturas dos promotores.

pedindo a amnistía total no só para os deportados a Villa Cisneros (cenetistas), senón para todos os que foran castigados por comisión de delitos sociais, ós que cualifica de «delincuencia bien dudosa».

Toma a palabra a continuación César Alvajar, presidente da Agrupación, que se centra en explicar os fins da institución. Dixo que a reacción das dereitas era debida á que a República non fora instaurada de xeito revolucionario, sentido que lle había que dar ó réxime. Diferencia a verdadeira relixión e o Evanxeo, perfectamente respectable, do que propugnan as dereitas. Defende, por fin, unha Terceira República «fuerte, asistida del pueblo y amada por él».

Fala despois Alfredo Suárez Ferrín (un dos líderes do **Partido Radical-Socialista**), centrando o seu discurso nos aspectos económicos, dicindo que o diñeiro, en mans reaccionarias, era un perigo. Pon como exemplos os casos alemán, dominado ese país polos nazis, ou Italia, que evolucionaba cara o socialismo e que «por dinero se compró un hombre que hoy ejerce la más oprobiosa de las dictaduras». No caso de España, di que o que merece a reacción, que non quere a Reforma Agraria, e que o seu diñeiro se reparta entre os necesitados, manifestando que «sin llegar a los excesos de Rusia, arribaremos en España, con reflexión serena y tranquila, a la promulgación de leyes que permitan esa igualdad de clases que propugnamos». Pide apoiar ó Goberno unanimemente, porque así este «llevará a término su propósito de devolver al pueblo cuanto le robaron los terratenientes que al amparo de un rey felón, se apropiaron de los bienes que al pueblo pertenecían».

O último en intervir foi o médico militar José Búa Carou, o cal, logo de xustificarse persoalmente por ter formado parte da Deputación Provincial na época de Primo de Rivera, ó que, segundo el, viuse forzado, pese ó seu republicanismo de sempre, dedicándose só ós asuntos da Beneficencia e non colaborando coa **Unión Patriótica**, felicítase pola chegada da República, que demostrara a vitalidade do pobo español, «contrariamente a la frase de Silvela, que no encontraba el pulso del país». Búa afirma que si o tiña, pero que «lo que ocurre es que España tenía el corazón intoxicado por el cúmulo de disparates que realizaron sus gobernantes y tan gastado se hallaba su corazón, que permitió que se insultase a Pi y Margall, a raíz del desastre colonial, cuando era el único que decía la verdad en nombre de España». Logo de gabar as excelencias das clases humildes, que el considera superiores, manifesta a necesidade de que a República abra canles polos que «se encarrilen los pensamientos de todos aquellos que separados por luchas y divergencias no fundamentales, sino por errores de táctica, se han unido como un solo hombre para defender al régimen, deponiendo sus diferencias ante una sublevación que podía colocarlo en peligro». Pide tamén que se solicite ó Goberno unha ampla amnistía para os deportados e saúda, como tamén fixeran os que o precederon no uso da palabra, ás mulleres presentes no acto.

O mitin rematou coa aprobación dunhas conclusións: aplicar inexorablemente o peso da lei ós encartados polos sucesos monarquizantes do día 10 (a «Sanjurjada»), que se velase polo cumprimento das leis laicas, que se concedese unha ampla amnistía ós deportados e presos sociais, que nos postos de confianza se puxeran a republicanos probados, que se disolveran as ordes relixiosas e que o Goberno desenvolvese unha política enérxica para consolidar o réxime.¹²

É moi curiosa a postura da Agrupación a prol de medidas do máximo castigo contra o xeneral Sanjurjo, que coincide coa postura que mantiña o **Partido Radical-Socialista**. Azaña

¹² *La Voz de Galicia*, 23-8-1932; *El Noroeste*, mesma data.

faise eco en varias páxinas do seu Diario -recentemente recuperado e publicado- desta posición; así, o 25 de agosto de 1932 recolle:

«También me dan cuenta de los acuerdos del partido radical-socialista. Se ha reunido el grupo parlamentario y ha votado que se fusile a Sanjurjo, o en otro caso, que dimitan los dos ministros de ese partido [Álvaro de Albornoz e Marcelino Domingo]. Los radicales-socialistas se empeñan a jugar a Danton y Robespierre, y hacen la fiera, bien tontamente».¹³

Uns días despois, o 27 de agosto, volve sobre o tema:

«...sólo quedan los diputados radicales-socialistas que en su papel de hombres terribles y revolucionarios siguen pidiendo que se fusile a Sanjurjo o que dimitan los dos ministros del partido. No es concebible mayor necedad. Me dicen que la capitanea Galarza, subsecretario; no se le ocurre comenzar dimitiendo él mismo».¹⁴



3.- O xeneral Sanjurjo.

Rematado o acto, cando os participantes desfilaban pola rúa do Capitán Galán (a rúa Real), houbo un incidente entre Somoza, ex-presidente da Deputación Provincial, que ía coa súa muller logo de asistir ó acto, e o tenente xeneral Rafael Pérez Herrera (ex-capitán xeneral de Galicia), que estaba sentado coa súa ante os veladores do bar «América». Somoza interpretou que o xeneral se rira da súa muller, e, ó pedirlle explicacións, o xeneral manifestou que, como cabaleiro que era, non se rira de ningunha señora, e menos da do señor Somoza, ós cales non coñecía. Pero, dado que había moita xente e se fixeron comentarios diversos, o incidente agravouse, tendo que presentarse un oficial de Seguridade. Con este oficial os señores Somoza e Pérez Herrera foron á Comisaría de Policía, levantándose un atestado, insistindo os dous nas súas manifestacións: o xeneral que el non se rira da muller de Somoza, e este dicindo que a actitude do xeneral fora molesta, despectiva e intolerable.¹⁵

Tanto o mitin como o incidente co xeneral Herrera, que afirman foi debido a que se riron das escarapelas coa bandeira republicana que levaban algunhas mulleres, tiveron unha ampla repercusión no Estado, saíndo noticias en moitos xornais.¹⁶

Dous días despois, o Comité da Agrupación foi visitar ó gobernador civil pedíndolle o atestado do incidente, cousa que este fixo.¹⁷

Debido a que presentían que se producisen incidentes debido a que se agardaba a inminente sentenza do xuízo contra Sanjurjo, e en previsión doutra posible tentativa golpista militar, estableceuse un programa de vixilancia na rúa, cunha milicia cidadá. A noite do 24 de agosto foi de gran actividade na Coruña, saíndo máis de 600 republicanos a ocupar postos estratéxicos, reuníronse as autoridades civís, o gobernador civil e o coronel da Garda Civil estiveron no Goberno civil ata altas horas da madrugada, o alcalde estivo toda a noite protexido no Casino Republicano, controláronse os accesos á cidade por estrada, parando

¹³ Manuel Azaña: *Diarios, 1932-1933. «Los cuadernos robados»*, Crítica, Barcelona, 1997, pág. 45.

¹⁴ Azaña, op. cit., pág. 47.

¹⁵ *La Voz de Galicia*, 23-8-1932.

¹⁶ *Acción Socialista*, 22-8-1932; *Luz*, 23-8-1932; *La Vanguardia*, 23-8-1932; *Heraldo*, 23-8-1932.

¹⁷ *La Voz de Galicia*, 24-8-1932.

ós que viñan, repartíronse salvoconductos, etc. Foi detido un comandante de Infantería, Rolando de Tella, e, como consecuencia das súas manifestacións promonárquicas, foi expulsado de España o cónsul de Cuba na Coruña.¹⁸

César Alvajar, destacado dirixente do **Partido Radical** da Coruña, presidente do Casino Republicano, membro do Comité Directivo de «**A la Tercera República**» e xornalista en *La Voz de Galicia*, publicará o domingo 28 de agosto, dentro das súas *Coplas del domingo*, unha dedicada a este tema:

VIGILANCIA

Clara la noche agosteña...
Mientras La Coruña sueña
-dormida como un lirón-
en deambular se empeña
el liberal pelotón.
¡Precaución!

Salen los grupos nutridos
y luego, subdivididos,
se pierden en la distancia
para acechar, escondidos,
con celo y perseverancia.
¡Vigilancia!

Radicales con orguistas
y radical socialistas,
sin matiz ni distinción,
-ojo avizor, piernas listas.-
entran juntos en función.
¡Precaución!

Todos están sobre aviso,
por si ello fuera preciso
ante cualquier circunstancia.
Nadie se muestra remiso
en prestar, sin discrepancia,
¡Vigilancia!

Fueron todos cocineros
antes que frailes austeros
en punto a conspiración,
por eso saben certeros
lo que pasa en el fogón.
¡Precaución!

El enemigo que acecha
del lado de la derecha
no tiene mucha importancia;
mas hay que estar en la brecha
para ejercer, sin jactancia,
¡Vigilancia!

Cese, pues, la gente racia
en esa estéril misión
de perturbar la nación
con su fingida arrogancia,
y sea lema y pregón
del liberal batallón
el grito de:
«Vigilancia
y precaución».¹⁹

Curiosamente, Azaña comenta no *Diario*, por estas datas, unha proposta que lle fai Ossorio de creación dunha milicia destas características, ó que se opón.²⁰

¹⁸ *La Voz de Galicia*, 25 e 26 de agosto de 1932; *El Noroeste*, 26-8-1932; *El Pueblo Gallego* (que dá unha información moi eloxiosa para os republicanos coruñeses polo seu comportamento), 26 e 27 de agosto de 1932; *La Voz*, de Madrid, 26-8-1932.

¹⁹ *La Voz de Galicia*, 28-12-1932.

²⁰ «He tenido una larga conversación con Ossorio en un pasillo del Congreso. Me ha hablado con interés de un proyecto de milicia ciudadana para defender la República, que me envió articulado hace dos días. Le he opuesto algunos argumentos que siempre hay contra ese género de fuerzas, y mi poca inclinación a que ciertas funciones sean asumidas por aficionados. No faltan motivos para creer que un organismo así, en el supuesto de que llegase a ser realmente una fuerza, capaz de sostener un choque, podría ser causa u ocasión de desorden, de conflictos, y probablemente de opresión sobre el gobierno. No creo ahora necesario, ni conveniente, disolver el ejército. Sólo en caso tal convendría crear otra cosa. Y lo mejor es ir transformado el ejército, con reducciones del servicio en filas, y otro modo de reclutar y preparar a la oficialidad» (Manuel Azaña, *Diarios, 1932-1933*, 23 de agosto, páx. 41).

A proposta fora formulada polo deputado radical-socialista Jaén.²¹

«A la Tercera República» parece que tivo seguidoras noutros lugares. A prensa informa que os republicanos de León decidiran organizar unha agrupación semellante, co mesmo nome, e que axiña comezaría a funcionar.²² Tamén persoas doutros lugares de Galicia sintonizan cos seus obxectivos.²³

Tal como lle fora encomendado na asemblea constituínte, o Comité Directivo designou ós 20 membros que, xunto co Comité e o Sub-Comité, formarían a Asemblea deliberante, pero non coñecemos os nomes.²⁴

Días despois a Agrupación queíxase de que lle están chovendo denuncias cidadás pero sobre aspectos de tipo menor, que non poden atender, xa que só se ocupan de temas de importancia máis relevante; moitas destas denuncias son, ademais, anónimas. Din que



4.- César Alvajar Diéguez (1951).

««A la Tercera República» no es ni quiere ser unha policía honoraria, sinó un instrumento creador de estados de opinión que estimulen y aceleren la obra de los gobiernos. Interpretar su función de otro modo, demuestra no haber leído sus bases o no haberse compenetrado bien con su espíritu».

Na mesma nota de prensa rogan ós correligionarios que nas pasadas noites exerceran a vixilancia da cidade que entreguen os salvoconductos de identidade que se lles facilitaran na conserxería do Casino Republicano.²⁵

O mes de setembro foi de organización interna; directivos da Agrupación informan na prensa que a xente debe cubrir os boletíns de inscrición que se repartiran, e non mandar cartas nin tarxetas, porque, tanto na Administración do xornal *El Noroeste*, como no Casino Republicano ou no Centro Radical (que estaba na rúa Capitán Galán, 10-1º) podíanse solicitar os boletíns e cubrilos. Nesta campaña de afiliación recibiron o apoio do **Partido Agrario Radical Gallego**, comunicando á directiva da Agrupación o seu secretario xeral, Amador Rodríguez Guerra, que acordara enviar ás sociedades agrarias pertencentes a dito partido boletíns de adhesión á agrupación.²⁶

Dentro da campaña de denuncias de actuacións contrarias ó réxime republicano, o día 24 de setembro unha representación da Agrupación entrevistouse co Gobernador Civil, comunicándolle que nun pobo da provincia ondeáranse bandeiras monárquicas durante

²¹ Un artigo de fondo de *La Voz de Galicia*, do 30 de setembro, apoia esta iniciativa.

²² *La Voz de Galicia*, 26-8-1932.

²³ Como Maximino Rodríguez, nun artigo publicado en *La Democracia*, de Ferrol, o 28-8-1932, ou o vigués R. Panero Fernández, nunha colaboración que publica *El Noroeste* o 25-8-1932. Por último, outro artigo publicado en *El Pueblo Gallego* o 27-8-1932, simpatiza tamén co logro da Agrupación de xuntar ós diversos republicanos, que pouco antes estaban sumidos en liortas.

²⁴ *La Voz de Galicia*, 28-8-1932.

²⁵ *La Voz de Galicia*, 31-8-1932; *El Noroeste*, mesmo día.

²⁶ *La Voz de Galicia*, 2, 6 e 11 de setembro 1932; *El Noroeste*, mesmos días.



5.- César Alvarar Diéguez nun mitin da Agrupación no Teatro Rosalía (5-IX-1933).

unhas festas, e que nalgúns locais, presumiblemente coruñeses, facíanse actos contra o Goberno e a República.²⁷

Días despois reúnese, no Casino Republicano, a Asemblea deliberante da Agrupación. Logo de tratar asuntos de índole organizativa, apróbase o plano de vixilancia da cidade. Hai unha opinión favorable ó discurso do Presidente do Consello de Ministros, Manuel Azaña, en Santander, no sentido de que ía facer política de correligionarios e non de amigos. Acórdase tamén que a Agrupación organice un acto de homenaxe ós vellos republicanos coruñeses, e que se tirara un boletín informativo, sen periodicidade establecida.²⁸

A CAMPAÑA CONTRA O PROXECTO DE ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA E O TEMA DA CAPITALIDADE CORUÑESA

Os problemas xurdidos a raíz da elaboración do anteproxecto de Estatuto de Autonomía de Galicia, que trouxo á cidade coruñesa o temor á perda da capitalidade marcou a actividade da Agrupación «**A la Tercera República**» dos meses seguintes. A Agrupación distribúe unha folla voante informando da súa postura,²⁹ que complementará unha nota de prensa: se A Coruña non é a capital de Galicia, non podería haber autonomía. Apoiase a decisión do Concello da Coruña, tomada nun pleno celebrado o día 30 de novembro, de que o recoñecemento pleno da Coruña como capital de Galicia tiña que ser previo a toda deliberación sobre os contidos do Estatuto. A Agrupación comprométese a facer todo o que poida neste sentido. «segura de interpretar el sentir de la opinión coruñesa y segura también del buen éxito de la causa liberal y justa que defiende».³⁰

²⁷ *La Voz de Galicia*, 25-9-1932; *El Noroeste*, mesmo día.

²⁸ *La Voz de Galicia*, 2-10-1932; *El Noroeste*, mesmo día.

²⁹ *La Voz de Galicia*, 29-11-1932; *El Noroeste*, 30-11-1932.

³⁰ *La Voz de Galicia*, 4-12-1932.



6.- Vista do público do mitin.

Agrupación "A la Tercera República"

¡Guerra al Estatuto caciquil de Galicia!

Gallegos: No toleréis que suplanten vuestra voluntad en el plebiscito que se anuncia. La Autonomía debe ser conquista consciente del pueblo gallego y no torpe falsificación de un grupo de ambiciosos.

¡¡¡A intervenir todos en el plebiscito para que la indigna farsa no se consuma!!!

Tip. EL NOROESTE.—La Coruña

7.- Octavilla da campaña de "A la Tercera República" contra o Estatuto.

O asunto da capitalidade fará que a Asemblea deliberante da Agrupación se reúna continuamente, ratificándose sempre na postura xa comentada, que será apoiada polo Casino Republicano.³¹

³¹ *La Voz de Galicia*, 11-12-1932; *El Noroeste*, mesma data.

Ante a convocatoria para a Asemblea de Concellos que debían aprobar o anteproxecto de Estatuto de Autonomía, e que estaba convocada en Santiago de Compostela para o día 17 de decembro, as forzas vivas coruñesas participan un acto que se celebra no salón de sesións do Pazo de María Pita, sé do Concello coruñés, o 13 de decembro. No nome da «**A la Tercera República**», intervén César Alvajar, dicindo que a Agrupación fora a primeira institución en dar a voz de alarma. Gaba as excelencias da cidade e di que esta non pode «dejarse arrebatar, por maniobras nacionalistas o de otro carácter político, algo esencial a su vida y consustancial con su carácter, mantenido a través del tiempo, de ciudad liberalísima, sin cuya orientación cordial, inspirada en elevados móviles y en sentido netamente democrático, no sería posible que la autonomía de Galicia rindiera los efectos progresivos en que la República ha inspirado los artículos constitucionales que autorizan el régimen autonómico». Alvajar declárase fervoroso autonomista, pero tamén radicalmente republicano, rexeitando «toda tendencia o inmixión nacionalista que Galicia no siente y que en el fondo envuelve siempre inspiraciones reaccionarias, enemigas de la República». Di que Santiago, «templo del Arte», non pode ser a capital. Propón que, no caso de que se acordase asistir á Asemblea de Concellos, se insista na cuestión previa da capitalidade; caso de non asistir, que se faga na Coruña un acto multitudinario.³²

Na noite do 16 a Agrupación distribúe un novo manifesto relativo á Asemblea de Concellos e á capitalidade.³³

Non imos afondar agora no tema da postura do Concello da Coruña na Asemblea de Concellos, e o debate suscitado sobre a capitalidade, porque é coñecida gracias a estar publicadas as actas; recollemos no apéndice documental o discurso que o alcalde coruñés, Manuel Iglesias Corral, pronunciou na Asemblea, no cal argumentaba que A Coruña era autonomista, pero que non podía discutírselle a capitalidade que ostentaba, ó ser sé dos organismos públicos superiores.³⁴

³² *La Voz de Galicia*, 14-12-1932. Neste acto intervirán tamén o presidente da Cámara de Comercio, Fernández Conde; Díaz Grande, en nome do claustro do Instituto da Guarda; o médico Hervada, en calidade de presidente do **Partido Republicano Gallego** na Coruña; Federico Fernández Sar, do gremio de armadores de buques; o director da Escola de Artes e Oficios, Cortés, e o director da Escola de Comercio, Inocencio Pardo Aburto; o presidente da Cámara da Propiedade, Elías Moreno; o ex-alcalde, Casás Fernández, Carballo Tenorio, en nome da Asociación da Prensa e da Asociación Profesional de Periodistas, e o director de *La Voz de Galicia*, Alejandro Barreiro; o empresario e político Pepe Miñones; Carballo Fernández, en nome da Reunión de Artesanos e do Colexio Pericial Mercantil; o obreiro Benito Couceiro, presidente do Centro Cultural Herculino; a presidenta da Liga de Mujeres Ibero-Americanas, o xornalista Martínez Morás, o sr. Cuba, representando á Asociación de Inquilinos, á Mutua Mercantil e ó Centro Ibero-Americano, o presidente da Real Academia Galega, Eladio Rodríguez González (que comenta que a institución fora convocada a unha xuntanza o 3 de xullo e agora, en cambio, non podía asistir como tal a esta nova Asemblea). Intervenien tamén o Presidente da Deputación Provincial, sr. Insuita, que manifesta que, como tal, aínda que coruñés, vai asistir á Asemblea, e o sr. Somoza, ex-presidente da Deputación, que así mesmo é partidario de asistir, porque a autonomía podería resentirse coa abstención coruñesa. As intervencións destes políticos son criticadas con murmurios pola maioría dos asistentes, situación que o alcalde, Iglesias Corral, corta enerxicamente.

³³ *La Voz de Galicia*, 17-12-1932.

³⁴ Baldomero Cores Trasmonte: *El Estatuto de Galicia (Actas y Documentos)*, Ed. Librigal, A Coruña, 1976, páxs. 53 ss. O discurso foi pronunciado na sesión da tarde do sábado 17 de decembro de 1932.

Barreiro percibe no discurso de Iglesias Corral a presión exercida pola Agrupación (á que dá como nacida o 10 de abril, erroneamente), calificando os obxectivos desta -acadar unha III República, como unha *boutade*, e observando na campaña da Agrupación, con referencia ó Estatuto, ademais do descontento de como se levaba, unha estratexia contraria á O.R.G.A. (Xosé Ramón Barreiro Fernández, *Historia de la ciudad de La Coruña*, Biblioteca Gallega, 2ª ed., A Coruña, 1996, páxs. 494-495).

Agrupación "A la Tercera República"

¡¡ABAJO EL ESTATUTO!!

Este grito, que debe brotar unánime de todos los pechos, no significa oposición a la Autonomía, que Galicia ha de conquistar libre y conscientemente, sinó

Hostilidad implacable al escandaloso amaño hecho en una asamblea caciquil efectuada en Compostela

Tip. EL NOROESTE.—La Coruña

8.- Octavilla da campaña de "A la Tercera República" contra o Estatuto.

A última noticia do ano 1932 referida á Agrupación é un comunicado no cal manifesta a súa satisfacción polo apoio que o vecindario da cidades lles está a dar, e que, unha vez coñeza en profundidade as conclusións da Asemblea que estes días se celebraba en Compostela, valorará a publicación dun novo manifesto.³⁵

Nos primeiros meses de 1933 «A la Tercera República» segue centrando o seu traballo no tema da capitalidade e o Estatuto. Ós poucos días de celebrada a Asemblea de Concellos, publica unha nota de prensa que explica ben a súa postura, e que incluimos íntegra a continuación:

«El Comité directivo de la Agrupación «A la Tercera República», constituido en sesión permanente, con facultades de la asamblea deliberante para actuar en momento oportuno manteniendo los ya conocidos puntos de vista de esta institución en el asunto de la capitalidad gallega, ha examinado el proyecto de Estatuto de Galicia que la Asamblea Regional de Ayuntamientos celebrada en Santiago de Compostela acordó proponer a la votación de los electores y somete ahora a la aprobación de unos Ayuntamientos, entre ellos el de La Coruña, y a la ratificación de otros, y aun sin juzgar acerca del carácter y orientación de dicho Estatuto, estima que no procede su sanción favorable por los organismos representativos de La Coruña por dos razones principales:

Primera: Porque no se ha reconocido de un modo claro y explícito la continuación de la capitalidad de la región gallega que La Coruña ostenta de hecho y que es indispensable que siga ostentando, ya que con ello estriba la mayor garantía de que Galicia sea una verdadera democracia. Sin este previo reconocimiento no puede dignamente La Coruña asociarse a ningún proyecto de Estatuto, sin que esto suponga mengua en su sentimiento autonomista, de antiguo bien acreditado.

Y segundo: Porque la Asamblea de Santiago que acordó proponer ese Estatuto adolece en su preparación y organización de defectos de arbitrariedad y caciquismo -a los que alude el manifiesto de «A la Tercera República» de 16 de diciembre último- suficientes para determinar su nulidad, en buenas normas democráticas.

³⁵ *La Voz de Galicia*, 21-12-1932; *El Noroeste*, mesmo día.

Agrupación "A la Tercera República"

Gallegos que nos visitáis:

Los coruñeses os reciben y consideran como hermanos, confiando en que sabréis reconocer a

La Coruña, como indiscutible capital de Galicia

Esta ciudad culta y tolerante, ama a todas las demás de la región; pero, hoy como ayer, sabe erguirse en pie y hacer que sus derechos prevalezcan.

Tip. Et. NOROESTE.—La Coruña

9.- Octavilla da campaña de "A la Tercera República" contra o Estatuto.

Hecha esta aclaración, el Comité directivo de «A la Tercera República» se reserva el derecho a seguir apelando como hasta aquí a la opinión, por todos los medios a su alcance y en aquellos momentos que estime propicios en defensa de los fueros de La Coruña, que son los fueros de la libertad, y en evitación de que se deforme el sentir general con sofisticaciones y falsificaciones repudiables».³⁶

Este mismo día aprovechábase para felicitar ó ministro de Obras Públicas, Indalecio Prieto, por destituír ó enxeñeiro das obras do ferrocarril Coruña-Ourense-Zamora, que cesara, ó parecer arbitrariamente, a tres vixiantes das obras, agora repostos.³⁷

No mes de abril elíxense novos cargos, quedando constituídos desta maneira:

Comité Directivo: Eduardo Paredes, Jesús Mejuto, Leovigildo Taboada, Ovidio Rodríguez e César Alvajar.

Comité de Consejo: José García Fernández, José Arias, Alfredo Suárez Ferrín, Antonio Domínguez Lamela e Luís Pérez.³⁸ Como vemos, deixan de pertencer ó Comité Directivo Gonzalo Acosta e José María Eirís, e, ó Comité de Consejo, José Búa Carou.

A vella teima de que non se repetisen experiencias do pasado leva á Agrupación a denunciar a política de restauración de vellos mecanismos caciquís por parte dalgúns sectores republicanos, que colocaban persoas que estiveran vencelladas á monarquía en postos de poder. Di a Agrupación:

«Contra esta actuación, desvirtuadora de las esencias republicanas, que amenaza con entregar los resortes del Poder, por lo que a esta provincia respecta, en manos de los enemigos de ayer, de los mismos que sancionaron y aplaudieron el fusilamiento de Galán y García Hernández. «A la

³⁶ *La Voz de Galicia*, 1-1-1933.

³⁷ *El Noroeste*, íbidem.

³⁸ *La Voz de Galicia*, 2-4-1933.

Agrupación "A la Tercera República"

¡Guerra sin cuartel al nacionalismo!!

porque en el fondo de todos los nacionalismos late un espíritu retrógrado.

AUTONOMIA, SI; cuando el pueblo la solicite de un modo auténtico.

¡NACIONALISMO, JAMAS!

¡Abajo el Estatuto caciquil de Galicia!!

Tip. EL NOROESTE.—La Coruña

10.- Octavilla da campaña de "A la Tercera República" contra o Estatuto.

Tercera República» levanta su enérgica protesta y combatirá rudamente la persistencia de este bochornoso estado de cosas con los medios y procedimientos que considere más eficaces y adecuados, limitándose por hoy a la sobria enunciación de este propósito, al que no duda han de sumarse todos los republicanos de corazón».³⁹

Un artigo de fondo de *El Noroeste*, publicado tres días despois, comenta esta nota de prensa, apoiándoa en todos os seus termos, por coincidir co que sempre viña mantendo o xornal.⁴⁰

Pero será a campaña contra o proxecto de Estatuto de Autonomía que se elaborara a que ocupará a actividade da agrupación nos meses seguintes. Dende que se soubo que o Comité Central de Autonomía tiña concedida autorización de convocar un plebiscito, «A la Tercera República» iniciará unha campaña de axitación e de recollida de fondos, sacando en primeiro lugar un manifesto no que fixarían a súa postura.⁴¹

O manifesto publicouse o día 1 de agosto. Levaba por título «Contra el Estatuto caciquil de Galicia». Nel dicíase que en Galicia non existía verdadeiro espírito autonomista, e que, no canto de realizar un labor de preparación do país, suplantábase a vontade rexional anunciando que o plebiscito sería no mes de setembro. Por este motivo, a Agrupación propugnaba unha guerra contra o Estatuto, porque se fixera ás costas dos galegos. Como non, o tema da capitalidade tamén está presente neste manifesto, reivindicando de novo a

³⁹ *La Voz de Galicia*, 28-5-1933. *El Ideal Gallego*, *Tierra Gallega* e *El Noroeste* tamén a publicaron o mesmo día. O único xornal local que non o fixo foi *El Día*, demostrando, segundo nota autógrafa de César Alvajar, «que así acusó el bastonazo».

⁴⁰ *El Noroeste*, 31-5-1933.

⁴¹ *La Voz de Galicia*, 2-6-1933, e *El Noroeste*, *Tierra Gallega* e *El Ideal Gallego* (agás *El Día*) tamén a publican; e *La Voz de Galicia*, 30-7-1933.

capitalidade para A Coruña, e pedindo ós coruñeses que se uniran. Para a campaña que se emprendía solicitábanse donativos económicos, que se podían facer nos domicilios de Antonio Domínguez Lamela (Xoana de Vega, 21, baixo), Alfredo Suárez Ferrín (administración de *El Noroeste*), José García Fernández (Centro Radical, na rúa Capitán Galán, 10-1º), Miguel de Bernardo (rúa García Hernández, 167-2º) e César Alvajar (Panadeiras, 21-2º).⁴²

O xornal *El Día* comenta esta vez a saída do manifesto, pero amosándose contrario ó seu contido. Dado que era un dos xornais non simpatizantes coa Agrupación, poñemos a continuación o texto íntegro do seu comentario:

«A la Tercera República» ha lanzado un manifiesto de oposición a los nacionalismos y de exaltación del tema «La Coruña, capital de Galicia».

Con toda franqueza, creemos que la capitalidad de Galicia es algo fatalmente ajeno a la autonomía, y menos creemos que para ser autonomista haya que ponerse de acuerdo antes sobre cual es la capital gallega. Son dos cosas distintas y el involucrarlas supone un exceso de buena fe y de coruñesismo, porque nuestra ciudad contará con cerca de cien mil habitantes, pero fuera de los límites de ella hay cerca de dos millones de gallegos que tienen perfecto derecho a pensar como mejor les plazca y cuyo pensamiento no puede estar hipotecado a una aspiración local.

Con estas propagandas creemos que se está dañando formidablemente la causa de La Coruña, a la que en estos momentos le conviene menos que nunca dar una sensación de aislamiento de las realidades gallegas».⁴³

O **Partido Galeguista** mantivo unha actitude moi crítica coa Agrupación. Aínda que, nas dúas informacións que subministra o seu voceiro, *A Nosa Terra*, téntase minimizar o papel da Agrupación; pero que se ocupara do asunto con tal virulencia indica que, no fondo, preocupáballe, ata o punto de que, contradicindo as súas propias opinións, semella entrar no que considera unha provocación.

A primeira noticia, de certa extensión, publícase en *A Nosa Terra* a raíz da difusión do manifesto da Agrupación do día 1 de agosto. Dada a agresividade do ataque, consideramos interesante reproducilo enteiro:

«Moitas gracias.

Na Cruña existe unha cousa absurda e única en Hespaña que se chama: «Agrupación a la tercera república». Non ten nada de particular a existencia de semellante aborto d'unha histórica elucubración pois os cruñeses son os primeiros en tomar a broma a tal pandilla. Xa non digamos por ahí adiante onde a xente asómbrase de que da Cruña sallan cousas tan absurdas.

Resulta que os tipos que guisan e comen ese plato andiveron estes días atrais facendo un alarde de insensatez e chantaxismo publicando unha recua de follas arredor d'un preito no que ninguén cre. O da capitalidade de Galicia.

Temos á vista os **Programas de mano** que espallaron. Na nosa vida temos visto en letras de molde tal cantidade de estupideces xuntas.

Mentiras, canalladas, contradicións, ameazas, anuncios de guerra... a Biblia en prosa pero n'unha prosa verdadeiramente escacharrante.

A cousa deu motivo a que a sensibilidade e bñ xuício dos cruñeses manifestase a súa repulsa contra tal campaña de catro innominados ambiciosos de populachería desprestixiados tipos que todo o mundo coñece e sabe como ha de tratar. Tanto que abondou que a «Sección de temas locales y gallegos» do Circo de Artesanos largase unha folla poñendo as cousas no seu punto para que aínda os que non estaban no segredo decatáranse e reaccionasen debidamente. E pra remate unha folliña irónica e oportuna firmada por unha «Agrupación a la quinta... República» que foi o epitafio digno e merecido.

⁴² *La Voz de Galicia*, 2-8-1933.

⁴³ *El Día*, 2-8-1933.

Feita esta pequena historia estamos nós no deber de lle dar as gracias a esa «Agrupación» pol-o gran anuncio que nas follas referidas fixo do nacionalismo galego. O único que lamentamos é que ese anuncio non seña de xente de mais solvencia porque é indudábel que si fose así o anuncio sería máis eficaz. De todos xeitos temos que estimar a atención.

Certamente que ao mesmo tempo dixeron cousas que non son certas. Por exemplo o de que o Estatuto é obra dos nacionalistas cando todo o mundo sabe e eles tamén que ese Estatuto nin é obra nosa, nin enche o mais mínimo das nosas aspiracións nin a esta hora temos nada que ver con él. E que o nacionalismo é reaccionario. Que saberán os burros da confitería!

O intresante é que nos amenazan con unha guerra civil despiadada e cruenta. E nós encantados.

É boa lástima que o nemigo non sexa mais poderoso porque realmente a éste abonda con escupirlle na cara para que fuxa arrepiado. Mais por algo se comenza e para entreno de futuras loitas que temos que entablar con tanto sinvergoña e desleigado que hai por Galicia adiante, non está mal.

Agradecidos pois pol-o anuncia que fai do nacionalismo (cuija factura nos pasarían si trunfáramos axiña) e dende logo recolemos o guante. Imos a ver quen pode mais. O nacionalismo galego ou «la tercera república».

A loita é algo desigual pero até agora non podemos ofrecer nemigo de maior potencia e calidade. E non podemos tampouco rechazar a batalla sin que ésto queira decir que non sentimos por tal nemigo un gran desprecio non exento de compasión. Disa compasión que sempre inspiran os desgraciados e os parvos».⁴⁴

Esa follina irónica que menciona o colaborador de *A Nosa Terra* tiña o seguinte texto:

«A Coruña lo que es de La Coruña y al César...

CORUÑESES:

Llegó el momento de defenderse. Ya no se puede esperar más tiempo. Hay que alzarse en guerra civil y militar contra esos que al socaire de la capitalidad lo que quieren es llevarnos la torre de Hércules; el puerto; el obelisco; la calle Real (hoy del Capitán Galán); nuestros encantijos; nuestro clima ideal; la estatua de Carballo y todo cuanto constituye nuestro tesoro auténtico.

Para evitarlo debemos luchar hasta que nos **muéramos**, y para ello sale a la palestra armada de todas armas

LA AGRUPACIÓN A LA QUINTA...REPUBLICA».⁴⁵

O folleto está impreso na Tipografía Obreira, onde fundamentalmente os sindicatos editaban as súas publicacións. Unha nota autógrafa de César Alvajar ó pé dun exemplar desta follina di: «De los nacionalistas».

Respecto da folla tirada pola «Sección de Temas Gallegos y Locales» da Reunión de Artesanos, da que tamén se fai eco *El Noroeste* no número do 6 de agosto, hai que salientar que provocou fortes tensións dentro desta entidade cultural. A Xunta Directiva, debido a que a nota se quitara violando os estatutos da Sociedade, suspendeu das súas funcións ós responsables da Sección, que se rebelaron contra esta decisión. Celebrouse unha Xunta Xeral moi conflictiva. A Xunta Directiva, que presidía Carballo, manifestaba que a única solución admisible era que previamente se recoñecera a transgresión, sen perxuízo de que, no seu momento, se puideran modificar os regulamentos; de aí que non admitise unha solución aparentemente harmónica proposta por un asociado. Igualmente, Fernando Martínez Morás fixo unha enérxica defensa da postura da Directiva. Cando se fá votar, volvéronse



11.- Selo do Venerable
Mestre da loxa
"Pensamiento y Acción
nº 11".

⁴⁴ *A Nosa Terra*, nº 305, 13-8-1933.

⁴⁵ Está reproducido no artigo citado de Francisco Xavier Alvajar, páx. 160.

reproducir os incidentes, polo cal, ademais da hora tardía que xa era, suspendeuse a reunión ata outro día. Ó parecer, a opinión maioritaria da Asemblea era de apoio á Xunta Directiva, e contra a actuación da «Sección de Temas Gallegos».⁴⁶

Por ser moi extensa a folla que distribuíron, reproducímolos como apéndice documental.⁴⁷ Paralelamente a outras actividades de axitación que logo comentaremos, a prensa vai recollendo listados das persoas que colaboraban economicamente coa campaña da Agrupación. O total recadado ascendería a 1674,25 pta.⁴⁸

Mentres se produce esta campaña de recadación, a Agrupación dirixe un manifesto á xuventude para formar unha sección xuvenil «que será a la par un grupo de acción y una escuela de preparación de futuros ciudadanos».⁴⁹

Esta filial xuvenil da Agrupación xa estaba constituída o día 31 de agosto, porque ía participar na xuntanza que, no Casino Republicano, celebraría a Asemblea deliberante da Agrupación, na que tratarían os detalles de organización do mitin que se ía celebrar o domingo 3 de setembro no Teatro Rosalía de Castro.⁵⁰

Nestes días tamén a Agrupación distribuíra unha folla informativa entre os labregos galegos, na que se denunciaba que o Estatuto fixérase sen contar con eles, que tería importantes custes para a súa economía, polo que lles aconsellaban que votaran en contra.⁵¹ Os preparativos do mitin ocupan ós membros da Agrupación nos días seguintes, celebrándose xuntanzas de organización, pegando carteis pola cidade, etc. Tamén instalaríanse altofalantes no exterior do teatro, para que o público que non puidera asistir ó local escoitase as intervencións.⁵²

Tal como estaba previsto, o domingo 3 de setembro celébrase no Teatro «Rosalía de Castro» o mitin. A prensa coruñesa recolle que o recinto estaba cheo, e había xente no exterior. Presidiu o acto Antonio Domínguez Lamela, con outros membros da organización, concelleiros e ex-concelleiros de A Coruña. Logo dunha breve presentación a cargo de Domínguez Lamela, tomou a palabra o mozo Miseno Rivero, que censurou o xeito de como fora tramitado o Estatuto. Logo de declararse partidario da autonomía administrativa, «acorde con las necesidades y aspiraciones de Galicia», expresou o entusiasmo que o levaba a defender A Coruña.

Fala a continuación o primeiro tenente de alcalde do Concello da Coruña, Alfredo Suárez Ferrín. Lembra no seu discurso que, logo de que fracasara un modelo federalista do Estado, a raíz da aprobación da Constitución pensouse en como atender as aspiracións de rexións con características propias. No caso galego, a idea foi organizar a súa autonomía, pero, sen moita preparación, elaborouse un proxecto de Estatuto, no cal, entre outras cousas, non estaba claro se ían desaparecer os organismos provinciais (caso de coexistir sería «monstruoso»). A imposición de novos trabucos levaría ós labregos, que xa soportaban bastantes cargas, a vivir peor. Critica que se seguise o modelo catalán, rematando o seu discurso falando do tema da capitalidade, e citando a Murguía, que nos seus traballos destacara a antigüidade da Coruña e a nobreza da súa historia.

⁴⁶ *La Voz de Galicia*, 6-8-1933

⁴⁷ César Alvajar anota tamén nesta folla o comentario «De los nacionalistas».

⁴⁸ *La Voz de Galicia*, 3, 4, 5, 9, 11, 13, 15, 19, 23, 24, 27 e 30 de agosto de 1933, e 1 e 12 de setembro e 1 de outubro de 1933.

⁴⁹ *La Voz de Galicia*, 27-8-1933. Hai un exemplar deste chamamento no Arquivo de Betanzos, at. 6121.

⁵⁰ *La Voz de Galicia*, 31-8-1933.

⁵¹ *La Voz de Galicia*, 29-8-1933. Incluímos tamén no apéndice documental un exemplar desta folla.

⁵² *La Voz de Galicia*, 30 e 31 de agosto e 2 de setembro de 1933.

AGRUPACION REPUBLICANA FEMENINA
DE LA CORUÑA

La Mujer, antes, ahora y después

Conferencia pronunciada por

:: Doña María Barbelto Cerviño ::

:: el 19 de mayo de 1934 ::

(Versión taquigráfica para su
publicación)

LA CORUÑA
Tipográfica Obrera, Socorro, 3
1934

12.- Folleto editado pola "Agrupación Republicana Femenina" da Coruña.

O seguinte orador foi Fernando Martínez Morás. Logo de deixar sentado que non pertence a «A la Tercera República», porque considera que se a actual funciona non é necesaria outra, dixo que coincidía co obxectivo do mitin. Ironiza sobre «los muchos nuevos entusiastas que le han salido a Galicia» ultimamente. Lembra que contribuíu á fundación da primeira **Irmandade da Fala**, e que a abandonara cando estas «se transformaron en focos nacionalistas, por buscar algunos en ellas plataformas políticas». Considera absurdo presentar a Galicia como nación, aínda que amósase partidario de que teña un réxime descentralizado. Compara a situación de Galicia con Catalunya e Euskadi, que, ó contrario de Galicia, progresaran moito e tiñan amplos servizos que ofertar ós cidadáns; se Galicia estivera no mesmo caso, cumpríralle axiña organizar un réxime autonómico, pero, na situación actual, consideraba que habería importantes conflitos no momento en que o Estado lle transferise os servizos e só lles dera para atendelos o diñeiro que nese momento investía neles. Pensa que falta educación cidadá, sobre todo no campo, para manter con dignidade un réxime autonómico, que estaría abocado a caer nas mans do caciquismo. Propón que se faga un labor de preparación republicano no campo galego, como paso previo a convocar unha Asemblea na Coruña para elaborar un Estatuto viable. Denuncia os pasos seguidos para a elaboración do anteproxecto, que fora cousa de cinco persoas. Lembra que Vigo, A Coruña, Tui, Lugo e Mondoñedo, e outras importantes vilas, votaran en contra do Estatuto. Aplauda a nova postura do **Partido Republicano Gallego** e de Casares Quiroga no sentido de aprazar o plebiscito. Na última parte do seu discurso comenta as opinións contrarias ó plebiscito, que piden un estudio serio e meditado sobre a autonomía, etc.

O último orador é César Alvajar, o cal, logo de aplaudir as intervencións dos que o precederon, di:

«Yo vengo aquí para comprobar que no se han extinguido las virtudes cívicas de aquellos patriotas que en el año 1893 supieron dar a La Coruña días de gloria por defender el prestigio y la dignidad de la ciudad. Aquí está, en este teatro, demostrando que aquellos altos ejemplos no se ha perdido».

Apoia as manifestacións de Azaña feitas en Santiago, e as de Casares Quiroga en Lugo, no sentido de que a autonomía debería ser pedida de maneira auténtica por Galicia, e que o instrumento que a plasmase non tería que ter vencellos ou significacións retrógradas; por iso aproveita Alvajar para denunciar que algúns dos promotores do Estatuto votaran en contra dos aspectos máis liberais da Constitución da República. Declárase autonomista, pero non quere que se substitúa un caciquismo por outro. Sobre a opinión dos nacionalistas de que Castela oprimira a Galicia, di que é non é certo e, aínda que Rosalía de Castro dixera que os labregos fan a Castela «como rosas» e viñan como negros, parécelle moi dubidosa afirmación, xa que precisamente de Galicia saían para buscar o que en Galicia non encontraban. Os sufrimentos de Galicia foran debidos á existencia de Gobiernos excesivamente centralizadores, e consideraba lóxica que houbera unha reacción autonomista, «pero nunca un foco de nacionalismo que no tiene razón de ser». Denuncia calquera tipo de patriotismo, tanto o da «Marcha de Cádiz» como o da «Foliada». Incide nas contradicións do **Partido Republicano Gallego**, chegando á conclusión de que Casares Quiroga accedera á convocatoria do plebiscito por presións e compromisos. Na última parte do seu discurso, Alvajar reflexiona sobre a capitalidade e sobre o liberalismo da Coruña, manifestando que o tema non é debido a localismos, senón porque iso garantía que a autonomía de Galicia tivera un espírito liberal. Amósase partidario da autonomía, pero non do nacionalismo, «nada de espírito restrictivo a ambientes comarcanos sinó aires de libertad, igualdade y fraternidad, postulados eternos del progreso». Convida ós coruñeses a poñerse en pé en defensa dos intereses da Coruña e Galicia.

As conclusións do mitin, que logo foron entregadas ó gobernador civil, foron as seguintes:

«La representación del pueblo de La Coruña reunida en mitin en el teatro Rosalía Castro acuerda las siguientes conclusiones:

Primero: Significar ante el Gobierno su disconformidad en el proyecto de Estatuto de Galicia redactado en Santiago, fundándose principalmente en el censurable procedimiento seguido en su tramitación y en los vicios constitutivos de la Asamblea en que fue sancionado.

Segunda: Declarar la improcedencia del plebiscito que se anuncia, por considerar que a la obtención de la autonomía debe preceder una labor de educación civil del campesino y de propaganda meditada en la que se expliquen al pueblo el alcance y ventajas del régimen autonómico y también los cargos y responsabilidades que lleva aparejadas, ya que ir a la autonomía de otro modo, pensando acaso en forzar la voluntad popular, constituye una suplantación condenable, contra la que debe levantarse la ciudadanía gallega.

Tercera: Protestar enérgicamente contra toda tendencia nacionalista, franca o encubierta, reconociendo como nación única a la República Española, sin perjuicio de admitir la autonomía de la región gallega cuando sea auténticamente solicitada por el pueblo y obtenida con garantía de que Galicia ha de avanzar en el orden ideológico tanto, por lo menos, como el resto del país.

Cuarta: Sustener que La Coruña es la indiscutible capital de Galicia, y

Quinta: Persistir en la campaña contra el Estatuto y pro capitalidad coruñesa, solicitando para ella el auxilio moral y material del pueblo».

Durante o mitin producíronse algúns incidentes con persoas contrarias, pero o servizo de orde expulsou ós interruptores. Tamén se informa na prensa que, dende Padrón, o avogado do Estado de Vigo Vicente Sierra, propagandista contra o Estatuto, enviara á entidade organizadora o seguinte escrito:

«En el momento en que van a dar a España la noticia de cuánto se la ama en nuestra tierra lanzando el grito de protesta contra quienes, beneficiándose de ella, tratan de matar el cariño que le tiene Galicia, únome con todo entusiasmo al acto de civismo que representa el decir a los gallegos cara a cara errores con que se les trata de enfriar el sentimiento de la patria única, base necesaria para la existencia de la nacionalidad hispana. Viva la República y Galicia».⁵³

Poucos días despois de que se celebre o mitin da Agrupación no Teatro «Rosalía de Castro», en *A Nosa Terra* aparece o seguinte comentario:

«A Torre de Hércules en peligro.

No teatro Rosalía de Castro da Cruña celebrouse un mitin organizado por xente de **a la tercera república**.

Díxose que foi contra o Estatuto. Mais non están todos conformes. Hai quen pensa que foi en contra da Torre de Hércules, por mór de non sei que resentimentos contra o dono que vendéu o solar. Como se vé, trátase de xente moi nova.

Os oradores rubíron todos a grande outura. A xente impacéntouse e non quixo saber nada de cousas prehistóricas. Parte d'ela marchouse. Parte d'ela quedouse para protestar. E parte quedouse sin saber de que se trataba. Así e todo debemos pór en coñecemento das autoridades correspondentes iste atentado contra un monumento de tanta historia -hai quen a tén mais longa- coma o famoso Faro dos fisterres galegos, ao que se rubiron ises **galillos** da voz medoñenta dun morto.

Pois si ben é verdade que ao rubir non pasó nada, **al bajar** non digo eu!

Nonoutros non sabemos que é o que fai o señor Alcalde da Cruña! ⁵⁴

As últimas noticias que temos da agrupación falan de que, en relación co plebiscito, que estaba previsto que se celebrara o 17 de decembro, «**A la Tercera República**» valoraría en Asemblea deliberante se emprender unha nova campaña (logo de rematada a anterior) por toda Galicia, para a cal se solicitaría o concurso doutros organismos e entidades,⁵⁵ e que estaban a disposición de quen quixera examinalos, no Casino Republicano, o estado de gastos da campaña contra o Estatuto que realizara a agrupación.⁵⁶ Por citar só algúns, destacan polas súas aportacións económicas Emilio Rey Sánchez, C. M. B. -iniciais que coinciden co nome e apelidos dun coñecido escritor-, Fernando Martínez Morás, Arsenio García ou Jacobo L. Mejía. É moi curioso que tamén haxa unha aportación dunha persoa que asina como «un conselleiro da Irmandade da Fala».

RELACIONES DE «A LA TERCERA REPÚBLICA» CO PARTIDO REPUBLICANO RADICAL E CO PARTIDO REPUBLICANO RADICAL-SOCIALISTA

Non podemos entender a existencia da Agrupación «**A la Tercera República**» sen coñecer os movementos políticos de organizacións como o **Partido Radical** ou o **Partido Radical-Socialista**. Alfonso Bozzo, nun interesante libro, di que o **Partido Radical**, descolocado -polo seu enfrontamento á **Organización Republicana Gallega Autónoma (ORGA)**, que formaba parte do Goberno do Estado, ó que estaban combatendo- conseguiu que a Agrupación «**A la Tercera República**» tivese unha orientación antiestatutista, «que casi conseguiría hacer fracasar la asamblea regional de municipios que aprobaría el texto definitivo del Estatuto en diciembre de 1932».⁵⁷ Os radicais non se declaraban antiautonomistas.

⁵³ *La Voz de Galicia*, 5-9-1933.

⁵⁴ *A Nosa Terra*, no 310, 18-9-1933.

⁵⁵ *La Voz de Galicia*, 1-10-1933.

⁵⁶ *La Voz de Galicia*, 11-10-1933; *El Noroeste*, 11 e 12 de outubro de 1933.

⁵⁷ A. Alfonso Bozzo: *Los partidos políticos y la autonomía de Galicia. 1931-1936*, Akal, Madrid, 1976, páxs. 86-87.

senón que dicían que estaban contra «el estatuto caciquil elaborado a espaldas de Galicia».⁵⁸

Falando da Asemblea do **Partido Radical** en Ourense o 10 de outubro de 1932, di Bozzo: «En relación con la autonomía gallega los radicales gallegos se declaraban dispuestos a apoyar un Estatuto concebido en los mismos términos que el catalán, estableciendo la salvedad de que, en caso de que se plebiscitase, habrían de cesar todas las autoridades provinciales gallegas, cuyo monopolio de nombramiento correspondía hasta ese momento a la ORGA».⁵⁹


Había en Galicia unha orientación avanzada no **Partido Radical** (no Estado era Martínez Barrio o que representaba esta corrente) que eran César Alvarar e o Casino Republicano da Coruña.⁶⁰ Xa os coruñeses tentaran que en xuño de 1931 o **Partido Radical** se integrara na **Conxunción Republicano-Socialista**, sen éxito,⁶¹ pero si o conseguirán nas de novembro de 1933.⁶²

Pola súa parte, o **Partido Republicano Radical-Socialista**, fundado en 1929, vivirá nestes anos numerosos conflitos orgánicos. Os seus líderes máis destacados eran Álvaro de Albornoz, Marcelino Domingo (representante da corrente esquerdista), Félix Gordón Ordás (líder da corrente moderada), Eduardo Ortega y Gasset e Victoria Kent.⁶³

Aínda que dous radicaís-socialistas, Tiberio Vasalo e Laureano Santiso Girón participarán no «Pacto de Lestrove», no que se funda a **Federación Republicana Gallega**, ata despois das eleccións constituíntes de xuño de 1931 a penas terá incidencia. Nestas eleccións o **Partido Radical-Socialista** obterá, en todo o Estado, 69 deputados (deles dous en Galicia, na provincia de Ourense, os avogados Alfonso Pazos Cid e Manuel García Becerra, integrados na candidatura da **Federación Republicana Gallega**).⁶⁴

Na cidade da Coruña, o partido tirará un manifesto de presentación pública o 5 de xuño de 1931. Decláranse profundamente republicanos, partidarios da colaboración de todos os partidos desta ideoloxía, e «el más avanzado hacia la izquierda, el de soluciones más francas y radicales».⁶⁵ Non son un partido de masas, «no hemos de atender al número, sino a la calidad de los que acudan a sumárenos», e non están supeditados a ningún xefe, aínda que teñen destacados persoeiros. Neste sentido, Bozzo pensa que esta manifestación contraria ós caudillos ía dedicada a Lerroxx ou, no caso coruñés, a Casares Quiroga.⁶⁶

Meses despois, o partido estaba instalado nas principais cidades, tendo o núcleo dirixente en Santiago, e as maiores agrupacións en Ourense (con bastante apoio en asociacións agrarias dos arrabaldos da cidade) e A Coruña.



13.- Alejandro Lerroux, líder do Partido Radical.

⁵⁸ Íbidem.

⁵⁹ Bozzo, op. cit., páx. 88.

⁶⁰ Bozzo, op. cit., páx. 89.

⁶¹ Bozzo, op. cit. páx. 84.

⁶² Bozzo, op. cit., páx. 89.

⁶³ Bozzo, op. cit., páxs. 132-133.

⁶⁴ Bozzo, op. cit., páxs. 133-134.

⁶⁵ Bozzo, op. cit., páxs. 134-135.

⁶⁶ Bozzo, op. cit., páx. 136.

Nesta cidade, a comezos de 1932, un destacado dirixente, Alfredo Suárez Ferrín, merca o xornal *El Noroeste*, que dirixirá o mestre Jesús Mejuto, e que será o voceiro do partido ata 1934.⁶⁷

Aínda que o partido era partidario da autonomía, e algúns persoeiros radicais-socialistas de Galicia eran decididos defensores desta, as agrupacións presentarían numerosas emendas ó anteproxecto de Estatuto. Estas emendas mesmo eran, en ocasións, contradictorias, como acontecía co tema da cooficialidade do idioma galego. Pero o grande conflito viría dado polo tema da capitalidade de Galicia. A agrupación de Santiago apoiaba que esta cidade fora a capital, mentres que parte dos militantes coruñeses, seguidos polos de Vigo, emprenderían unha dura campaña contra isto, defendendo que tiña que ser A Coruña, e iniciando unha campaña «autonomista contra el estatuto caciquil», que terá o apoio do **Partido Radical** da Coruña e do Casino Republicano desa cidade. Serán sectores avanzados do **Partido Radical** de A Coruña e a facción do **PR-RS** nucleada en torno ó xornal *El Noroeste* (Mejuto, Suárez Ferrín) os que fundarán «**A la Tercera República**».⁶⁸

A raíz do Congreso de setembro de 1933, o **Partido Radical-Socialista** escíndese en dúas fraccións, unha partidaria de seguir colaborando cos socialistas (a encabezada por Marcelino Domingo) e outra, a oficial, de ter relacións tan só con forzas republicanas, liderada por Gordón Ordax.

En Galicia, e concretamente na Coruña (tamén houbo problemas en Ourense) dáse o caso curioso de que o grupo de *El Noroeste* (Mejuto, Suárez Ferrín ou Gutiérrez Moyano), que impulsaran a campaña anti-estatuto, permanecen no sector ortodoxo, aliándose coa agrupación de Santiago, liderada por Xesús San Luís Romero, que foran ferventemente partidarios do Estatuto.

Nas eleccións de novembro de 1933 as dúas fraccións, a heterodoxa baixo o nome de «**Partido Radical-Socialista Independiente**», encabezados na provincia da Coruña por Francisco Rey Barral, Gonzalo Acosta Pan, Fernando Cortés Bujía e José Búa Carou, e a ortodoxa, baixo o nome de **Partido Radical Socialista**, na que participaban Xesús San Luís Romero e Aurelio Gutiérrez Moyano; pola súa parte, Jesús Mejuto Vázquez (e aquí trabúcase Bozzo) non vai na lista radical-socialista, senón nun grupo denominado **Republicanos Independientes** ou tamén **Partido Republicano Independiente**: xunto con el aparecen nomes



14.- Diego Martínez Barrio, presidente de Unión Republicana.



15.- Marcelino Domingo, do Partido Republicano Radical Socialista.

⁶⁷ Bozzo, op. cit., páxs. 137-138; Carlos Pereira Martínez, *Persoas Ilustres de Culleredo, II*, Concellería de Cultura do Concello de Culleredo, Culleredo, 1997.

⁶⁸ Bozzo, op. cit., páxs. 142-143.

como Enrique de la Torre Gosálvez, Manuel Díaz Rozas, Juan Martínez Tejada e Juan Pérez Serrabona. O fracaso desas candidaturas, o mesmo que en toda Galicia, foi importante.⁶⁹

A AGRUPACIÓN «A LA TERCERA REPÚBLICA» E A LOXA MASÓNICA «PENSAMIENTO Y ACCIÓN Nº 11».⁷⁰

A primeira noticia do funcionamento da loxa «Pensamiento y Acción nº 11» é de 30 de novembro de 1932, pero xa se dá como existente, o cal indica que comezou a funcionar un tempo antes. Participan nela, fundamentalmente, membros do **Partido Radical** e o **Partido Radical-Socialista**, curiosamente a maioría dos que encabezan os Comités de «**A la Tercera República**».

Se analizamos o seu cadro lóxico, vemos que pertencen a ela José García Fernández, Antonio Domínguez Lamela, Jesús Mejuto Vázquez, Ovidio Rodríguez Blanco e César Alvajar Diéguez. Emilio Alba Lamas, membro tamén da loxa, colabora en tres ocasións, con pequenas aportacións económicas, na campaña da Agrupación.

Membros destacados desta loxa foron os deputados, primeiro polo **Partido Radical**, e logo por **Unión Republicana**. José Miñones Bernárdez e José García Ramos; Joaquín Martín Martínez, secretario do Concello de A Coruña (que era de **Unión Republicana**, e non independente, como cre Valín); Salvador Echeverría, destacado dirixente do **PRR-S**, ministro de Propaganda do Goberno da República no exilio, ou o xornalista Domingo Quiroga Ríos.

Pola súa parte, Aurelio Fernández Morales, electo membro do Sub-Comité na primeira xuntanza da Agrupación (aínda que debeu renunciar, xa que nos Estatutos do Goberno Civil aparece, no seu lugar, Luís Pérez), era membro da loxa «Suevia nº 4», moi vencellada a Casares Quiroga e á **ORGA**; fai, sen embargo, unha importante aportación económica á campaña.

¿Que tipo de relación existiu entre «Pensamiento y Acción nº 11» e «**A la Tercera República**»? É difícil sabelo con precisión, pero, curiosamente, ámbalas dúas entidades nacen practicamente a un tempo, a filiación política da inmensa maioría dos seus primeiros membros -**Partido Radical** e **Partido Radical-Socialista**- é a mesma que a da Agrupación, coinciden como dirixentes nas dúas entidades case as mesmas persoas, e os dous masóns anarco-sindicalistas de «Pensamiento y Acción nº 11», José Lanzara García e Manuel Pérez González podían suscribir mesmo os obxectivos primeiros da Agrupación. Temos a impresión, pois, de que ambos organismos estiveron moi relacionados. «Pensamiento y Acción nº 11» foi unha loxa moi politizada. A raíz da revolución de outubro de 1934 (César Alvajar sería mesmo encarcerado varios meses por un conflito acontecido no Casino Republicano), a loxa implícase aínda máis no terreo político; un documento masónico de 12 de xuño de 1935 indica que «...por el movimiento revolucionario, se halla procesada la Log. Pensamiento y Acción nº 11...», permanecendo suspendida practicamente ata finais deste ano. En 1936 a presenza de membros de **Unión Republicana** en «Pensamiento y Acción nº 11» é hexemónica, chegando mesmo a mandarse, dende a propia loxa, en xuño de 1936, unha carta a Diego Martínez Barrio, máximo dirixente de **Unión Republicana** ¡pero en calidade de Grande Mestre do Grande Oriente Español!, recomendando ó fillo dun membro da loxa -dirixente este de **Unión Republicana** na provincia da Coruña-.

⁶⁹ Bozzo, op. cit., páxs. 143-146; La Voz de Galicia, 20, 21, 22 e 23 de novembro de 1933.

⁷⁰ Todos os datos referidos a esta loxa tomámoslos de Alberto Valín Fernández, *La masonería y La Coruña*, Edicións Xerais, Vigo, 1984, páxs. 229-248.

ACTUACIÓN DOS MEMBROS DE «A LA TERCERA REPÚBLICA» NO PLEBISCITO DE XUÑO DE 1936

Encadrados, ben en **Unión Republicana**, ben en **Izquierda Republicana**, a maior parte das persoas que formaron os Comités Directivos da Agrupación participarán activamente na campaña do Plebiscito do Estatuto de Autonomía de xuño de 1936, intervindo como oradores en varios mitíns.⁷¹

Se ben **Unión Republicana** era moderadamente autonomista, a asunción do tema do Estatuto pola **Fronte Popular** (eles foran en gran medida os redactores do Programa político desta coalición) fai que asuman con todas as consecuencias o Estatuto, «llegando incluso a actuar en la vanguardia de la reivindicación de la misma forma que lo había hecho en la construcción del Frente».⁷²

Como dato curioso, recellemos a seguinte anécdota que amosa como, para algúns membros da antiga Agrupación, a idea orixinaria permanecía viva; así, cando o Comité da **Fronte Popular**, logo do triunfo desta nas eleccións xerais de febreiro de 1936 asume provisionalmente o mantemento da orde na Coruña, como colofón a unha manifestación popular polas rúas coruñesas, que rematou diante do Casino Republicano, dirixíronse ó pobo Manuel María González e César Alvajar, membros do Comité. Alvajar, segundo reseña a prensa, «expresó que después de triunfar, el problema consiste en administrar bien el triunfo no defraudando los anhelos populares, sino colmándolos plenamente. Terminó con un viva a la Tercera República».⁷³

César Alvajar asistiría á xuntanza de deputados galegos e compromisarios, celebrada en Madrid, no Congreso dos Deputados, o 8 de maio de 1936, que tiña como obxecto tomar acordos relativos á plebiscitación do Estatuto; na súa intervención manifesta que o Estatuto debe ser obra de todos os galegos, e debe facerse unha ampla campaña de propaganda previa ó plebiscito.⁷⁴

O PARALELISMO ENTRE A SITUACIÓN NO DEBATE DO ESTATUTO DURANTE A SEGUNDA REPÚBLICA E O PROBLEMA DA CAPITALIDADE EN 1982

Dicía un comentario de prensa:

«Con toda franqueza, creemos que la capitalidad de Galicia es algo fatalmente ajeno a la autonomía, y menos creemos que para ser autonomista haya que ponerse de acuerdo antes sobre cual es la capital gallega. Son dos cosas distintas y el involucrarlas supone un exceso de buena fe y de coruñesismo, porque nuestra ciudad contará con cerca de cien mil habitantes, pero fuera de los límites de ella hay cerca de dos millones de gallegos que tienen perfecto derecho a pensar como mejor les plazca y cuyo pensamiento no puede estar hipotecado a una aspiración local.

Con estas propagandas creemos que se está dañando formidablemente la causa de La Coruña, a la que en estos momentos le conviene menos que nunca dar una sensación de aislamiento de las realidades gallegas».

Este comentario ó manifesto que a Agrupación «A la Tercera República» tirou do prelo co título «Contra el Estatuto Caciquil de Galicia», foi publicada polo xornal *El Día* o 2 de agosto de 1933,⁷⁵ foi dos poucos racionais que apareceron nestes tempos na prensa coruñesa. Pero, máis que comentar agora o espírito democrático que o inspira, queremos

⁷¹ Véxanse as convocatorias de mitíns na prensa dese mes.

⁷² Bozzo, op. cit., páxs. 149-152.

⁷³ *La Voz de Galicia*, 20-2-1936.

⁷⁴ Baldomero Cores, *El Estatuto...*, páx. 191.

⁷⁵ Arquivo Municipal de Betanzos, Fondo Alvajar, 6121.

salientar a súa actualidade, porque, ás veces, semella que o tempo detense, ou, se facemos caso ó materialismo dialéctico, a historia é unha espiral que, noutros estadios, repite experiencias do pasado.

¿Quen non se lembra do acontecido na Coruña en xuño de 1982, cando unha comisión parlamentaria rexeitou as emendas á Lei de Sede das institucións autonómicas, que designaba a Santiago como capital? A resposta coruñesa foi inmediata, cunha manifestación multitudinaria celebrada o 8 de xuño dese ano, coa demisión de varios deputados autonómicos (entre eles Francisco Vázquez, futuro alcalde), co renacemento do «coruñesismo» e coa malditización das opcións políticas nacionalistas, ás que se denominaba «os profetas do non». Sería interesante facer un estudio sociolóxico que axudara a interpretar estas reaccións coruñesas, as cales, no canto de centrarse nunha lexítima reivindicación dos intereses da cidade (ou dereitos, se se quer), defendidos democraticamente, acaban entrando no terreo da visceralidade; e o liberalismo coruñés -real, efectivamente- acabou, en 1982, facilitando o acceso ó primeiro plano das decisións políticas ós sectores máis reaccionarios da cidade; ese «coruñesismo», perfectamente asumible entendido como amor á cidade e interese polo seu progreso, acabou sendo un dogma.

Afortunadamente, agás temas episódicos puntuais, a situación foise normalizando. Aínda que algúns ecos lembran a batalla, entrouse nun período de racionalidade. Pero que unha cidade como A Coruña sexa capaz de dar respostas tan contundentes ó longo dos séculos (lembramos a mobilización de 1893 contra o traslado da Capitanía Xeral, por non remontármolos á defensa da cidade contra os ingleses, en 1589) indica que existe na súa cidadanía un sentimento moi profundo de vencello coa cidade -pensamos que único en Galicia-, que ás veces se converte nun exceso de amor. Quizais a resposta, quizais o que simbolice ese espírito sexa o lema que figura no fachada do pazo municipal: *A Coruña, defensa, garda, cabeza e antemural do Reino de Galicia.*

OS DIRECTIVOS DA AGRUPACIÓN

Jesús Mejuto Vázquez.

Naceu na Coruña en 1888. Mestre de profesión, chegou a Culleredo en 1921, deixando a praza que tiña en Carral para ocupar a de Celas, para, un ano despois, ser nomeado mestre de Sésamo, na escola do lugar de O Casal.

Na súa estadía nesta escola destacou polas súas cualidades pedagóxicas, deseñando mobiliario para a escola, participando no Congreso Pedagóxico celebrado na Coruña en 1926, sendo directivo en varias ocasións da **Sociedade «Pro Cultura»** de Celas de Peiro, encargándose da Biblioteca Circulante de Sésamo e amosando as súas conviccións democráticas cando se enfrontou ó ex-alcalde primorriverista Augusto Seijas Santiso, promotor da **Unión Patriótica**.

A comezos de 1931 pide a excedencia, abandonando Sésamo. Pouco despois, en 1932, é nomeado Director do xornal *El Noroeste*, neste momento órgano do **Partido Republicano Radical-Socialista**. En 1933 é mestre da escola do Asilo Municipal da Coruña. Neste ano preséntase como candidato do **Partido Republicano Independiente** ás Eleccións Xerais.⁷⁶ Formará logo parte do **Partido Republicano Radical-Demócrata**, que presidía a nivel estatal Diego Martínez Barrio, unha escisión do **Partido Republicano Radical**. O 29 de xuño de

⁷⁶ *La Voz de Galicia*, 20-11-1933 e días seguintes.

1934 constitúese na Coruña unha delegación, sendo elixidos para o Comité Executivo municipal, entre outros, César Alvajar Diéguez, como Presidente efectivo, José García Fernández como Presidente de Honor (acompañando a Diego Martínez Barrio) e con Jesús Mejuto Vázquez como vocal.⁷⁷

O 20 de setembro de 1935 elíxese o primeiro Comité Executivo local de **Unión Republicana** da Coruña (os seus Estatutos aprobáranse polo Gobernador Civil o día 12 do mesmo mes), resultando elixido como Presidente César Alvajar Diéguez e como vocal Jesús Mejuto Vázquez.⁷⁸ Neste ano colaborará cunha revista de esquerdas de Santiago, SER, que dirixía Suárez Picallo.

Sería posteriormente un dos dirixentes locais de **Unión Republicana**, participando en numerosos mitins nas Eleccións Xerais de 1936.

Foi directivo da «**Liga de los Derechos del Hombre**».

Membro da masonería (o seu nome simbólico era «Voluntad»), foi secretario da loxa «Pensamiento y Acción nº 11». En 1936 desfíxose de todos os papeis que podían comprometer ós compañeiros. Logo de estar agachado un tempo, concedéuselle pasaporte en setembro de 1936, saíndo cara Cuba. Posteriormente residiría en Francia.⁷⁹

Eduardo Paredes García.

Foi secretario do Comité Executivo Provincial do **Partido Republicano Radical-Socialista** da Coruña, electo en xuntanza celebrada na Coruña o 23 de xaneiro de 1933.⁸⁰

César Alvajar Diéguez

Naceu na Coruña en 1892. De profesión empregado municipal e xornalista, traballou en *El Noroeste*, en *Adelante* e en *La Voz de Galicia*. Foi secretario particular do alcalde coruñés Manuel Iglesias Corral, presidente do Casino Republicano e do **Partido Radical**, sendo candidato por esta forza política nas eleccións a Cortes Constituíntes en 1931. Máis tarde, como vimos, formará parte do **Partido Radical-Demócrata** e de **Unión Republicana**.

Debido á folga revolucionaria de outubro de 1934 estivo en prisión ata o mes de decembro dese ano, facéndoselle consello de Guerra en maio de 1935. Neste período colaborou coa revista SER e foi vocal da «**Liga de los Derechos del Hombre**», presidindo esta entidade en 1936.

A raíz das eleccións de febreiro de 1936 é nomeado Gobernador Civil de Soria. Logra fuxir, estando primeiro nun campo de concentración en Francia, marchándose despois a México. Foi delegado en París do Consello de Galicia, colaborando no exilio en moitos xornais hispano-americanos. Morreu en París en 1965.

Membro da loxa masónica «Pensamiento y Acción, nº 11», na cal era Orador Adxunto, o seu nome simbólico era «Desmoulin».⁸¹

⁷⁷ A.R.G., Gobierno Civil da Coruña, G-2655.

⁷⁸ A.R.G., Gobierno Civil da Coruña, G-2655.

⁷⁹ Da figura de Jesús Mejuto Vázquez témonos ocupado en dous traballos: *Persoas ilustres de Culleredo, II*, e en *Historia das parroquias de Sésamo e Sueiro (Culleredo)*, AAVV de Sésamo-Sueiro, A Coruña, 1997.

⁸⁰ A.R.G., Gobierno Civil da Coruña, G-2665.

⁸¹ Algúns dos datos biográficos están tomados de Alberto Valín Fernández: *La Masonería y La Coruña...*, páx. 240. Son moi interesantes tamén os artigos de F. Xavier Alvajar, fillo de César. Á parte do xa citado, véxanse os seguintes: «Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa», en *Anuario Brigantino*, nº 11, Betanzos, 1988, pp: 125-136; «Apuntes sobre la Delegación del Consejo de Galicia en Europa (II)» en *Anuario Brigantino*, nº 12, Betanzos, 1989, pp: 175-206; «La Coruña de mi niñez:

A súa primeira dona, Amparo López Jean, natural de Vilaboa (Culleredo), era a presidenta da **Agrupación Republicana Fememina**,⁸² socia das **Irmandades da Fala** e afiliada ó **Partido Galeguista**.⁸³ A César Alvajar chamábanlle os seus detractores «Miss Capitalidad», alcume que, segundo di o seu fillo Xavier, agradáballe.

José García Fernández

Era tamén coruñés. Foi administrador de *La Voz de Galicia* e concelleiro polo **Partido Radical** en 1932. Formou parte logo do **Partido Republicano Radical-Demócrata** e despois de **Unión Republicana**. Dentro da loxa «Pensamiento y Acción nº 11» era Venerable Mestre, sendo o seu nome simbólico «Méndez Núñez».⁸⁴ Foi directivo coruñés da «**Liga de los Derechos del Hombre**» en 1932-1933.⁸⁵

Ovidio Rodríguez Blanco

Era natural de Medina del Campo, onde nacera en 1892. Foi secretario do **Partido Radical** e un dos fundadores de **Unión Republicana**, formando parte da directiva local coruñesa deste partido en 1936.⁸⁶ Profesionalmente era oficial de Telégrafos. Membro da masonería, pertenceu á loxa «Curros Enríquez» da Coruña, e logo a «Pensamiento y Acción nº 11». O seu nome simbólico era «Voltaire».⁸⁷

Antonio Domínguez Lamela

Nacera en Ortigueira en 1880. Emigrou a Cuba, onde fixo fortuna, instalándose ó seu regreso na Coruña, onde se dedicaba á construción de vivendas. Era afiliado de **Izquierda Republicana**. Iniciado na masonería en Cuba, pertenceu a «Pensamiento y Acción nº 11», sendo o seu nome simbólico «Porlier» e ocupando o posto de 1º Vixilante. En 1937 conseguir pasaporte e regresou a Cuba.⁸⁸

recuerdos de los años veinte y treinta», en *Anuario Brigantino*, nº 14, Betanzos, 1991, pp: 139-158. É de obrigada consulta, para coñecer aspectos biográficos e a obra de César Alvajar, o seguinte libro: José Antonio Pérez Alvajar (ed.): *Antología de artículos periodísticos de César Alvajar*. Edicións do Castro, Sada, 1995. De Alvajar e doutros dos membros de «A la Tercera República» fai algunha aportación biográfica Luis Antonio Giadás Álvarez; *La vida política municipal en La Coruña entre 1900 y 1931*. Edicións do Castro, Sada, 1997.

⁸² A esta Agrupación pertencían, entre outras, Matilde Fraga, dona de Arturo Taracido, destacado dirixente da ORGA, a dona de Manuel Insua, presidente da Deputación Provincial da Coruña, a dona de Jesús Mejuto, a de Miguel González Garcés, entre outras. (Véxase Francisco Xavier Alvajar: «La Coruña de mi juventud. Recuerdos de la Guerra Civil y la postguerra», pp: 125-154, en *Anuario Brigantino*, nº 16, Betanzos, 1996, páx. 128.

Estes días a Biblioteca de Estudios Locais da Coruña recuperou un folleto, editado por esta Agrupación, que recolle unha conferencia pronunciada por María Barbeito Cerviño o 19 de maio de 1934 ante estas mulleres, titulada *La Mujer, antes, ahora y después* publicado na Tipográfica Obrera de A Coruña, en 1934, que sorprende pola súa radical defensa da igualdade entre o home e a muller; discurso que, ó noso xuízo, calquer organización feminista de hoxendía suscribiría. María Barbeito pertencía tamén á **Agrupación Republicana Femenina**.

⁸³ Alvajar, art. cit., páx. 156. Amparo López Jean será dada de alta no Partido Galeguista o 6 de maio de 1935, co nº 1825. Tiña 45 anos. Véxase: A.R.G., Delegación del Gobierno, Ministerio del Interior, Comisaría de Policía de Pontevedra, Incautaciones: *Partido Galeguista. Libro 3º de socios (abril de 1934 a 1936)*. É unha copia microfilmada.

⁸⁴ Valín, op. cit., páx. 241.

⁸⁵ *La Voz de Galicia*, 4-11-1932.

⁸⁶ *La Voz de Galicia*, 12-7-1936.

⁸⁷ Valín, op. cit., páx. 243.

⁸⁸ Valín, op. cit., páx. 245.

Gonzalo Acosta Pan

Coruñés, empregado de comercio e moi amigo de Casares Quiroga. Membro do **Partido Radical-Socialista**, en novembro de 1933, logo da escisión deste, foi candidato a deputado en Cortes polo **Partido Radical-Socialista Independiente**.⁸⁹ En 1935 forma parte, como secretario xeral, con Consello Provincial de **Izquierda Republicana** da Coruña.⁹⁰ Era gobernador civil de Pontevedra en xullo do 36. Feito prisioneiro, debeu lograr fuxir, sendo detido de novo na Coruña en agosto dese ano. Fixéronlle un consello de Guerra e o 12 de setembro de 1936 foi fusilado.⁹¹

José María Eirís

Tiña unha librería en San Nicolás. Apareceu paseado logo da sublevación de xullo de 1936.

Alfredo Suárez Ferrín

Su contenido sólo puede ser descifrado parcialmente en las pinturas existentes en el muro izquierdo; en la primera, aparece la celebración del sacrificio de la misa -el sacerdote está ante el altar, de espaldas a los fieles que, arrodillados, gesticulan y rezan-; en la segunda, es una mujer tullida la que, acompañada de otra dama y un caballero, recibe la benéfica acción de Nuestra Señora. Tanto la una como la otra coinciden con la descripción que Verín, en su *Historia*, realiza del modo cómo, antiguamente, se visitaba el Santuario: «Llegaba el devoto a la ermita o capilla; hacía su novenario, y en cada vn día de el decía misa el capellán o sacerdote, hacían su procesión todos los nueve días. Acabado este novenario se marchava el devoto, o proseguía otros nueve días hasta alcanzar su súplica, y verificada la petición se iba, o proseguía más tiempo, según su devoción. Este es el motivo porque en los libros de la yglesia se decía: hizo las novenas, y fue sano, etc., quando se publicaba qualquier milagro, y muchos dellos están testimoniados auténticamente en el libro becerro de dicho santuario»¹².

Desde un punto de vista formal, estas escenas se mueven entre un lenguaje eminentemente barroco -la agitación, la dispersión de fuerzas, la ruptura del espacio interno de la obra, las diferentes actitudes que muestran los personajes- y ciertos recuerdos manieristas como la gran venera que, sostenida por columnas compuestas de fino fuste, cierran la luz del arco bajo el cual se cobijan. Por otra parte, no es posible distinguir hasta que punto los repintes de 1672 y 1696 modificaron estos murales que, en algunos momentos, muestran unos caracteres muy avanzados para tratarse de los primeros años del siglo XVII¹³. No obstante, es evidente que estas obras son la prueba del corte que, en el último tercio del siglo XVI, se produjo dentro de la tradición pictórica gallega, concretamente dentro de la tradición mural, haciendo que, además de la pérdida de oficio y recursos técnicos, desaparecieran los modelos anteriores, lo cual obligaba al artista a buscar nuevas soluciones¹⁴.

¹⁰ «Al poco tiempo apareció una pequeña imagen de piedra, admirablemente tallada y en muy buen estado de conservación, la que... fue reconocida y adorada como verdadera imagen de Nuestra Señora de los Remedios». MARTÍNEZ SANTISO, M.: *Historia de la ciudad...*, op. cit., p. 285.

¹¹ GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *La pintura religiosa moderna en la archidiócesis compostelana*. Santiago de Compostela, 1973, pp. 112-113; ORTEGA ROMERO, M^a.S.: «El Barroco», *Historia del Arte Gallego*. Madrid, 1982, p. 373; GARCÍA IGLESIAS, J.M.: «El tránsito del manierismo al barroco en la pintura gallega», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, IX, (1983), pp. 188-189; GARCÍA IGLESIAS, J.M.: *Pinturas murais de Galicia*. Santiago de Compostela, 1990, II-3.

¹² VALES VILLAMARÍN, Fr.: *Temas betanceros...*, op. cit., pp. 29-30.

¹³ Ello es significativo sobre todo por el tipo de vestimentas empleadas por los personajes. Cfr. LAVER, J.: *Breve historia del traje y la moda*. Madrid, 1988, pp. 105-106.

¹⁴ GARCÍA IGLESIAS, J.M.: «El tránsito del manierismo al barroco...», op. cit., pp. 188-189; GARCÍA IGLESIAS, J.M.: «Pintura. Barroco». *Gran Enciclopedia Gallega*, XXV, pp. 1-13.



Fig. 3.- Retablo de San Antonio de Padua.

I.2. Retablo de San Antonio de Pauda. Santuario de Nuestra Señora del Camino. Tiobre. Betanzos¹⁵

El Santuario de Nuestra Señora de los Remedios se caracteriza por su planta cruciforme, por un amplio desarrollo de su cabecera y el escaso ancho del crucero, que queda integrado dentro de la estructura de la capilla. Al igual que en el presbiterio, los brazos del transepto -cubiertos por bóvedas estrelladas- están presididos por dos retablos: el del evangelio dedicado a San Cayetano y el de la epístola a San Antonio de Padua.

Este último fue realizado por Domingo de Rubiños, entallador, vecino de Betanzos, que en julio de 1646 contrató la ejecución de dicho altar siguiendo las líneas generales del de Santa Ana, que ya existía en el templo, y que hoy ha desaparecido¹⁶. Su estructura constaba de tres cuerpos y tres calles; sobre un pequeño banco, donde aparecen diferentes motivos geométricos rehundidos, descansan las columnas corintias de fuste estriado, en sus dos tercios superiores, y de puntas de diamantes, en el inferior, que limitan las tres calles existentes. En ellas, mientras la central está ocupada por la imagen del titular, las laterales han sido reservadas para cuatro representaciones pictóricas, lo mismo que el ático, rematado por un frontón triangular¹⁷.

¹⁵ Autor: REYMÓNDEZ FIGUEROA, Fernando. Cronología: 1650. Soporte: Tabla. Técnica: Oleo. Estado: A pesar de la suciedad acumulada su estado de conservación es bueno. Medidas: Primero y segundo cuerpo: 54 x 43 cms. Atico: 74 x 43 cms.

¹⁶ Cfr. PÉREZ COSTANTI, P.: *Diccionario de artistas...*, op. cit., p. 491.

¹⁷ La estructura de este retablo es heredera de los modelos clasicistas que pervivieron en Galicia hasta bien entrado el siglo XVII. Indudablemente, se debe tener en cuenta la influencia que el cercano monasterio de Monfero, reconstruido en el primer cuarto de la centuria, pudo suponer a la hora de seguir ciertos modelos estéticos. Véase FOLGAR DE LA CALLE, M^a.C.: «O retábulo barroco galego». *Galicia no Tempo. Informe 1991*. Santiago de Compostela, 1991, p. 203; BONET CORREA, A.: *La arquitectura en Galicia durante el siglo XVII*. Madrid, 1984, pp. 203-213.

La labor pictórica, concentrada en los cuatro Evangelistas y San Martín de Tours, fue realizada por Fernando Reymóndez Figueroa. Al igual que el entallador, el pintor debía imitar «*el retablo del altar colateral de Santa Ana, con sus cinco figuras y tablas de pin-cel de las imágenes de los quatro Evan-gelistas a los lados y en lo alto otra imagen que le fuere señalada*»¹⁸.

La repetición de esquemas compositivos similares, de gran sencillez, sin ninguna complicación técnica -los cuatro Santos están pintados ante una mesa, en un retrato de medio cuerpo largo que incluye las manos-; el empleo de fondos neutros oscuros -de los que apenas destacan los símbolos de cada uno de ellos-; la gama cromática pobre -limitada a tonos ocre y pardos-; el dominio del dibujo sobre el color; y esa luz dirigida -profundamente tenebrista-, que crea intensos claroscuros imprimiéndole mayor plasticidad a las figuras, demuestran una unidad estilística que hace pensar en una única mano.

Otra característica común a las cinco tablas es el vigor anatómico, la fortaleza que el pintor comunica a sus personajes; cualquiera de ellos presenta en su rostro, brazos y manos una dureza, un sentido escultórico un tanto geometrizzante, que muy bien se podría calificar como «post-cubista».

Por último, a pesar de lo reiterativo de la composición, las expresiones de los santos representados son muy variadas, modificándose éstas conforme la mirada de uno u otro personaje se fija en un punto diferente, en busca del centro de su atención.

San Lucas: Esta tabla está situada en el primer cuerpo del retablo, en el lado de la Epístola. El Santo -vestido con túnica roja y un sobretodo de amplio cuello- está sentado en una silla de brazos y respaldo curvos ante una mesa. En sus manos sostiene una pequeña tablilla sobre la que está pintando el retrato de la Virgen con su Hijo. Su actitud nos llama poderosamente la atención puesto que al dirigir la mirada fuera del cuadro, hacia el espectador, da la impresión de estar buscando entre nosotros el modelo que pinta, confiriéndole a la obra una cierta instantaneidad. Además aparte de identificársele como pintor de la Virgen y Jesús, aparece acompañado por el toro alado, otro de sus atributos habituales.



Fig. 4.- Retablo mayor de la capilla de la Magdalena.



Fig. 5.- San Lucas. Retablo de San Antonio de Padua.



Fig. 6.- San Lucas. Retablo mayor de la capilla de la Magdalena.




Fig. 7.- San Juan Evangelista. Retablo de San Antonio de Padua.



Fig. 8.- San Juan Evangelista. Retablo mayor de la capilla de la Magdalena.

¹⁸ (A.N.B.) Archivo Notarial de Betanzos. *Protocolo de Juan Sanjurjo*. 1650. Citado a través de PÉREZ COSTANTI, P.: *Diccionario de artistas...*, op. cit., p. 463.

San Juan Evangelista: En el lado opuesto, también en el primer cuerpo, San Juan se sitúa casi frontalmente a nosotros. Ahora, la mesa y los libros le permiten al artista alejar la figura hacia el fondo introduciendo entre ella y el observador un espacio intermedio. Su gesto, muy semejante al que se verá en San Marcos, es el de una persona concentrada en su quehacer -la cabeza la reclina sobre su mano izquierda, bajando los ojos hacia el libro en el que está escribiendo-. Lo mismo que en el caso de San Lucas, el águila, situada a su lado, observa atentamente su trabajo.

San Marcos: Ya en el segundo cuerpo, sobre la tabla que representa a San Lucas, se encuentra la de San Marcos. De nuevo, se busca una disposición diagonal que cree mayor sensación de espacio. Su actitud, pensativa y concentrada -el artista repite el recurso de apoyar el brazo del Santo sobre unos libros y reclinar su cabeza sobre la mano-, muestra, no obstante, la tensión que precede a la ejecución de la reflexión llevada a cabo. Ahora es el león, situado al fondo, el que rompe el espacio interno de la obra al dirigir su mirada, no hacia el Santo o su trabajo, sino hacia el espectador.

San Mateo: El último de los cuatro Evangelistas es, quizás, el que presenta una actitud más dinámica. También está sentado ante una mesa, sin embargo, en vez de centrar su atención sobre el libro que se encuentra en ella, vuelve la cabeza hacia su derecha, en dirección a un punto fuera del ámbito del cuadro. Esta actitud se completa con la figura del ángel que mira en dirección contraria, sin que sus miradas se lleguen a cruzar. Aquí toman un valor especial las manos de los dos personajes; de este modo, mientras San Mateo lleva la suya hacia el pecho, el ángel acompaña e impulsa el movimiento del brazo del santo escritor y le indica, con la otra mano, su fuente de inspiración.

San Martín: Ya en el ático del retablo, en su calle central, se sitúa el cuadro de San Martín, «la otra imagen que le fuere señalada». Su presencia está justificada porque se trata del patrón de la feligresía, pues no se debe olvidar que este santuario pertenecía a la parroquia de San Martín de Tiobre. Sus características son iguales a las de las otras cuatro tablas, el Santo aparece de pie, vestido de pontifical, en actitud de bendecir, en el ángulo superior izquierdo figura su nombre, para distinguirlo de otros santos obispos cuya iconografía es similar.

II. CAPILLA DE LA MAGDALENA. BETANZOS

II.1. Retablo Mayor¹⁹

Betanzos se caracteriza por ser una ciudad cuyas «instituciones de asistencia sanitaria» han contado con una larga tradición histórica en la que el componente religioso -ya como refugio y consuelo espiritual, ya como cabeza rectora de dichas instituciones- no se debe olvidar. El primer centro del que se tiene noticia es el Hospital de los Lazarados, situado en el barrio de la Magdalena, fuera del recinto murado de la villa, hacia la puerta del Puente Nuevo²⁰. Su estructura no se limitaría a un único edificio, tratándose de un gran

¹⁹ Autor: Circulo de Fernando Reymóndez Figueroa. Título: San Juan Evangelista; San Mateo; San Marcos; San Lucas. Cronología: Hacia 1650. Soporte: Tabla. Técnica: Oleo. Estado: Bueno, a pesar de la suciedad acumulada y las malas condiciones que reúne la capilla. Medidas: 54 x 43 cms.

²⁰ Aunque se desconoce la fecha de su fundación, vinculada tradicionalmente con uno de los siete hospitales creados por Fernán Pérez de Andrade, «O Boo», en la segunda mitad del siglo XIV, ésta se puede retrotraer hasta 1452, año en el que Don Lopo Núñez Pardo otorga, en sus mandas testamentarias, «aos lazarados de Madalena cada huna huna branca de pan et un maravedí de vino, e a toudos huna perna de baca». Cfr. PARDO DE GUEVARA Y VALDÉS, E.: «Los Pardo de Ceta del siglo XV», *Anuario Brigantino*, 9, (1986), p. 26.



Fig. 9.- San Marcos, Retablo de San Antonio de Padua.



Fig. 10.- San Marcos, Retablo mayor de la capilla de la Magdalena.




Fig. 11.- San Mateo, Retablo de San Antonio de Padua.



Fig. 12.- San Mateo, Retablo mayor de la capilla de la Magdalena.

complejo que implicaría a todo el barrio, el cual habría heredado de él su nombre, «barrio de Santa María Magdalena y San Lázaro Extramuros»²¹.

Entre las edificaciones que poseía se encontraba una pequeña capilla cuyo emplazamiento no es el actual, de ahí que se hable en la documentación existente de «la capilla vieja»²². No obstante, la reedificación de la misma, llevada a cabo en 1798 por José Blanco²³, supuso su traslado para «mayor comodidad y solidez, según corresponde ha todo hedificio habajo a la plazuela salida del puente nuevo nombrado la reja la que dicha plazuela se ha comoda todo el hedificio que dando bastante capaz el camino entrando tan solo dos baras al parral de dicha obra pia»²⁴, lo que no implica la destrucción total de los bienes muebles que el antiguo templo poseía -«que se han de mudar los materiales dela capilla vieja todos los que hay hesistentes de quenta del maestro que la remate»²⁵-.

De este modo, se planea como una capilla de planta rectangular, de una sola nave abovedada y sacristía adosada al muro Este, y presidida por un retablo, cuya estructura, evidencia las modificaciones que su núcleo original, obra de mediados del siglo XVII -sufrió en su calle central a finales del siglo XVIII o incluso en el XIX²⁶. Si se obvia dicha parte del altar, ocupada por las imágenes de Santa María Magdalena y San Roque, vestido



Fig. 13.- San Martín de Tours. Retablo de San Antonio de Padua.

de pontifical²⁷, este responde a las características clasicistas habituales a mediados del seiscientos: banco decorado con motivos geométricos rehundidos, columnas de orden corintio con fuste escamado y de puntas de diamantes, y entablamento suavemente quebrado²⁸.

Sus calles laterales, divididas a su vez en dos cuerpos, están adornadas por cuatro tablas pintadas en las que, comenzando por la izquierda y de abajo a arriba, aparecen: San Juan Evangelista, San Lucas, San Marcos y San Mateo.

Sus rasgos esenciales, desde un punto de vista estilístico, nos recuerdan inmediatamente la mano de Fernando Reymóndez Figueroa²⁹. Al comparar unas tablas con otras se puede observar que, aún acortando la superficie pictórica, se mantienen las composiciones sencillas, sin excesivas complicaciones, en las que prima el dibujo sobre el color y en las que la luz, de corte tenebrista, dota a las figuras de una plasticidad que revaloriza ese vigor anatómico que individualiza a Reymóndez, aunque aquí dichos contrastes lumínicos estén mucho menos acentuados.

San Juan Evangelista: Lo mismo que en las obras restantes, su actitud es igual a la que muestran las conservadas de Nuestra Señora del Camino; la única diferencia estriba en que ahora el libro sobre el que escribe San Juan queda cortado en la parte baja de la tabla, acercando mucho más el personaje al espectador.

San Lucas y San Marcos: Son, con diferencia, los cuadros de menor calidad. El artista -posiblemente un aprendiz o un pincel extraño de una fecha posterior- ha renunciado a cualquier tipo de alarde lumínico sometiendo la totalidad de la figura a un rígido e insípido linealismo. Por otra parte, en la reducción de la superficie pintada, el pintor Evangelista pierde su condición de retratista de la Virgen y de su Hijo, quedando, tan sólo, el toro alado como su atributo figurativo.

San Mateo: Es, junto a la de San Juan Evangelista, la tabla que más se aproxima a la realidad de Reymóndez Figueroa, sin embargo, en ella se vuelven a observar rasgos que apuntan hacia una mayor ingenuidad.

Este conjunto cuyo valor está más condicionado a su semejanza con otras obras que en su calidad, adquiere una significación mayor al descubrir la vinculación de este trabajo, lo cual demuestra que se trata de Fernando Reymóndez³⁰.

²¹ Esta es una iconografía extraña al Santo de Montpellier que, sin otra explicación previa, debe ser tomada como una contaminación de otras representaciones como las de los santos obispos: San Martín, San Blas, San Saturnino...

En un principio debió estar presidido por una imagen de San Lázaro.

²² Cfr. CARRO OTERO, J., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C. y GARCÍA CORTES, R.: «Reedificación, en 1798,...», op. cit., pp. 65-66.

²³ Si estas tablas se pueden relacionar con el autor de las existentes en el retablo de San Antonio de Padua de Nuestra Señora del Camino, la estructura arquitectónica, que repite un esquema constructivo similar, se debe asociar con el entallador Domingo de Rubiños, lo que implicaría la existencia de una cooperación continuada entre ambos artífices, ratificando la idea de que el pintor, en el XVII, se había visto relegado a una función meramente secundaria. MONTEROSO MONTERO, J.M.: «La condición social del pintor en la Galicia de los siglos XVII y XVIII», *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XLII, 107, (1995), pp. 271-291.

²⁴ Aún siendo un dato circunstancial es importante señalar una posible vinculación entre el pintor y el Hospital de Lazarados a través de las mandas testamentarias, dictadas en 1548, por el Regidor de Betanzos, Fernán Raimóndez de Figueroa: «Ytem mando a los lazarados de a por desta çibdad, de pitaça, en el día de mi entierro, una pipa de vino blanco y a cada uno, su rrazon de pan e carne o pescado, como fuere el día de mi sepultura». «Colección de documentos brigantinos», *Anuario Brigantino*, IX, (1951), s/p.; CARRO OTERO, J., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C. y GARCÍA CORTES, R.: «Reedificación, en 1798,...», op. cit., p. 54, nota 26.

²¹ En realidad el lugar reúne las condiciones elementales que se le exigían a un núcleo de estas características: estar aislado, contar con agua corriente en abundancia y poseer terrenos para trabajar en común y poder subsistir en un régimen rigurosamente autárquico. ARES FARALDO, M.: «Item más sobre el Barrio de la Magdalena», *Anuario Brigantino*, 9, (1986), p. 37.

²² (A.M.B.) Archivo Municipal de Betanzos. *Expediente formado en razón dela Fabrica dela Yglesia ó Capilla del Hospital de Lazarados por haberse havatido ó arroinado la que tenía*. Leg. 13, fol. 12. Citado a través de ARES FARALDO, M.: «Apuntes sobre el Barrio de la Magdalena hace dos siglos», *Anuario Brigantino*, 6, (1983), p. 42.

²³ COUSELO BOUZAS, J.: *Galicia artística en el siglo XVIII y en el primer tercio del XIX*. Compostela, 1932, p. 204; CARRO OTERO, J., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C. y GARCÍA CORTES, R.: «Reedificación, en 1798, de la capilla del antiguo «Hospital de Lazarados», extramuros de la ciudad de Betanzos», *Anuario Brigantino*, 10, (1987), pp. 51-70.

²⁴ A.M.B. *Expediente formado en razón dela Fabrica...*, Leg. 13, fol. 2r.

²⁵ A.M.B. *Expediente formado en razón dela Fabrica...*, Leg. 13, fol. 2r.

²⁶ Carré Aldao dice que «fue reconstruida y mejorada hacia el último tercio del siglo XIX». CARRÉ ALDAO, E.: *Provincia de La Coruña*, en *Geografía General del Reino de Galicia*, dirigida por F. Carreras Candi. Barcelona, s.f. (Ed. facsímil A Coruña, 1987, V, p. 810); CARRO OTERO, J., FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, C. y GARCÍA CORTES, R.: «Reedificación, en 1798,...», op. cit., p. 66.

En resumen, se trata de la obra de un artista que maneja unos clichés aprendidos y repetidos constantemente como consecuencia de su papel de mero colaborador³¹. A pesar de ello, dicha reiteración no impide que Reymóndez introduzca algunos rasgos innovadores como los tinteros o la bujía en busca de una mayor verosimilitud.

³¹ GARCÍA IGLESIAS, J.M.: «El tránsito del manierismo al barroco...», op. cit., p. 187; LÓPEZ VÁZQUEZ, J.M.: «El Barroco», *Gran Enciclopedia Temática. Arte*. VI, Barcelona, 1988, p. 109.

Foto-memoria dunha vila (III)

XESÚS TORRES REGUEIRO



DIA DE FEIRA

Foto curiosa polo ángulo, inusual. Foto de afeccionado con sinatura: J. Teijeiro. Publicada na revista dos betanceiros de Buenos Aires para matar morriñas de emigrante. Eran os anos trinta. Preguntámonos dende onde faría a foto Javier Teijeiro. Seguramente dende a escalinata do Liceo ou dunha das fiestras.

Toda esa teoría de tenderetes con carpa para protexer da chuvia e do sol semella unha tribo nómada acampada arredor do pequeno bosque máxico e da deusa Diana, invisible na toma, presidindo o surtidor de auga, fonte de vida. Se non for o caserío que rodea a praza do Campo da Feira, parecería que os nómadas acougan no oasis denantes de reemprender a marcha cara algures.

Mais é día de feira. Un dos días, o do primeiro ou do mediado, perdida xa na lembranza a «franca» anual que duraba todo o mes de novembro, das famosas feiras de Betanzos que dende tempo immemorial se viñan celebrando neste Campo (en balde rebautizado varias veces pola oficialidade) e que tanto contribuíron a conformar esta vella vila. Ou quizais sexa simplemente un día de mercado, deses mercados semanais que se celebran nese espacio. Xa hai moito que o vello campo da feira quixo adoptar aire señorial, por iso non se ven animais, trasladados un pouco máis abaixo, ao que se chamou Feira Nova, lonxe da vista e do olfacto- do señorío. Noutro tempo o gando mesturárase con estes tenderetes, facendo máis verosímil a semellanza cunha tribo acampada, que iso foron nun principio todas as vilas.

*Xesús Torres Regueiro é betanceiro e autor de numerosos traballos sobre historia local e de Galicia.

Anuario Brigantino 1997, nº 20



BALCÓNS MARIÑÁNS

Auténtica homenaxe ao balcón mariñán é esta foto que o catalán Paio Mas tirou na praciña de Paio Formoso aló polos anos vinte. Rectitude de liñas, verticais e horizontais, tendencia á simetría, espacios abertos e aireados. Que de airear se trataba.

Aquí, onde en tempos chegaba a ría en abalo a lamber esas columnas e se desembarcaba o peixe para vender na praza, tivo morada xente do mar, algúns dos vellos mariñeiros brigantinos, especie estinguída en proporción directa á paseniña fuxida do mar. E algo de palafito lembra esa casa angular do primeiro termo, con eses rexos esteos pétreos a erguer a arboradura sobre as ondas, preservándoa das humidades como serven agora para gardar os carros e zorras no seu pórtico.

Neses balcóns corridos onde vemos roupa a secar, secarían noutro tempo as redes mariñeiras, o maízo labrego e outras cousas que á aireación se espuxeran. ¡Canta riqueza arquitectónica non hai aquí! ¡Canta tipoloxía variada! Obsérvese, por exemplo, esa casa intermedia, ollando á esquerda, con todo o seu mostrario ascendente: xanelas no primeiro andar, balcón apoiado en canzorros pétreos no segundo e galería no terceiro. Hoxe, que se aplica a uniformidade máis ruín e despersonalizada, os arquitectos do país terían que estudar obrigatoriamente esta foto e outras como esta.

A presenza humana nesta hora é escasa. O rillote, a posar coas mans nos petos, un homiño feito, e a muller -a nai, ao mellor- que asiste sorrinte e acodada na baranda, satisfeita quizáis de ser protagonista por unha vez namais que fora.

Media ducia de balcóns corridos mariñáns, dous deles maxestuosos nas súas dimensións, desaparecidos para sempre nunha soa ollada. ¿E cantos non desapareceron nestas últimas décadas? Cando tanto se fala de protección do patrimonio e dos cascos históricos, asistimos á súa adulteración e destrución paseniña e inexorable. Axiña teremos que entoar un requiem polos balcóns corridos mariñáns, un dos sinais de identidade da arquitectura da nosa vila, mostra dun tipo de economía e de cultura que moito nos identificou e diferenciou en todo o país.



VENDEDORAS DE FROITA

O reloxo da Torre municipal, salvada da piqueta de milagre, marca a unha e media. A hora e o escaso trafego do momento aconsellan retirarse mais as mulleriñas resistense á idea, coa esperanza quizais dunha clienta a deshora. O pazo de Bendaña, cos seus tres arcos góticos fronteiros e a pedra caleada, serve de marco para este comercio improvisado que vén de séculos.

Adivíñase aínda a ramaxe dun dos magnolios que en tempos houbo na Praza, mandados arrincar por algún poderoso a quen lle molestaban a vista e defendidos en balde pola rexa protesta da cidadanía ofendida.

As vendedoras de froita nos seus postos improvisados aló enriba no curuto da Praza, ou na croa do vello Castro de Untia, vense sorprendidas polo fotógrafo, como tantas outras veces. Desta volta é o catalán Paio Mas que as captou así, inmóbiles, facendo con-


traste ou formando xa -calquera sabe- da arquitectura urbana de liñas rectas e curvas.

Sensación de desamparo nesa mulleriña que semella unha escultura de Asorei. Sería un mal día para a venda ou quizáis o corpo canso, un día e outro día a repetir o mesmo labor con proveito escaso.

VELA LATINA

Esteticamente irreprochable podemos considerar esta fotografía da que non coñecemos o autor. Mandaban os vellos cánones ao uso que, nestes temas de reflexo, este debe ser imperfecto para que a foto sexa perfecta. E é esa imperfección, esa fugacidade na tona da auga, a que nos fai fixar na retina esta imaxe.

Logo xa fitamos admirados para esa vela latina que nos semella un tanto arqueolóxica e nos fai pensar que a embarcación virá da boca da ría e non de Mandeu arriba, por máis que dubidemos se será quen de pasar baixo o arco grande da ponte. ¿E que apañan as mulleres?





Miradores privilexiados esas galerías sobre o vello embarcadoiro das Monxas, cabe estes muros que, amén do silencio do claustro, tanto saben do balbordo de embarques e desembarques de días de Caneiros, de fluxos e refluxos de marés a aloumiñar as pedras engordião. Un recuncho este hoxe alterado pola magnitude da obra nova que achicou espacios e case se bota enriba da ponte tapándolle un arco, o pequeno.

Xa fóra da imaxe en si, ficamos abraíados polo pé que a acompaña nunha revista de emigrantes dos anos trinta na que os betanceiros da Arxentina mataban saudades: «Desembarco de los Caneiros» (¡!) ¿Que idea de Caneiros se faría ollando a foto quen nunca a eles fora?

A MAIA DE TIOBRE

Era escomezando o maio florido e fermoso de hai case noventa primaveras.

A antropóloga británica Annette M.B. Meakin fá cara San Martiño en visita á igrexa de Tiobre e bateu coas nenas celebrando o Maio, a baixar (ou subir, calquera sabe) pola costa dos Remedios, a «calle» por antonomasia para os viciños, co santuario tan celebrado ao fondo.

A foto e a descrición publicounas no seu libro «Galicia, The Switzerland of Spain» (así ollou ela o noso país galego: a Suiza española), publicado en Londres no 1909. E titulouna «a maia de Tiobre», non sei se porque esa é a parroquia ou porque a florida precisión viña dende San Martiño cara Betanzos.

O gran estudoso dos maios galegos, Clodio González, facilitáranos hai anos unha copia. Para o noso amigo, este maio feminino é unha reminiscencia antiquísima, anterior ao cristianismo. Unha maia pagá, sen símbolos relixiosos. Un canto á fuxida das tebras invernaís, á chegada da luz, da vida, da explosión vexetal.

Arco de fitas de cores, conducido por nenas, mensaxeiras da boa nova que recibían en pago froitos ou cartos. A máis pequena pasa baixo o arco cos ollos pechos ao tempo que as outras entoan unha cantiga sobre o sono do inverno. Cando a cantiga comenza a facer alusión á chegada da primavera, ao estoupido da vida e o espertar de flores e paxaros, a maia abre os ollos e volta pasar por baixo do arco. Leducia nos rostros adultos, todos femininos, como se neste trunfo e renacer a muller tivese tamén o protagonismo, o don de crear e dar vida. Na parada para a foto, unha coa sella na cabeza a ir ou vir da fonte; outra co envurullo na testa vindo dalgunha feira ou mercado, quizáis do Tres, que ese debía ser o día. Logo, aqueloutra de cara redondiña coa nena ao colo.

Vese como unha cousa espontánea, natural, coa roupa cotiá, moi lonxe desoutras maias organizadas dos anos cincuenta, tan colocadiñas e postíñas, das que tamén quedou documento gráfico. Aquí a maia era algo popular, que xa estaba dando as últimas boqueadas e non era do agrado de ortodoxos burgueses eruditos, tal aquel que escribía na prensa de hai cen anos condenando o paganismo e mal gosto de certas tradicións do pobo, mesmo que foran protagonizadas pola pureza infantil: «Volveron saír este ano os tradicionais maios, que non son máis que un pretexto para dar inocentes sablazos a todo bicho vivinte.» ¡Vaia sensibilidade a do cronista, incapaz de ver e sentir a chegada da primavera e descubrila nos ollos limpos dunha nena!

ESQUINA COMERCIAL

Neste recuncho parece que sempre se deu ben a venta. Hogano atafegado de froitos e verdulerías e máis despxada antano e sempre a cumprir a función de posto entremedias de cuberto e ao aire libre, ao abeiro deses soportais acolledores, propios dunha antiga cidade atlántica na que a chuvia non debe impedir os trafegos e a vida de diario.



Esa esquina da que foi casa dos Cortiñas, derrubada pola piqueta e substituída por outra de corte máis «moderno», aínda é hoxe un catálogo frutícola e verdulero a anunciarnos o paso das estacións e os produtos en sazón.

Está visto que as esquinas sempre foron boas para o tráfico mercantil. A fin de contas «facer a esquina» é unha das profesións máis vellas do mundo, disque, aínda que esta mulleriña, atarefada en contar as gañancias ou acomodar calderillas, non teña nada que ver con tales prácticas, madia leva.


Os soportais aí estaban nos anos cincuenta, cando Artús fixo a foto, como están hoxe e como estiveron antes, semella que para acobillar á vendedora e á mercadoría. E na parede o cartel, un pouco pasado, a anunciar quizáís a beleza cinematográfica das Kellys e Saritas no Capitol ou no pequeno Alfonsetti...

BARCOS NO PEIRAO

Houbo un tempo tan lonxano que nin os nosos avós lembrarían, no que a vila se espellaba no límpido cristal da ría. Daquela as ondas salgadas chegaban ao Peirao e, no debalar da maré, ficaba o arrecendo a algas e salitre. Un cheiro forte subía polas rúas en costa, penetraba nas casas engordiño e mergullábase ata o máis recóndito recuncho, sulagando todo con aquel arrecendo mariño

«Betanzos, carabela varada,
que lle fuxiu a ría»

cantou o poeta con voz saudosa e lastimeira. Dende entón a vila chora mainiño nos solpores polo mar que lle fuxiu, polo amor que perdeu.



O Peirao no que eu me criei (nós sempre dixemos Peirau, igual ca Mandeu, pechando a pronuncia) xa non era máis que unha pálida sombra do pasado. Só cando o río desbordaba naquelas marés vivas de febreiro ou setembro a inundalo todo, como querendo dicir que aínda estaba vivo, só entón un podía intuír aquel Peirao de antano, co ramallo de loureiro a anunciar viño aos mariñeiros, o millo a curar nos balcóns e os pataches e quechamaríns varados nas súas ribeiras, como o captou a primeiros de século o menor dos Martínez Santiso, Francisco Xavier, auténtico pioneiro da fotografía entre nós. Embarcacións estas, as últimas de pau alto que entraron no Peirao antes da construción da ponte do ferrocarril e do desvío do cauce, que nos fan lembrar que tamén fomos mariñeiros, cando as mercadorías ían e viñan polas augas e Betanzos era unha Pisa ou Xénova en pequeno. «Os xenoveses de Galicia», xa alguén dixo dos betanceiros en tempos lonxanos. Embarcacións que tamén nos traen saudades do mundo de Stevenson, de illas do tesouro, de bucaneiros e piratas, siquera sexa na imaxinación cinematográfica ou literaria.

Un breve percorrido pola literatura pragmática e cinexética suxerido por escenas de caza de Galicia e Portugal

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

Presentación da carpeta
*Debuxos de Galicia [e Portugal] (III):
Caza Medieval
de Alfredo Erias*
Sábado 23 de Maio de 1998
Aula Municipal de Cultura (Betanzos)

O feito de estar aquí presentando unha carpeta de debuxos de escenas de caza de Galicia e Portugal na Baixa Idade Media, só se xustifica polo feito de eu estar vinculada a Portugal polo sentimento e polo corazón. Por esta vinculación miña páreceme ben todo o que teña que ver con ese país no plano cultural e defendo toda clase de estudos nos que se relacione a cultura de Galicia coa cultura de Portugal. Portugal histórica e xeograficamente é a nosa propia terra pois estamos dentro dos límites da vella Gallaecia, que chegaba polo sul ao río Mondego. Portugal é para nós, os galegos, a vella irmá esquecida e moitas veces rexeitada á quen non se lle dá a importancia que merece. Importa e é conveniente recoñecer que somos irmáns creando un sentimento de comunidade entre as dúas terras atlánticas daquén e dalén Miño e a isto está contribuindo en parte Alfredo Erias, o autor desta carpeta de debuxos, a quen eu sinceramente felicito.

Sen entrar a discutir a verdadeira finalidade da literatura, se a literatura ten que ter unha finalidade práctica ou se se xustifica polo feito de ser unha obra artística, o certo é que desde sempre houbo unha literatura que se propoñía ensinar algo, ben fora de tipo filosófico, moral, político ou práctico. Esta literatura pragmática é dominante na Idade Media, de tal maneira que moitas obras da literatura española son escritas cunha determinada finalidade, co propósito de ensinar algo. Así empezando por Alfonso X o Sabio, na obra *Libros de xadrez, dados e tablas*, danse normas para exercitar estes xogos. No *Libro de Patronio o del Conde Lucanor*, D. Juan Manuel ofrécenos unha colección de apólogos cos que o xove Lucanor é aconsellado polo seu criado Patronio. O mesmo Harcipreste de Hita no *Libro de Buen Amor* preséntanos unha serie de sentencias sobre o amor, as mulleres ou os clérigos. O Canciller López de Ayala en *Rimado de Palacio* fálanos das nove cousas para se un bo rei. Enrique de Villena na *Arte de Trovar* dá normas para compor versos. Este mesmo autor publica *Sobre el arte de quitar el mal de ojo*, tratado mistura de ciencia médica e superstición.

Na literatura portuguesa ocorre algo semellante, e sobre todo no século XV, cos prosadores de Avis dáse unha cantidade importante de literatura didáctica. Empezando polo rei D. João I (1357-1433), monarca que continúa a tradición peninsular dos reis-escritores como Alfonso X e D. Dinis. Estamos nun período de paz no que se vai desenvolver a cultura. Esta sae dos mosteiros para os palacios polo interese crecente dos nobres.

*Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto «Francisco Aguiar» de Betanzos.

Os eixos ideolóxicos sobre os que xira o mundo aristocrático baixomedieval son a guerra, o amor e a caza. A caza era unha actividade deportiva, indicadora de prestixio social e un medio de preparación para a guerra. Esta actividade deu orixe a unha ampla literatura cinexética con magníficos libros de montería, belamente ilustrados, verdadeiras xoias artísticas ao mesmo tempo que manuais prácticos da «arte venatoria».

A literatura de caza en Portugal ten o seu máis remoto inicio no tempo de D. Dinis co libro, hoxe desgraciadamente perdido, composto polo seu falcoeiro, João Martins. Cos precedentes do século XIV do *Livro de Alveitaria* de Mestre Giraldo, importantísimo códice conservado na Biblioteca Nacional de Lisboa, e o *Tratado das enfermidades das aves de caza*, no século XV D. João I legounos o famoso *Libro de Montaria*, que trata da arte de cazar o oso e o xabarín. O libro responde a unha necesidade de formación cívica da nobreza desocupada por motivo da paz, mais que o seu rei non quere ver esquecida das virtudes militares. Este libro pode considerarse como unha réplica do de Alfonso XI de Castela titulado *Libro de Montería*. D. João acláranos os motivos que o levaron á composición de *Livro de Montaria*:

- aproveitamento deste deporte como exercicio pacífico da arte da guerra.
- creación das virtudes de coraxe, decisión e dureza
- educación palaciana dunha nobreza recente, de orixe burguesa
- observación dunha terapeutica espiritual e mental, na que o deporte da montería, deporte de reis, proporciona un medio de evasión e distracción das pesadas tarefas do goberno e da corte.
- fixación pola escrita dos saberes adquiridos polas xeracións pasadas.

Entre os textos de prosa galega, aínda que este xénero non acadou o mesmo desenvolvemento que a poesía, e coa mesma concepción de prosa pragmática ou instrumental, conservamos o *Libro dos cambeadores* e o *Tratado de albeitería*, este último do século XV e da autoría de Jordán Rubio de Calabria, importante polo feito de representar un costume social máis que polo seu valor literario.

Dentro desta liña de literatura pragmática, están as obras de D. Duarte, *Arte de bem cavalgar e Leal Conselheiro*. A primeira é o primeiro tratado de equitación aparecido en Europa.

En fin, dentro da literatura pragmática aínda teríamos que falar do Infante D. Pedro, duque de Coimbra e da súa obra *Livro da Virtuosa Benfeitoria*, tratado filosófico no que se encara a sociedade como «unha cadeia de favores» na liña do *De Beneficiis* de Séneca.

Os libros de caza apareceron en numerosos países, así en Italia son importantes *Caccia di Diana* de Giovanni Boccaccio, *Caccia col falcone* de Lorenzo de Médicis.

En Inglaterra destacan a comedia *The Wilde Goose Chase* (a caza da oca silvestre) de John Fletcher ou *The Hunting of the Snark* (a caza da «Snark»), poema heroico-cómico máis recente de Lewis Carroll, expedición mariña para dar caza a un animal imaxinario.

En Alemaña hai que destacar *Flö Hatz* (caza das pulgas), poema satírico de autor dubidoso, no que se contempla a actividade da caza desde os dous puntos de vista: o do cazador e o do cazado. A primeira parte, titulada «Lamento das pulgas» conta que unha pulga quere trasladarse do corpo dunha fregona a outra moza, pero é aconsellada polo seu pai que lle explica todo o que tivo que sufrir pola crueldade sanguinaria das mulleres. A segunda parte é unha defensa das mulleres, sentenciando que de agora en adiante as pulgas terán que residir e permanecer sobre os animais e só poderán picar ás mulleres en tres ocasións: no baño, durante o baile (nas pernas) e cando estean criticando (na lingua).

Debuxos de Galicia [e Portugal] (III)

CAZA MEDIEVAL



ALFREDO ERÍAS

Abundante e variada literatura cinexética no panorama literario europeo, que é a manifestación dunha conducta social que se exterioriza tamén nos gravados nas pedras que Alfredo Erias estudou en Galicia e Portugal, e que poñen de relevo a existencia dunha cultura común. O Museu do Carmo, na Alta en Lisboa ou a San Francisco de Betanzos, poden presentarnos seus sarcófagos ou capiteis gravados semellantes porque ao fin de contas, o noso pasado foi común.

De entre os debuxos de Alfredo Erias chámame especialmente a atención o número 11 no que figura unha representación da caza do cervo en Galicia, desenvolta nun capitel da igrexa de San Francisco de Lugo (S. XIV). O debuxo faime pensar inmediatamente no xograr Pero Meogo e nas palabras de Menéndez Pelayo en relación coas súas cantigas: «*Parece que resuenan los ecos de la trompa venatoria*», e así parece nesta fermosa cantiga:

*Tal vai o meu amigo
con amor que lle eu dei
como cervo ferido
de monteiro de El Rei*

As súas nove cantigas de amigo, que forman como un só poema, están habitadas por compracentes cervos e frescas fontes. Hai cervos vivos nestas cantigas mais tamén hai cervos feridos pola caza do amor, porque o cervo é en definitiva o símbolo do amante, simboloxía que se remonta á frase bíblica «*Sicut cervus desiderat ad fontes aquarum, ita desiderat anima mea ad te, Deus*», nunha mistura de amor profrano e angustia e ansiedade da alma, que posteriormente renacerá e culminará na poesía renacentista española de San Juan de la Cruz.

Os cervos só deberían estar feridos simbolicamente na poesía, como amantes que sofren en soedade, o que ocorre no poema «*Cantiga do cervo solitario*» de Claudio Rodríguez Fer do libro *Poemas de amor sen morte*:

*Que che sexan propicias como albas
as ondas que radiante emita a tua beleza
como un torrente de augardente de caña
ou unha tramontana de tabaco de paipa.*

*Que atopes sempre un cervo solitario
que te ame como só aman os cervos solitarios.
que el te conduza inmune polo bosque salvaxe
e nos outeiros fraguentos e ocultos te ame.*

*Que xuntos sintades ao baixar das montañas
barcarolas nas ondas das praias
pastorelas tristeiras como serenas ialbas
i en romaxes e feiras vos distendan bailadas.*

Despois deste breve percorrido pola literatura pragmática e venatoria, pergúntome por que estamos afastados, por que andamos estúpida e incomprendiblemente separados, nós, que tan ben nos entendemos e que tanta falta nos facemos. A pesar das aportacións galegas, á EXPO 98, non parece que este evento vaia dar un cambio significativo ás relacións de Galicia e Portugal. Nós, os galegos, temos que perder ese complexo de superioridade que nos fai ver unha insuficiencia falsa e improcedente nos nosos irmáns. Quizais haxa que presentar moitas obras como esta para que dunha vez nos aproximemos galegos e portugueses, por iso e por felicitar ó autor destes debuxos, Alfredo Erias, estou hoxe aquí.

A propósito de un mito literario: Florbela Espanca

CONCEPCIÓN DELGADO CORRAL*

As nosas relacións coa cultura portuguesa son máis das que nun principio podería parecer. «Brigantino» é unha palabra moi usada en Portugal cando nos referimos aos membros da Familia Ducal (despois Real) dos Braganças. Esta palabra úsase en Portugal como variante de «bragantino» nas seguintes acepcións:

-Brigantino, sustantivo masculino, o mesmo que bragançano, no sentido de natural de Bragança.

-Tamén se usan as formas bragançano, braganção ou bragancês, adxectivos relativos a Bragança.

Vila Viçosa, vila natal de Florbela Espanca, é ás veces designada por Vila Brigantina pola razón de ser a sede da súa corte. Saudamos aos «Amigos de Vila Viçosa» desexando que o intercambio non fiquese reducido a Anuario e Revista senón que esperamos polas súas aportacións artísticas, literarias ou críticas.

Florbela da Alma da Conceição Espanca, filla xunto co seu irmán Apeles dunha relación extramatrimonial consentida, nace en Vila Viçosa en 1894. Vive unha infancia feliz rodeada polo pai que lle concede canto solicita e coa solícita atención da súa madrastra Mariana que a considera unha verdadeira filla na vila ducal dos Bragança, chea de ambiente polas visitas dos reis. Os seus primeiros estudos fainos na cidade natal, trasladándose a Évora para os estudos liceais. Foi unha das poucas mulleres que asistían á facultade de dereito na universidade de Lisboa. Desde moi cedo sentiuse inclinada para a literatura e cando apenas tiña nove anos escribe o seu primeiro poema.

Tamén desde cedo experimenta doenzas físicas e psíquicas que lle ocasionaron unha certa inseguridade psicolóxica. Florbela é a eterna procuradora de algo que nunca encontra e isto maniféstase a nivel literario e na súa vida afectiva, chegando a casar tres veces sen encontrar o grande amor que procurara. Muller fóra do seu tempo, moi adiantada, atreveuse a casar polo civil, a vestir saia-pantalón á moda de París, e a asistir a unha facultade de dereito que no seu tempo era vista como cousa de homes. Loitou con forza para poder publicar algún libro e quixo ser recoñecida pola crítica do seu tempo, cousa que non chegou a conseguir en vida. Será a partir da súa morte, moi lentamente, cando se empece a valorar a súa poesía mais non a partir da súa obra, senón a partir da súa vida de muller aparte do seu tempo, orixinándose así a súa mitificación; Florbela será un mito persoal aínda que non se lea a súa obra.

Desde moi cedo Florbela maniféstase virada para a literatura e así cando a penas tiña 9 anos escribe a súa primeira poesía coñecida titulada «A vida e a morte». A primeira experiencia en prosa é o relato «Mamá», escrito catro anos máis tarde. Casada con Alberto Moutinho inicia a produción do caderno *Trocando Olhares*,¹ entrando no período máis

* Concepción Delgado Corral, betanceira, é Doutora en Filoloxía pola Universidade de Santiago de Compostela e Catedrática de Lingua e Literatura Galega do Instituto "Francisco Aguiar" de Betanzos.

¹ *Trocando Olhares* é un caderno no que Florbela escribe os seus poemas e algúns contos. De aquí saíran varios proxectos de libros como *A minha Terra*, *O meu Amor*, *O livro d'Ele*.

productivo da súa vida. Publicou en vida dous libros de poemas, o *Livro de Mágoas* en 1919 e o *Livro de Soror Saudade* en 1923. Non chegou a ver publicado o seu terceiro libro *Charneca em flor*, do que xa revisara as probas para a imprensa e que aparecería a comezos de 1931.

Comezou a súa produción poética cultivando a cuadra, estrofa popular que respondía a un tipo de poesía tamén popular. Pouco a pouco vai introducindo o soneto e xa os libros *Livro de Soror Saudade* e *Charneca em Flor* están constituídos por sonetos.

Os tres libros de poemas representan épocas diferentes, aínda que próximas, cada unha cun determinado clima vivencial e con características distintas. O *Livro de Mágoas* é un libro de mágoas e dores que por veces expresa o sentimento de saudade dun tempo pasado feliz. A nota dominante é a insatisfacción do «eu» e a visión negativa do mesmo. O amor só aparece en dous sonetos «Amiga» e «Oração de joelhos». No *Livro de Soror Saudade* predomina a temática amorosa, dominando o gosto de amar e de vivir para amar. *Charneca em Flor* é a culminación da exaltación dos sentidos, do canto da vida e do amor.

Florbela cultivou tamén a prosa en dous libros de contos *O Dominó Preto* e *As Máscaras do Destino* e no *Diário do último ano*, obras que tampouco chegou a ver publicadas. Comezou cedo a facer contos mais recoñeceu que era sobre todo poeta e así se dedicou por enteiro á poesía. Nunha segunda etapa, a partir de 1927, afirma que gusta máis da prosa que da poesía, que os portugueses están cansados de versos e ela de os facer. Se non fose polo impulso de Battelli² que a levou a dedicarse de novo á poesía, seguramente tería escrito máis obras en prosa.

Proba de que gostaba moito do xénero epistolar, son as numerosas cartas que escribiu. As súas cartas teñen un carácter de creación literaria que moitas veces as fai aparecer como fermosas alén de ser un importante documento sobre a súa vida e a súa época. As cartas pertencen a diversos momentos da súa vida e manifestan os seus problemas, desexos e posicións perante a vida e a arte. Unha boa parte da súa biografía énos mostrada por ela mesma, coa súa visión persoal e subxectiva, o amor polos seus, principalmente polo pai e polo irmán; as súas frustracións amorosas e artísticas, a súa dor polas críticas á súa vida, a súa soedade sen remedio. As cartas están cheas de vida mais tamén de literatura.

Florbela, amante das linguas, chegou a utilizar varias. Daba clases de inglés na academia montada co seu primeiro marido Alberto Moutinho. Afirma coñecer o español, lingua da que fixo unha tradución. Manifesta gostar moito do italiano, lingua que chegará a coñecer mellor cando establece relacións con Guido Battelli. A que mellor coñecía era a lingua francesa, facendo traducións de obras francesas para o portugués para a Livraria Civilização na Biblioteca Lar.

En toda a obra florbeliana aparece a idea do autodescoñecemento como un grande problema. O «eu» fala das diferentes personalidades que tivo, e sente saudade delas. Sá-Carneiro afirmou: «*Morro a mingua, de excesso*». O mesmo acontece con Florbela, en palabras de José Régio: «*O mal de Florbela foi ser ela de mais para uma só*»³. É isto un sentimento característico de varios poetas, entre os que tamén están Fernando Pessoa: a sensación de ser dous ou máis xunto coa sensación de ser algo impersoal. Florbela coinci-

² En 1930 Florbela inicia correspondencia con Guido Battelli, profesor rexente do Curso de História da Literatura Italiana da Facultade de Letras da Universidade de Coimbra, a quen agradece a tradución dos seus versos para o italiano. Battelli interésase na publicación do libro *Charneca em Flor*.

11 de maio de 1997

Preto de douscentos corredores de toda Galicia participaron na 1ª Media Maratón Volta á Ría de Betanzos, organizada polo Club de Atletismo «As Mariñas» e patrocinada por Construcciones Fraga e os Concellos de Bergondo, Paderne e Betanzos. O gañador foi Manuel García do Club Universitario de Santiago.



14 de maio de 1997

Nun acto presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, tomaron posesión dos seus cargos os novos membros da Policía Local D. Francisco Javier Fernández Otero e D. Javier Fernández Seijo.

17 de maio de 1997

Dentro dos actos organizados polo Concello con motivo da celebración do Día das Letras Galegas, tivo lugar a presentación do libro *Betanzos: Poema dos Caneiros*, obra de Uxío Novoneyra e Jesús Núñez. O libro está composto polo poema que lle dá título, inspirado pola primeira visita que o poeta do Courel fixo ás festas betanceiras no ano 1955. O artista brigantino Jesús Núñez deu expresión plástica ó poema con nove gravados. O acto, celebrado na Aula Municipal de Cultura estivo presidido polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, e a presentación realizouna D. Xulio Cuns Lousa. Posteriormente tivo lugar un concerto do grupo de metais Santa Cecilia.



17 de maio de 1997

Neste mesmo día deuse a coñecer o gañador do concurso de carteis para promociona-las Festas de San Roque deste ano, recaendo por segundo ano consecutivo no artista local Gabriel Anido Pérez.

18 de maio de 1997

Organizado polo Club Ciclista de Betanzos, celebrouse a XVI Vuelta Ciclista a la Comarca Brigantina, que contou coa participación de 115 corredores de varios equipos de Galicia, e na que se proclamou vencedor Gustavo Otero do CC Vigués.

18 de maio de 1997

O Betanzos CF rematou neste día cunha victoria o derradeiro encontro da presente tempada 96-97 da Terceira División, quedando clasificado nun meritorio quinto posto, a só un da promoción.

19 de maio de 1997

Foi presentado o número "0" de El Periódico de Las Mariñas Coruñesas, de ámbito comarcal e periodicidade mensual. A publicación estivo tutelada pola recén constituída Asociación de Amigos de la Prensa.

21-22 de maio de 1997

Ó longo destes días na Aula de Cultura, e dentro dos actos organizados polo Concello para celebrar as Letras Galegas, tivo lugar o I Encontro Internacional de Contadores de Contos, que levou ós máis pequenos por un apaixonante mundo de aventuras, fazañas, mitos, lendas... e no que todos poideron disfrutar.

Maio de 1997

A moza Berta Luna Gómez, alumna de 3º de BUP do Instituto «Francisco Aguiar», resultou premiada no certame «Ruta Quetzal Argentaria» polo seu traballo sobre as relacións con América no exemplo filantrópico dos Irmáns García Naveira, elaborado baixo a dirección da profesora de Historia do Instituto brigantino, Dª Concha Castro Higueldo.

22 de maio de 1997

Na madrugada deste día toda Galicia viuse sacudida por varios seísmos de consideración que tiveron o epicentro na provincia de Lugo. Moitos betanceiros, para maior seguridade, preferiron pasa-la noite fora das súas casas.

23 de maio de 1997

Seguindo coa celebración dos actos das Letras Galegas, tivo lugar na Aula de Cultura a representación teatral da obra Os patios da memoria, a cargo do grupo Teatro do Morcego.

30 de maio de 1997

Tivo lugar na Aula de Cultura a representación da obra Aprobado en inocencia de Luis Peñañel, representada pola Agrupación Teatral Mariñán e organizada polo Concello.

31 de maio de 1997

Cun concerto da Banda Municipal de Betanzos na Aula Municipal de Cultura, que contou coa colaboración da Sociedade Amigos da Banda, rematouse o programa de actos organizados polo Concello con motivo da celebración das Letras Galegas.

1 de xuño de 1997

Tivo lugar no Edificio Arquivo a clausura da Escola Municipal de Folklore, coa actuación dos grupos formados durante o curso, e na que os alumnos demostraron a mellora no manexo de instrumentos tradicionais tales como gaita, tamboril e pandeireta, ademais do baile.

4 de xuño de 1997

Con motivo do Día Mundial do Medio Ambiente o Alcalde da cidade D. Manuel Lagares Pérez, inaugurou unha exposición de carteis informativos referentes ó medio ambiente no templete situado no interior do parque do Pasatempo. A exposición, organizada polo Concello, contou coa colaboración da Consellería de Agricultura, Gandeiría e Montes e o Colexio Público Francisco Vales Villamarín. O acto concluíu coa solta de peixes e a inauguración do Estanque de Salomón.




6 de xuño de 1997

Tivo lugar a inauguración da Praza do Campo, unha das obras máis esperadas polos betanceiros nos últimos meses, xa que a partir de agora todo o mundo poderá camiñar por este lugar emblemático. A praza pasou a ser totalmente peatonal tras obras do aparcadoiro subterráneo que é unha mellora importante para a cidade. O acto foi presidido polo Alcalde da cidade D. Manuel Lagares Pérez, e a él asistiron varios concelleiros e numeroso público. A ledicia viuse estragada pola morte accidental no río Mendo do neno betanceiro Tomás Varela Novo. Os numerosos asistentes gardaron un minuto de silencio pola súa memoria.

6 de xuño de 1997

Os alevíns do Betanzos CF foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez no Concello. Dirixidos por Marcos, xogador do primeiro equipo, realizaron unha brillante campaña, adxudicándose o Campionato das Mariñas.





8 de xuño de 1997

Tivo lugar na Catedral de Lugo a Ofrenda ó Santísimo Sacramento dentro das solemnidades do Corpus, que este ano tivo como protagonista á Cidade de Betanzos a través do seu Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, quen como Delegado Rexio realizou a dita ofrenda no transcurso dunha Misa Solemne na que actuou a Coral Polifónica de Betanzos. O Alcalde e os demais membros da Corporación Municipal foron a Lugo acompañados pola Coral Polifónica, e a Agrupación Folklórica Pasiño a Pasiño, ademais dunha gran cantidade de betanceiros. Esta ofrenda, que se realiza desde hai máis de tres séculos, correspóndelle facela cada ano a unha das sete cidades do Antigo Reino de Galicia, que no ano 1669, tomaron o acordo de sufraga-los gastos de alumado do Santísimo Sacramento, previa autorización do Cabildo da Catedral.

Ofrenda que fai o Alcalde-Presidente da moi Nobre sempre Leal e Real Cidade de Betanzos dos Cabaleiros, antiga Brigantium, como Delegado do Antigo Reino de Galicia, ante o Trono de Xesús Sacramentado, na Santa Igrexa Catedral de Lugo, na infraoitaba do Santísimo Corpus Christi do Ano do Señor de mil novecentos noventa e sete.

SEÑOR SACRAMENTADO:

Veño hoxe aquí, como Alcalde de Betanzos e no nome do Antigo Reino de Galicia, para renovar un compromiso secular que pervive nos nosos corazóns desde os tempos escuros da Idade Media e a Tí cho manifestamos ano tras ano desde 1669.

A Historia amósanos que as ideas e os sentimentos dun pobo poden ser máis fortes que tódalas cadeas xuntas. O noso tempo é testemuña de que os sentimentos máis profundos son capaces de rachar imperios poderosos. Porque se os sentimentos son símbolos da identidade dun pobo só se poden destruír destruíndo ó pobo mesmo.

Ti e-lo noso primeiro sinal de referencia, a luz que nos alumea, a que permanece milenio tras milenio, aínda que o teu nome e a maneira de representarte cambien. Ti xa estabas nos nosos corazóns cando che faciamos sacrificios nos outeiros que facían de altares á beira dos castros e a Ti vimos hoxe, unidos máis ca nunca, na procura dun futuro esperanzador, porque precisamos que sigas guiándonos para que Galicia non extravíe o seu camiño.

Vivimos un tempo no que as présas non deixan ver a cotío as consecuencias dos nosos actos e por iso che pido cordura para que non nos cegue a luz da modernidade de tal maneira que non sexamos capaces de rexeitar aquilo que poida facer imposible a vida dos nosos fillos e dos nosos netos. Porque Galicia é unha das terras máis fermosas do planeta, pero Galicia como o planeta mesmo están hoxe amenazados. Temos que defende-los nosos bosques sagrados, as nosas fontes, o ar que respiramos. E temos que ser capaces de manter en pé os monumentos da nosa cultura.: defende-los xacementos arqueolóxicos, os edificios históricos, a beleza das nosas casas populares, o carácter das nosas vellas cidades e vilas, os nosos arquivos e bibliotecas...Debemos xuntarnos, en fin, para defende-los alicerces todos da nosa cultura, da nosa maneira de vivir porque soamente teñen futuro os pobos que aman e defenden as súas raíces. E dentro dos pobos están as persoas e algunhas delas necesitan unha protección especial que che pido lles dispenses: ós nosos vellos, que tanto traballaron para deixarnos un mundo mellor; ós xoves, para que encontre o camiño axeitado nas súas vidas; ós enfermos, para que curen das súas doenzas; ós parados, para que atopen a solución que poida encamiñalos axeitadamente nas súas vidas, e, en xeral, a tódolos galegos e galegas que sofren e teñen problemas para que albisquen a luz que os conduza á Túa casa celestial.

Hoxe é un día de festa, un día de ledicia e de esperanza, un día no que tódolos membros da nosa gran familia están unidos amosando o seu mellor sorriso. Pero no decorrer do ano a unión non sempre é forte, as envexas, a procura cega do poder efémero e tantas outras miserias humanas poden acocharse nos nosos corazóns. Eu pídoche agora que non deixes xermolar en nós esas sementes, para que a gran familia dos galegos estea sempre unida e forte como hoxe está aquí.

¡Moitas gracias!

Manuel Lagares Pérez

13 de xuño de 1997

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a 1ª Xornada sobre Contaminación Acústica, na que participaron diversos técnicos especialistas. Foi organizada pola Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) e o Concello de Betanzos. O acto de clausura estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.



14 de xuño de 1997

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a clausura do curso 1996-97 do Conservatorio Municipal de Música de Grado Elemental, que dirixe D. Pedro Ignacio Noya López.

14-20 de xuño de 1997

Ó longo destes días puidose contemplar no Edificio Arquivo unha exposición da Escola Municipal de Pintura, que amosou traballos dos alumnos, que sorprenderon pola súa calidade.



Xuño de 1997

Ana M^a Torres Gómez, alumna de COU do Colexio Gran Obra de Atocha, de Betanzos, gañou neste mes o Primeiro Premio da Olimpíada de Química que organizou a Universidade da Coruña.

21 de xuño de 1997

A cidade de Betanzos foi a sede do Día Mundial da Cruz Vermella, na que se celebraron distintos actos didácticos e lúdicos. Os actos institucionais, celebrados na Aula de Cultura, contaron coa presenza do Presidente da Xunta, D. Manuel Fraga Iribarne, Ministro de Sanidade, D. José Manuel Romay Beccaría, Presidenta Autonómica da Cruz Vermella, D^a María del Carmen Colmeiro Rojo e o Alcalde en funcións, D. Andrés Beade Dopico.



23 de xuño de 1997

Foi inaugurado polo Presidente da Xunta, D. Manuel Fraga Iribarne, o tramo Guísamo-Miño da Autopista A-9. O elemento máis espectacular é a ponte que cruza a Ría de Betanzos no lugar do Pedrido, e que ten unha lonxitude de 1.050 metros. Na fotografía de Alfredo Erias vémosla en construción en agosto de 1996.

2 de xullo de 1997

Faleceu neste día D. Manuel Rodríguez López, funcionario xubilado do Concello de Betanzos.

Xuño de 1997

O Centro Internacional de Estampa Contemporánea de Betanzos, deu comezo a primeiros deste mes os cursos de verán Gráfica 97, baixo a dirección de D. Xesús Núñez. O programa de actividades constou de 15 cursos teórico-prácticos, dirixidos a alumnos e licenciados en Belas Artes, achegándose a técnicas tradicionais de grabado, calcografía, litografía, serigrafía, así como ás novas tecnoloxías artísticas e industriais aplicadas á estampa. Para esta edición contou con profesores de renome internacional como o búlgaro Liubomir Jordanov, o kurdo Jafar kaki e o croata Pedro Maruna entre outros.

7 de xullo de 1997

Organizado polo Concello comezou a desenvolverse o programa de actividades ¡Imos de Troula tódalas mañás!, adicado a nenos entre tres e oito anos. Este programa que se desenrolou ata o 13 de agosto, contou con diferentes actividades que encheron de ledicia ós máis pequenos. Sen abandonar o mundo do xogo fixéron de decoradores, cociñeiros, traballaron no xardín, xogaron con barro... en fin, pasárono ben e aprenderon cousas distintas ás que lles ensinan a cotío.

16 de xullo de 1997

Entrou en servizo neste día o aparcadoiro subterráneo da Praza do Campo, dividido en dúas plantas e con capacidade para 298 vehículos, e que axuda a resolver en boa medida o problema de falta de espazo para estacionar que era apremiante en Betanzos nos últimos tempos.

Xullo de 1997

Neste mes iniciouse o programa de actos culturais Verán 97 organizados polo Concello e que tiveron continuidade no mes de agosto. Nel están incluídas diferentes actuacións así como o ciclo Noite de cine na rúa, co que se proxectaron películas ó aire libre nos distintos barrios e lugares do Concello.

20 de xullo de 1997

No claustro do Museo das Mariñas, e organizado polo Concello, tivo lugar un concerto do Grupo Sithar baixo o título Canciones de amor de todos los tiempos. Fixeron un percorrido polo sentimento e a expresión do amor desde autores medievais como Fuenllana ata os máis modernos como Eric Clapton, pasando por Shakespeare, Rosalía, Lorca e outros.

17-31 xullo de 1997

Ó longo destes días puidose contemplar no Edificio Arquivo unha exposición de óleos de María Xesús Díaz. A mostra encádrase dentro do programa de actos culturais organizados pola Delegación de Cultura para o verán 97.

23 de xullo de 1997

Baseándose na obra Crónica y narración de los Incas escrita por Juan de Betanzos no século XVI, e descuberta completa hai uns anos pola historiadora D^a Carmen Martín Rubio, deu comezo unha expedición hispano-peruana denominada Juan de Betanzos-Vilcabamba 97-98, que baixo o patrocinio da Facultade de Humanidades de Ferrol (Universidade da Coruña) e o INC saíu en busca desta cidade perdida, último reducto da resistencia inca na conquista do Perú.



25 de xullo de 1997

Tivo lugar no Cruceiro da Cruz Verde a tradicional homenaxe da Corporación Municipal a tódolos que deron a vida por Galicia.

Xullo de 1997

Neste mes principiaron as obras de ampliación do cemiterio municipal.



30 de xullo de 1997

O Presidente do Centro Galego de Bos Aires, D. Alberto Adrio, foi recibido na Sala Capitular do Concello polo Alcalde D. Manuel Lagares Pérez. No acto estiveron tamén presentes diversos membros da Corporación Municipal e público en xeral.

31 de xullo de 1997

Presentouse no Pleno do Concello a renuncia do Concelleiro do Partido Popular, D. Manuel José Basteiro Fernández.

Xullo de 1997

A Coporación Municipal aprobou por unanimidade unha moción na que cada un dos concelleiros aportase unha cantidade en metálico para a construción dun polideportivo en Ermua, en homenaxe a Miguel Ángel Blanco Garrido, asesinado pola banda terrorista ETA no País Vasco.



1 de agosto de 1997

Radio Betanzos cumpriu o seu primeiro aniversario. Con tal motivo o equipo conformado polo seu Director, D. Eusebio Tenreiro, os locutores, Mercedes Casanova e Francisco Martínez, o controlador de sonido, Luís Pariente, e demais colaboradores que fan posible a súa emisión, foron recibidos polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez e o Delegado de Cultura D. Francisco Díaz Pereira na Sala Capitular do Concello.

1-10 de agosto de 1997

Tivo lugar nestes días o Ciclo de Música no Museo das Mariñas, organizado pola Delegación de Cultura e que xa ven sendo tradicional nos últimos anos. Programáronse en total seis concertos, empezando co Grupo Evocación para continuar nos demais días co Cuarteto de Cámara Matiz da Real Filharmonía de Galicia, Grupo de Metales Santa Cecilia, Grupo Folk Fiandola, do pianista Daniel Zacarés, rematando coa actuación do Grupo de Cámara Versus da Orquesta Sinfónica de Galicia.

4-12 de agosto de 1997

No Edificio Arquivo e organizada pola Delegación de Cultura, realizouse unha mostra de xoias de Mariola Martín Rodríguez.

7 de agosto de 1997


Neste día faleceu o que fora funcionario municipal, D. Manuel Sánchez Rendal.

8 de agosto de 1997

Na Sala Capitular do Concello, o Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, presentou oficialmente o cartel anunciador e o programa de festas patronais de San Roque 97.

Agosto de 1997

Neste mes creouse de maneira experimental a Brigada de Intervención Rápida de Protección Civil da cidade de Betanzos, que ten a súa base nas instalacións do Pasatempo.



12 de agosto de 1997

O Presidente da Xunta, D. Manuel Fraga Iribarne, e o Alcalde de Betanzos, D. Manuel Lagares Pérez, inauguraron no parque do Pasatempo dúas terrazas, unha delas dedicada á República Arxentina e outra a dezaoito países latinoamericanos. Foron recentemente restauradas pola Escola-Taller Pasatempo II. Inaugurouse asemade unha mostra fotográfica, onde se puido contempla-lo antigo aspecto do Pasatempo e os avatares sufridos polo parque ata chegar ó proceso de restauración, tamén plasmado nesta exposición. Estiveron presentes algúns membros da familia García Naveira, representantes de varios países latinoamericanos, membros da Corporación municipal e numeroso público. Como complemento da xornada, pola noite actuou o Ballet Nacional de Arxentina.


13 de agosto de 1997

Celebrouse na igrexa conventual de San Francisco o IV Concerto Musical Cidade de Betanzos, coas actuacións da Agrupación Musical Carlos Seijo, Coral Polifónica de Betanzos e Banda Municipal de Música. O evento foi organizado pola Coral Polifónica e patrocinado polo Concello. No mesmo presentáronse os primeiros exemplares da carpeta DEBUXOS DE GALICIA (I): BETANZOS, obra de Alfredo Erias.



14 de agosto de 1997

Inaugurouse no Edificio Arquivo unha mostra de pintura do artista betanceiro Gabriel Anido, dedicada ó patrón da cidade, San Roque.



14 de agosto de 1997

O Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, coroou a Raiña das festas de San Roque, a fermosa moza Vanesa Varela Vázquez, na Praza da Constitución, que estaba abarrotada de xente. Seguidamente desde o balcón da Casa Consistorial tivo lugar a lectura do pregón, que este ano correu a cargo do periodista de Radio Voz, Pablo Portabales. A continuación, na Sala Capitular do Concello tivo lugar unha recepción á Raiña das Festas, damas de honra, acompañantes, así como ás autoridades presentes.



Pregón das Festas

Betanceiras y Betanceiros, buenas tardes. Amigas y amigos que os habéis acercado a esta hermosa ciudad para vivir las fiestas de San Roque, bienvenidos. A todos los que estáis aquí, gracias por vuestra presencia. Espero que estos minutos que vais a compartir conmigo sean de alegría en el marco de estos importantes festejos.

En primer lugar me gustaría agradecer al alcalde, Manuel Lagares y a toda la corporación municipal, el que me hayan invitado a ser el pregonero. La misma ilusión que ellos mostraron en su invitación es la que yo tengo al encontrarme hoy aquí. Es sin duda, la mía, una ilusión de una gran responsabilidad por muchas razones. La primera y la más importante es que no es un pregón cualquiera, en un lugar cualquiera, en un día cualquiera. Es el pregón de una de las siete capitales históricas del Reino de Galicia y además sirve como punto de partida a unas fiestas declaradas de interés turístico.



Por todo ello, he vivido en una gran tensión los últimos días debido a la enorme responsabilidad que encierra estar en este balcón municipal.

Por si esto fuese poco, además, soy el pregonero más joven de la historia y mi vida profesional se desarrolla principalmente en la radio. Soy por tanto un joven periodista radiofónico. Espero que con esta iniciativa del Ayuntamiento, a partir de ahora, se vaya produciendo un relevo generacional a la hora de designar a los pregoneros.

Les voy a hablar de la juventud, pero antes, les quiero contar como es mi relación con Betanzos, y lo voy a hacer, como lo hago todas las mañanas en Radiovoz, con el corazón, con la cabeza y sobre todo con sentido del humor.

Si me permiten, voy a guardar unos instantes los papeles para que entre ustedes y el pregonero se pueda producir una mayor y mejor comunicación.

Por razones obvias, la forma de vida de los jóvenes actuales, sus centros de diversión, sus inquietudes, sus proyectos, poco o nada tienen que ver con los de las generaciones de betanceiros que nacieron mientras se gestaba el singular Pasatiempo o hace sólo unas cuantas décadas. Los adolescentes de hoy pasan sus veladas de fin de semana en pubs y discotecas de gran concurrencia y ambiente, llenas de bullicio y música fuerte. Son el contrapunto de aquellos románticos bailes de la Camelia que a principios de siglo se celebraban en el Alfonso - el decano de los cines españoles - o, mucho más tarde, en el Liceo, quizá escenario de las conquistas amorosas de algunos de los aquí presentes.

Pero aún siendo muchas las diferencias que en todo ello podemos apreciar, la juventud de nuestros días ha sabido heredar el carácter de sus antepasados, marcado por el orgullo de pertenecer a una tierra de glorioso pasado y siempre tolerante, generosa, noble y hospitalaria.

Probablemente sean las raíces de una ciudad de leyenda - según algunos historiadores fundada por Brigo no mucho después del diluvio universal - la que imprima ese carácter que tanto distingue al pueblo betanceiro. No sería justo olvidar, sin embargo, la influencia que también pueden tener otros importantes valores atribuidos a la Antigua Brigantium por relevantes personajes y eruditos que cantaron las excelencias de su belleza natural, la misma que con el paso de los siglos ha sido fuente de inspiración de poetas y artistas; el origen de frases como «vergel encantado al que Dios ha dado la amenidad del Jordán y la fertilidad del Hebrón» u otra casi de idéntico corte: «paraíso de flores y frutas».

Las alabanzas recibidas por esta tierra situada en el corazón del golfo ártabro han sido, y todavía son, muchas y acertadas. Resulta, por tanto, difícil encontrar nuevos argumentos para sintetizar en unas pocas palabras lo que es Betanzos. Pero de una cosa no me cabe duda cuando contemplo su ría, las mansas aguas del Mendo y el Mandeo o sus frondosos paisajes: todo esto sólo pudo haberlo dibujado la mano del divino creador.

A todos los brigantinos en general, y a los jóvenes en particular que ha de guiar el futuro de esta tierra, quiero animaros a que mantengáis vivo ese espíritu de nobleza y lealtad de vuestros antecesores, esos valores que destacó Enrique IV cuando hace ya más de medio milenio concedió a Betanzos el título de Real Ciudad. Y también a que os mostréis firmes en la defensa de vuestra cultura, tradiciones y arraigadas costumbres, para que perduren en el tiempo; a que conservéis en

su estado más puro el legado del arte románico y gótico, esas joyas arquitectónicas tan admiradas por quienes os visitan y que, en pocos lugares, nos otorgan la posibilidad de soñar con un retroceso en el tiempo para hacer un viaje imaginario a otras épocas.

En estas fechas de fiesta y alegría, en las que el Pasatiempo abre sus puertas, deseo que disfrutéis de la compañía de familiares y amigos, y del mismo modo, que os mostréis solidarios con aquellos que no pueden compartir estos momentos de felicidad. Debéis tener presente que fue el alto sentido de la solidaridad el que movió a los hermanos García Naveira a construir ese emblemático parque para dar trabajo a quienes lo necesitaban, un recinto tan querido por todos, con cuya rehabilitación se recupera la memoria de los grandes benefactores de Betanzos, algo en lo que han puesto todo su entusiasmo unas decenas de jóvenes que, como los de finales del siglo pasado o principios de este que ya termina, sufren el problema del desempleo, para expresar esa solidaridad, nada mejor que ser partícipes del acto de mayor solemnidad de las fiestas: la renovación del voto a San Roque, una tradición que se remonta a 1416 y en la que vuestro alcalde demandará una vez más, dentro de apenas dos días, la protección del Santo Patrón.

También habrá tiempo sobrado para el disfrute de verbenas y un sinfín de actividades que atraerán a miles de personas; del lanzamiento del globo, o de las renombradas romerías a Os Caneiros. Betanzos ya es una fiesta y acoge con agrado y hospitalidad a quienes se acercan para compartir sus actos festivos, satisfacer sus paladares con su rica gastronomía o, simplemente, a admirar ese bien tan preciado que son vuestros monumentos.

En cualquier caso, los visitantes pueden tener la certeza de que gozarán de la hospitalidad y el profundo respeto de los habitantes de esta noble tierra, mi deseo común, para foráneos y nativos, es que el San Roque 97 permanezca imborrable en sus memorias, será la mejor señal de que ha sido alegre, grato y feliz.

Pablo Portabales



15 de agosto de 1997

Na Praza da Constitución o Alcalde, D. Manuel Lagares, coroou á Raiña Infantil das Festas, a fermosa rapaciña, Nerea Vázquez Quintián. A continuación o mozo Joaquín Barral Varela, deu lectura ó pregón infantil.

Función do Voto (16 de agosto)

Señor San Roque.

Un año más, ya próximo el final del milenio, comparezco ante Ti representando a todos los betanceiros y te renuevo la gratitud por la permanente ayuda y protección que nos dispensas. El ejemplo de Tu solidaridad con los demás y muy especialmente con el pueblo de Betanzos en unos momentos de tristeza y desolación por la peste medieval que nos asolaba, debe servir de modelo en nuestros días. Porque hoy hay pestes aunque de otro signo y te pido que nos protejas de ellas. Encamina a la juventud que representa nuestro futuro y nuestra



esperanza y evita que desgracias como las originadas por las drogas, el alcohol y el sida descompongan nuestra sociedad.

Y dado que España la forman un conjunto de Autonomías, entre las que se encuentra el País Vasco que sufre los efectos devastadores del terrorismo y que, recientemente, y dentro de un reguero de casos que se hace interminable, se cobró la vida de Miguel Angel Blanco, un joven ciudadano con raíces gallegas y cuyo único delito fue el de servir a su pueblo con la mayor lealtad y con lo mejor de sí mismo. Te pido que medies ante la enloquecida sinrazón de quienes no respetan la libertad y la vida de los demás para que cesen en sus desviadas y sangrientas intenciones.

Protege a todas las personas que lo necesitan y de manera especial a todos los betanceiros que se encuentran más desamparados. Y hazlo de manera especial con los enfermos y con los ancianos que dedicaron muchos años de su vida para construir la sociedad que hoy tenemos y que muchas veces no son reconocidos sus esfuerzos, por lo que viven en situaciones de olvido y de marginación que no se merecen.

Betanzos es una Ciudad generosa con las personas que le dedicaron su atención y su interés. Por ello queremos seguir siéndolo Contigo, que hace más de quinientos años nos mostraste Tu solidaridad y como respuesta Te dedicamos lo mejor de nuestras fiestas. Favorece a que en estos días de alegría y de sana convivencia exista un permanente deseo de Paz entre nosotros. Paz en las familias, en los vecinos y entre los pueblos, porque la Paz conduce a la alegría que es lo que deseo tengan todos los ciudadanos para poder vivir con mayor intensidad y para, de esta forma, alcanzar los deseos generosos que andan en los corazones de las personas nobles.

Con Tu protección y ayuda de nuevo conseguiremos que estos deseos sean una feliz realidad. Que así sea. Gracias.

Manuel Lagares Pérez
Alcalde - Presidente de Betanzos

16 de agosto de 1997

Como tódolos anos, ás 12 da noite, saiu da torre de Santo Domingo o Globo de San Roque, que realiza a familia Pita desde o s. XIX. Este ano vivíronse momentos de incertidume, xa que cando estaba totalmente inflado as lapas taparon boa parte do globo coa conseguinte alarma nas máis de cincuenta mil persoas que nese momento abarrotaban a Praza do Campo. Despois do susto, o Globo comezou a subir ante os aplausos e alborozo do público.



Erias

18 e 25 de agosto de 1997

Realizáronse as tradicionais xiras fluviais ós Caneiros, onde centos de lanchas engalanadas e todo tipo de embarcacións, sucaron o río poñéndolle cor a esta festa onde como é tradicional reinou a ledicia e non faltou a música e o viño. No concurso resultaron premiadas A nosa bonita, Rodando e Isabel IV que recibiron os premios do certame convocado polo Concello para a lancha mellor engalanada, máis orixinal e máis representativa do momento.

24 de agosto de 1997

Na Residencia de Anciáns «García Hermanos» tivo lugar a celebración do centenario da morte da fundadora da Congregación das Hermanitas de los Ancianos Desamparados, Santa Teresa de Jesús Jornet e Ibars. O acto principal consistiu nunha misa oficiada polo Vicario Episcopal da Coruña, D. Juan Cartelle, na que participaron ademais vinteseis sacerdotes e a Coral Polifónica de Betanzos. Estiveron presentes o Alcalde, Don Manuel Lagares Pérez, o Ministro de Sanidade, D. José Romay Beccaría, o Deputado Autonómico D. Jaime Pita Varela, diversos membros da Corporación municipal e numeroso público.




11 de setembro de 1997

Na Sala Capitular do Concello presentouse o Anuario Brigantino 1996, nº19. O acto estivo presidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez a quen acompañaban diversos membros da Corporación Municipal, entre eles o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira, así como o Director da publicación, D. Alfredo Erias Martínez. A presentación correu a cargo do Técnico de Xestión Cultural e Conservador das coleccións artísticas da Deputación da Coruña e ex-director do Museo de Arqueolóxico da Coruña, D. Felipe-Senén López Gómez.

19 de setembro de 1997

De «Sobresaliente Cum Laudem» foi cualificada a Tese Doutoral lida na Facultade de Medicina da Universidade de Santiago de Compostela e titulada: Medicina Social en Betanzos (1821-1922), realizada polo médico betanceiro D.



Carlos Fernández Fernández, recoñecido polo Tribunal Cualificador (presido por D. Andrés Beiras, Decano da Fac. de Medicina) como un dos máis prestixiosos especialistas na Historia da Medicina. Desde o Anuario Brigantino dámoslle as nosas máis cordiais felicitacións, xa que nos fixo sentir dobremente satisfeitos ó centrar o tema de investigación sobre a nosa cidade, e por ser a primeira Tese Doctoral baseada case integramente en documentos do Arquivo Municipal de Betanzos.



19 de setembro de 1997

Foi inaugurada polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez no Edificio Arquivo a mostra itinerante De Picaso a Barceló: El arte contemporáneo español a través de su obra gráfica. A exposición estivo organizada por Caixa Vigo e o Concello de Betanzos. A importancia e o valor destas obras motivou que uns días máis tarde, estando a mostra en Allariz, foran substraídos algúns dos grabados.

Setembro de 1997

Neste mes coñeceu a nova de que o deportista betanceiro Xosé Vales Fernández, pertencente o Club de Piragüismo «Ría de Betanzos», foi chamado para formar parte da selección nacional.

20 de setembro de 1997

Celebrouse na Praza do Campo o II Certame Galego de Bandas de Gaitas e Instrumentos Tradicionais Galegos Cidade de Betanzos, que estivo adicado ó gaiteiro «Rilo». O gañador foi o grupo Airiños de Fene, en segundo lugar Frouma de Oleiros e no terceiro Gaitas das Mariñas, de Miño. Este encontro foi organizado pola Asociación de Veciños Alfoli da Ribeira.





27 de setembro de 1997

Os participantes no 2º Congreso de Procuradores de Galicia foron recibidos na Sala Capitular do Concello polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e varios membros da Corporación Municipal.

Setembro de 1997

Foille concedida a Cruz de «Alfonso X» ó Director da Unidade de Alzheimer da Clínica Universitaria de Navarra, o betanceiro D. José Martínez Lage, como recoñecemento á súa labouira profesional e de investigación. As nosas felicitacións.>

1 de outubro de 1997

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura unha conferencia do escritor Carlos Penelas, titulada Anarquía e creación, encadrada dentro dos actos culturais organizados pola Delegación Municipal de Cultura, que continuaron coa actuación do grupo marroquí de pulso e púa Al Jaimai.



1 de outubro de 1997

O Betanzos CF quedou eliminado nas semifinais da Copa Federación ó perder co Racing de Ferrol na Malata por tres goles a un. No partido de ida celebrado no Estadio Municipal García Irmáns tamén gañaran os ferroláns por dous goles a un.

10 de outubro de 1997

Presentouse na Aula de Cultura de Caixa Galicia o libro Biff, bang, pow! do escritor betanceiro Xabier López López, editado por Sotelo Blanco dentro da colección Doce por Vintedous. O acto foi organizado pola asociación cultural Eira Vella e a presentación correu a cargo de D. Xulio Cuns Lousa e D. Xesús Torres Regueiro.



Xabier López López.

11 de outubro de 1997

O grupo Uvegá Teatro representou, na Aula Municipal de Cultura a obra de Manuel Lourenzo Magnetismo, que obtivera o premio Rafael Dieste 1996. Esta actividade enmarcouse dentro do programa de Cultura e Deportes do Concello de Betanzos.

Outubro de 1997

O Concello de Betanzos foi seleccionado xunto con outros oito da comunidade galega para realizar unha experiencia piloto de garantía social. O programa está orientado a alumnos que non obtiveron a educación secundaria obrigatoria, proporcionándolles deste xeito unha formación básica, tanto cultural como profesional. O de Betanzos centrouse na introducción á soldadura e ás construcións metálicas. Neste proxecto participaron as Consellerías de Educación e Familia.

16 de outubro de 1997

Diversas vivendas e baixos comerciais da zona da Ribeira víronse afectadas polo desbordamento do río Mandeo coincidindo coa suba da marea.



Outubro de 1997

Dúas mozas pertencentes ó Club Ciclista Betanzos Riego dominaron o Campionato de España que se disputou por puntuación en 8 etapas, a última delas en Medina de Pomar (Burgos). Patricia Roel proclamouse campiona de España despois de gañar en catro etapas e quedar nas outras de segunda clasificada. Jennifer Couceiro tamén subiu ó podium, xa que acadou o terceiro posto.

17-31 de outubro de 1997

No Edificio Arquivo puido contemplarse unha exposición de Pintura Participativa de Xaquín Noche, organizada pola Delegación Municipal de Cultura.

19 de outubro

Neste día tiveron lugar as eleccións autonómicas. O Concello de Betanzos tivo unha participación do 72%, cos seguintes resultados: PP, 3.511; PS de G/EG/OV, 2.230; BNG, 1.478; Outros, 126.

30 de outubro de 1997

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar a presentación do libro editado pola asociación Cempés, titulado O río Mendo, unidade didáctica, de Roberto Figueroa e Xan Fontaiña. O libro é unha proposta educativa co ánimo de facilita-lo achegamento a un medio próximo e cheo de vida.



6 de novembro de 1997

Na Aula Municipal de Cultura tivo lugar o concerto do grupo de cámara da Orquesta Sinfónica de Galicia, na que actuou como Director-concertino o violinista Massimo Spadano. O acto estivo organizado polo Consorcio para a Promoción da Música, en colaboración coa Delegación Municipal de Cultura.



6-9 de novembro de 1997

A cervexa, as salchichas e a gaita foron as protagonistas desta fin de semana, na Praza do Campo, coa celebración da Oktoberfest alemana organizada pola Asociación Cultural Leliadoura. Ademais da degustación destes produtos baixo unha gran carpa, os visitantes puideron disfrutar de actuacións de grupos folk de distintos países como Luar na Lubre, Almfrei, Vaite Embora, Cempés, Xosé Manuel Budiño, Mollando a Palleta, Toque de Caixa, Luetiga, Äläbütsch; tamén participaron Pasiño a Pasiño e a Banda Municipal de Betanzos. O acto de inauguración foi realizado polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez.

12 de novembro de 1997

No salón parroquial de Santa María do Azougue foi presentado o libro do sacerdote betanceiro, D. José Manuel Iglesias, titulado Tratar a Jesús. Cartas de un párroco. O acto de presentación correu a cargo do xornalista, D. José Manuel Ardións Neo.

Novembro de 1997

Neste mes o betanceiro e membro do Partido Popular, D. Jaime Alberto Pita Varela, foi nomeado Voceiro do Partido Popular no Parlamento de Galicia, despois de saír elixido Deputado nas eleccións do pasado 19 de outubro.





14 de novembro de 1997

O XXIX Festival Santa Cecilia, organizado pola Coral Polifónica de Betanzos, inaugurouse este ano coa mostra de pintura e debuxo de Alfredo Erias no Edificio Arquivo do Antigo Reino de Galicia. No acto, presidido polo Alcalde da cidade, D. Manuel Lagares Pérez, presentouse tamén a carpeta da autoría de Erias Debuxos de Galicia (II): Cruceiros. Fixo a presentación D. Andrés Pena Graña, arqueólogo e arquivista de Narón. A mostra estivo aberta ata o 30 de novembro.

25 de novembro de 1997


Faleceu neste día D. José Ucha Brañas, que fora músico municipal, e actualmente estaba xubilado.

27 de novembro de 1997

Sobre os males que provoca o tabaco e Petición de man, foron as dúas obras de Chejov estreadas polo grupo de teatro Luzada na Aula Municipal de Cultura, dentro dos actos programados con motivo da celebración do XXIX Festival Santa Cecilia pola Coral Polifónica. As obras foron traducidas ó galego por Francisco Pillado Mayor, colaborando na escenificación o Concello de Betanzos.

28 de novembro de 1997

Nun Pleno do Concello celebrado neste día foi aprobado o orzamento para o ano 1998, alcanzándose os 1.008 millóns de pesetas. Na mesma sesión aprobáronse as novas Ordenanzas Fiscais, que presentan as novidades da supresión das taxas sobre «balcóns, miradores e terrazas», e «portadas, vitrinas e rótulos». Aprobouse así mesmo un descenso nas taxas sobre obras no casco histórico e unha nova ordenanza sobre contaminación acústica.



Novembro de 1997

A artista betanceira Verónica Dopico Cancela, foi galardoada pola Deputación de Pontevedra no Certame Novos Valores na modalidade de grabado. Este premio foi un importante incentivo para proseguir desenrolando as súas actividades artísticas. As nosas felicitacións.



1 de decembro de 1997

Dentro do Programa Galego de Detección Precoz do Cancro de Mama, realizouse na Aula Municipal de Cultura unha conferencia sobre este tema. O programa seguirá desenrolándose nos vindeiros meses coa realización de mamografías gratuítas a tódalas mulleres en idade de risco que o desexasen. Estes actos estiveron promovidos pola Consellería de Sanidade, Asociación Provincial e Local de Loita Contra o Cancro e o Concello.



2-11 de decembro de 1997

Cunha exposición no Edificio Arquivo de material cinematográfico, bibliografía e documentación, e coa proxección de varias películas e documentais no cine Alfonso, celebrouse o Centenario do Cine en Betanzos, organizado pola Asociación Cultural Eira Vella. Puidéronse ver películas relacionadas con Betanzos, tales como Nuestro culpable, protagonizada polo galán betanceiro Ricardo Núñez; La Casa de la Troya, con esceas rodadas en Betanzos no 1925; Un Viaje por Galicia, de 1929, e Contos de Alentraia, do cineasta betanceiro X.C. Soler. Eira Vella contou coa colaboración do Cine Alfonso, Filmoteca Nacional, C.G.A.I., Deputación Provincial e Concello de Betanzos para a realización destes actos.

9 de decembro de 1997

Tivo lugar no Edificio Arquivo a clausura da exposición itinerante de «Cen anos de arte na Deputación Provincial», onde se puido contemplar pintura e escultura de artistas que foron no seu día becados pola Deputación e que hoxe son referencia obrigada na historia da arte de Galicia. O,



acto que estivo presidido polo Alcalde en funcións, D. Antonio Lagares Pérez contou coa presenza do Vicepresidente da Deputación, D. Roberto González e o Delegado de Cultura, D. Francisco Díaz Pereira.



12 de decembro de 1997

Tivo lugar na Aula Municipal de Cultura a presentación do libro titulado O Cinematógrafo en Betanzos, realizado por D. Alfredo Erias Martínez, Arquivoiro-Bibliotecario do Concello de Betanzos, e D^a Rosario Sarmiento Escalona, Directora da Colección de Arte Caixa Galicia, editado pola Deputación Provincial. O acto estivo copresidido polo Alcalde, D. Manuel Lagares Pérez, e o Vicepresidente da Deputación Provincial, Sr. Mosquera. A presentación correu a cargo de D. Felipe-Senén López Gómez, Técnico de Xestión Cultural e Conservador das coleccións artísticas da Deputación da Coruña.

12 de decembro de 1997

Anunciouse na prensa deste día a organización dun concurso de ideas sobre a Feira de Betanzos, promovido polo Concello, cun premio de cen mil pesetas para a proposta máis axeitada.

13 de decembro de 1997

A partir deste día e ata o mes de xaneiro veuse celebrando o Programa de Festexos do Nadal, organizado pola Delegación Municipal de Cultura e Deportes, contando coa colaboración das



diferentes asociacións e colectivos da cidade. O programa editado foi ilustrado polo debuxo de Maira Rodríguez e Raquel Prado, alumnas do Colexio Sagrado Corazón, e gañadoras do concurso de carteis de Nadal organizado polo Concello.

15 de decembro de 1997

Inaugurouse no Edificio Arquivo unha exposición de plumillas e porcelanas do pintor Manuel Suárez de Concha.

16 de decembro de 1997

Faleceu neste día o funcionario municipal D. Luís Jaime López Crespo.


Decembro de 1997

O artista betanceiro Jesús Núñez donou á cidade douscentos grabados seus, que abarcan desde o ano 1950 ata a actualidade, polo que se recollen neles os distintos estilos e técnicas utilizadas ó longo da súa carreira. Por desexo seu, estas obras quedaron de momento expostas na antiga Casa Núñez, que na actualidade é sede da Fundación do Centro Internacional de Estampa Contemporánea.

1997

No Boletín Oficial do Ministerio de Defensa do 3 de xaneiro de 1997 recóllese a concesión á funcionaria do Concello de Betanzos D^a Leonor Sánchez Edreira, da Cruz do Mérito Militar, Naval ou Aeronáutico, con distintivo blanco, polos méritos e circunstancias que nela concorren, dentro das recompensas que o Ministerio concede ó persoal civil.





ESTE ANUARIO BRIGANTINO 1997
REMATOUSE DE IMPRENTAR
NO PRELO DE LUGAMI EN
BETANZOS O 1 DE
XULLO DE 1998